

Número 14 - Ano 2023

ACTA

da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de novembro de 2023

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e seis minutos do día 30 de novembro de 2023; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Auséntase da sesión durante o exame do asunto número 18/153 da orde do día don Antonio Ameijide Osorio, á que se reincorpora cando se está a tratar a declaración institucional.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 27 de novembro de 2023 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/136 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023.

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

2/137 EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 19-2023.

3/138 EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 20-2023.

4/139 EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 21-2023.

5/140 EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 22-2023.

PROPOSICIÓN

6/141 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 255/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE OS IMPOSTOS DA IGREXA CATÓLICA E AS SÚAS EMPRESAS (Exp. 2023/G004/000970).

7/142 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 269/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A REVISAR O DECRETO 222/2011 (Exp. 2023/G004/000994).

8/143 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 271/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURADORÍA EN RELACIÓN COA SÚA PROTECCIÓN SOCIAL (Exp. 2023/G004/000998).

9/144 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NÚMERO 273/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O CONVENIO COLECTIVO DA LIMPEZA DE LUGO (Exp. 2023/G004/000997).

10/145 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 287/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE MEDIDAS PARA A DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DA CIDADE E IMPULSE A MESA DE COMERCIO COMO CANLE DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E PROPOSTAS (Exp. 2023/G004/001010).

11/146 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 288/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CONSTITUÍR UNHA MESA DE TRABALLO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO SIL CO FIN DE RESTITUÍR A PONTE DA VÍA QUE UNE AS PARROQUIAS DE PEDREDA E RUBIÁS (Exp. 2023/G004/001011).

12/147 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 289/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA POÑER EN MARCHA UN PLAN INTEGRAL DE PROTECCIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA (Exp. 2023/G004/001012).

13/148 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 290/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A VALORAR O EDIFICIO SITO NA RONDA DA MURALLA 131 COMO SEDE DA COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL EN LUGO (Exp. 2023/G004/001013).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

TESOURERÍA

14/149 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2023.

15/150 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023.

INTERVENCIÓN

16/151 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023.

ACTAS E GOBERNO

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

17/152 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2023/G004/000999).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 278/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE IMPULSE UN PLAN DE CARREIRA PROFESIONAL PARA OS MÚSICOS DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 279/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO TRÁFICO RODADO NA PARTE SUPERIOR DO CARRIL DAS FLORES.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 280/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE GARANTICE A COBERTURA DAS PRAZAS DE CONSERXE DE FORMA INMEDIATA.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 281/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS COMPENSATORIAS PARA OS COMERCIANTES E PROFESIONAIS DO CENTRO HISTÓRICO, CON MOTIVO DAS OBRAS QUE SE ESTÁN A REALIZAR NA ZONA.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 282/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA MEMORIA-PROGRAMA PARA A DECLARACIÓN DA CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA NOS BARRIOS DE A MILAGROSA E FEIJOO.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 283/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A MATROA.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 284/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ELABORACIÓN DO DOCUMENTO REFUNDIDO DO PXOM.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 285/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA INCLUSIÓN DO CONCELLO DE LUGO NO PROXECTO ESTATAL VIOGÉN.

D) TRÁMITE DE URXENCIA

PROTOCOLO

18/153 PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS MEDALLAS DE OURO DA CIDADE ANO 2023.

E) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Aberto o acto, a alcaldesa presidenta, dona Lara Méndez López sinala: Moi bos días a todos e a todas. Imos dar comezo á sesión plenaria ordinaria do mes de novembro. E ademais facémolo estreando novo sistema de megafonía. Esperemos que non teñamos ningún percance coa nova tecnoloxía posta, pero, en todo caso, faise para mellorar tanto a nosa interlocución aquí no salón de plenos como a parte de streaming que poden ver nos seus fogares. E tamén, pois, para dar máis visibilidade a todos os participantes, así que damos comezo coa sesión plenaria...

Seduidamente e da súa orde, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/136 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023.

Vista a proposta da Secretaría, do 27 de novembro de 2023, do teor literal seguinte:

“O pasado día 28 de setembro de 2023, o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Da referida sesión levantouse a respectiva acta que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa Presidenta.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2023.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2023.

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ... Pasamos entón aos seguintes puntos de orde do pleno. Aquí comentar que por norma viñamos sempre debatendo os expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, a petición da portavoz do Partido Popular ímolo facer por separado. Así que imos con ese primeiro recoñecemento

2/137 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 19-2023.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 14 de novembro de 2023, do teor literal seguinte:

"RECIBOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SITUADA NA RÚA POETA AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO,6, PLANTA BAIXA, ADICADO A "CENTRO SOCIAL" DE PROPIEDAD MUNICIPAL
IMPORTE TOTAL ADEBEDADO: 958,80 €.

Remitidos por parte do servizo de Servizos Sociais recibos pendentes de cobro que foron enviados pola Administración de fincas da Comunidade de Propietarios da rúa Poeta Aquilino Iglesia Alvariño, 6, planta baixa, adicado a "Centro Social" de propiedade municipal dende marzo a decembro, ambos inclusive de 2020, e xaneiro, febreiro, setembro, outubro e novembro de 2021 (Rexistro de entrada do 07.08.2023 co número REGAGE23e00053703883), conformados polo Servizo de Benestar Social no seu informe do 28.09.2023 asinado pola xefa de

sección de Benestar Social María del Carmen Flores Ferreiro, coa conformidade da responsable da área xestora, Olga López Racamonde.

Constando no informe de Servizos sociais que: "... *Que non consta que as facturas correspondentes ao ano 2020 (81/03/2020, 81/04/2020, 81/05/2020, 81/06/2020, 81/07/2020, 81/08/2020, 81/09/2020, 81/10/2020, 81/11/20 e 81/12/2020 así como as facturas correspondentes ao ano 2021 (81/01/2021, 81/02/2021, 81/09/2021, 81/10/2021 e 81/11/2021 fosen recibidas e/ou pagadas e que a maioría delas correspóndense co período de alerta sanitaria, presupoñendo a boa fe de terceiro...*"

Procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como pola titular da concellería delegada de Área aos mencionados recibos,

Considerando igualmente a imputación orzamentaria con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento Xeral Municipal do exercicio 2023, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **958,80 €** nas respectivas aplicacións presupostarias relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sin minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais aos mencionados importes.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref.: 2023/1699, do 03.11.2023 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 19-2023, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **958,80 €**.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Local social do Concello de Lugo da rúa Poeta Aquilino Iglesia Alvariño, 6, planta baixa, adicado a "Centro Social" de propiedade municipal :

Recibos correspondentes a:

- ANO 2020: MARZO A DECEMBRO, AMBOS INCLUSIVE. TOTAL COTAS: 10*63,92=639,20.

- ANO 2021: XANEIRO, FEBREIRO, SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE. TOTAL COTAS: 5*63,92=319,60.

IMPORTE TOTAL ADEBEDADO: 958,80 €"

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, emitido na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito dos recibos relacionados e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **958,80 €**.

Local social do Concello de Lugo da rúa Poeta Aquilino Iglesia Alvariño, 6, planta baixa, adicado a "Centro Social" de propiedade municipal:

Recibos correspondentes a:

- ANO 2020: MARZO A DECEMBRO, AMBOS INCLUSIVE. TOTAL COTAS: 10*63,92=639,20.

- ANO 2021: XANEIRO, FEBREIRO, SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE. TOTAL COTAS: 5*63,92=319,60.

IMPORTE TOTAL ADEBEDADO: 958,80 €

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois para iniciar o debate, o portavoz do Goberno, o concelleiro de Economía.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Moitas grazas, alcaldesa. Bos días. Xa que, imos tratar os catros recoñecementos de forma individualizada e alomenos nas primeiras intervencións tratarei de ser escueto e referirme ao obxecto de cada un deles. O primeiro é o número 19 de 2023, que se corresponde cuns recibos da comunidade de propietarios da casa do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, no número 6, donde temos un local de titularidade municipal.

Neste primeiro recoñecemento elévanse ao Pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente 15 facturas por un importe global de 958,80 euros, que non foron imputadas nas correspondentes aplicacións presupostarias dos orzamentos entón vixentes, que eran os dos anos 2020 e 2021. Estes gastos están relacionados con servizos ordinarios. Non é máis que o pago de das cotas da comunidade de veciños e que son necesarias para o correcto funcionamento dos servizos municipais.

En todo caso, polo importe non supoñen ningún menoscabo sobre ningunha limitación á execución dos gastos do presuposto e non é máis que un trámite legal e normativo o proceder ao recoñecemento para poder ser aboadas con cargo de presupostos do ano actual.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Nada, sóbralle tempo, pero puxéramolo mal, porque esta primeira intervención son cinco minutos, que poremos agora. Ten agora a quenda a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias, alcaldesa. Buenos días a todas y a todos. A este Pleno nos traen cuatro reconocimientos extrajudiciales de crédito y sí, pedimos cuatro debates diferentes porque son cuatro reconocimientos diferentes. El primero, el reconocimiento extrajudicial 19/2023, contiene recibos de una comunidad de propietarios que llevan ustedes sin pagar desde el año 2020. El

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

20/2023 tiene dos facturas del Área de Cultura. El 21/2023 tiene 53 facturas en su mayoría de gas natural y el 22/2023 tiene las facturas del área de prensa. Son cuatro reconocimientos completamente diferentes que creemos que deben ser debatidos de manera individual.

Y sí, pedimos cuatro debates diferentes porque estamos un poco ya hartos de que se tomen esto a broma. Entonces, queremos que nos expliquen con luces y taquígrafos cada una de las facturas que ustedes tienen sin pagar. En el pleno de octubre, nos traían solo un reconocimiento extrajudicial. En ese momento, les dije que no sabía si eso era porque estaban haciendo las cosas bien o, por el contrario, que, en el siguiente, es decir, en este Pleno, nos encontraríamos con tres o cuatro reconocimientos extrajudiciales como de costumbre.

Bueno, pues ya tenemos la respuesta. Una vez más, cuatro reconocimientos extrajudiciales de crédito. Seguimos, como de costumbre. En el reconocimiento extrajudicial, decreto 19/2023, el que ahora se debate, incluye recibos del bajo de la Comunidad de Propietarios de Poeta Aquilino Iglesias Alvariño, en donde está ubicado el Centro Social de propiedad municipal, es decir, del Concello de Lugo. Bueno, pues el Concello de Lugo, a fecha de hoy, a 30 de noviembre de 2023, le debe a esa comunidad los recibos de marzo y diciembre del año 2020, que son 10 recibos, y 5 recibos del año 2021.

La verdad es que yo ya me quedo sin palabras. Deben ustedes a esta comunidad de propietarios 15 recibos desde el año 2020 y estamos finalizando el año 2023. Ser sinceros, ¿ustedes no se habían dado cuenta de que deben a la comunidad de propietarios de un centro social desde el año 2020? Porque bueno, no saben ni lo que deben. No tienen registro, siguen sin tener registro de lo que tienen pagado y de lo que tienen sin pagar. Además, es que esto, para mí, ya es como un déjà vu. Y no me refiero a la canción de Shakira ni tampoco a la película, aunque deber facturas del año 2020 a una comunidad de vecinos es como una película de ciencia ficción.

Me refiero a que yo esto ya lo vivido y, como hay compañeros que no estaban en ese momento, entre ellos usted, señor Permuy, voy a recordarlo. El año pasado, en junio, en junio del año 2022, denunciábamos que este bigobierno debía las cuotas de propietarios de alguno de los inmuebles, propiedad del Concello. Ustedes lo negaban, decían que no tenían constancia de eso e incluso nos llamaban mentirosos. La señora Racamonde incluso dijo públicamente en que estábamos retorciendo la verdad y que tratábamos de manipular a la sociedad, cuando desde el Grupo Municipal del Partido Popular denunciábamos estos impagos. Y un mes más tarde, sorpresa, en el pleno de julio del año 2022, nos traían reconocimientos extrajudiciales de crédito, porque Concello de Lugo le debía a una comunidad de propietarios 13 cuotas desde noviembre del año 2020 hasta noviembre del año 2021. Y no solo eso, sino que en ese mismo pleno había otro reconocimiento que

contenía las cuotas de otra comunidad que también tenían sin pagar, de diciembre del año 2020 hasta noviembre del año 2021.

Vale, ahora, un año y cuatro meses después, pues seguimos en el mismo punto. Y no, no me vale que la comunidad no haya registrado la factura. ¿Y sabe por qué no me vale, señor Permuy? Porque ustedes pueden requerir a las comunidades para que les mande los recibos. En el pleno de julio del año 2022, del que le acabo de hablar, voy a leer textualmente lo que dijo su compañera, la señora Alvarellos: "Quero dicirle que aquí non só ían cotas comunitarias, o que vostedes denunciaban, senón tamén determinadas derramas. Esas aínda non entraron. Fixemos o requerimento. Vistos os anuncios e as denuncias fixemos o requerimento ás comunidades de propietarios para dicirlles que non tiñamos constancia do que nos puxeran". Eso lo dijo su compañera, la señora Alvarellos, no lo dije yo. Dijo que habían requerido a la comunidad para que les enviase las cuotas que ustedes debían. Entonces, ustedes pueden hacerlo, pueden requerir a las comunidades para que les envíen los recibos. ¿O es que solo los van a requerir si lo denunciarnos públicamente desde el grupo municipal del Partido Popular?

¿Es necesario que lleguemos a eso? ¿Es necesario que cojamos el inventario de bienes municipales para ver qué propiedades tiene el Concello y que nos pongamos en contacto uno por uno para ver si ustedes pagan los recibos o no? Que yo no estoy diciendo que paguen las comunidades sin recibir las facturas. No estoy diciendo eso, sin que se apruebe por el servicio, o que se presione a los trabajadores. Nunca dije eso y nunca lo diré. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, pois por parte do Goberno, señor Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** No seu momento, requiriuse á comunidade de veciños para que enviasen eses recibos. A primeira notificación que se recibe da comunidade de veciños é do mes de agosto deste ano, no que nos mandan unha relación de recibos, preguntando e dicindo a débeda que pensan eles que temos, e que non era así. Non eran tampouco así. Había recibos que estaban incluídos nesa relación, que xa estaban pagados, e quedaban por pagar os recibos dende marzo de 2020 ata final de ano e as súas primeiras facturas ata o mes de abril de 2021. Feita a comprobación no rexistro do Concello, obsérvase que non as presentaran. Comunícaselles por escrito que eses recibos non foran recibidos. Fan as súas comprobacións, remiten os recibos a este Concello e nese momento, tras comprobar que, evidentemente, eran os que correspondían aos recibos que non se

aboaran, pois tráense a este recoñecemento extraordinario para proceder ao pagamento.

É dicir, hai que pensar que movemos 5.000-6.000 facturas ao ano, falamos de 50 millóns. Quéreme dicir vostede que é obriga do Concello chamar un por un a todos os provedores para que remitan as facturas pendentes? Facémolo cando podemos, e hai outras facturas que se quedan sen presentar. Evidentemente, a maquinaria do pagamento mentres a factura non entra no rexistro do Concello non se pode iniciar, iso é o que sucedeu con estas facturas. Paréceme moi ben, pero seguiremos con algunhas. Pero penso que estar a falar e dedicarlle vinte minutos do pleno a falar dunhas facturas de novecentos euros que non teñen ningún problema, que dende o momento en que se presentan no mes de agosto, iníciase o procedemento de comprobación para facer o pagamento e uns meses despois témolas para pagar. Evidentemente, teñen que vir a pleno porque corresponden a exercicios anteriores. Pois, mentres as facturas non estean no Concello, non se vai iniciar o procedemento de pagamento, evidentemente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois segunda quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Ahora, Señor Permuy, a lo mejor para usted 900 euros no son importantes, pero créanme que para mucha gente, y para muchas familias, sí lo son. Y tiene que darse cuenta de que no es aceptable que estemos a 29 de noviembre del año 2023 y que tengan sin pagar recibos de marzo del 2020. Hagan un registro de las facturas que tienen sin pagar, no todas las que reciben, que algunas las pagan, las que tienen sin pagar. Sí que es verdad que el 7 de agosto del 2023, hace casi cuatro meses, el presidente de la Comunidad de Propietarios solicitó la regularización de las cuotas. Y el 28 de septiembre, el Servicio de Bienestar emitió un informe, firmado por la jefa de sección y con el visto bueno de la responsable de la gestora, la señora Racamonde, que conformaba las facturas. Pero de esto hace ya dos meses y repito, si tienen tres años sin pagar unas facturas, pues den la máxima prioridad. Si la recibieron el 7 de agosto, no tarden cuatro meses más en pagarlas. Ustedes tienen que tomar decisiones, no pueden estar sistemáticamente provocando el empobrecimiento de las comunidades de propietarios.

Y ya le hago una pregunta, ¿han pagado ustedes esas facturas de la comunidad de este año 2023? Porque ya está acabando el año. Y también le pregunto, ¿qué van a hacer para solucionar esto? Porque yo no veo que esta situación tenga ni la más mínima intención de reconducirse. Y yo les repetiré una, cinco y 50 veces que se

preocupen de saber lo que deben y que traten de facilitar el cobro a los que prestan sus servicios. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois última quenda para o portavoz do Goberno.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** A responsabilidade é do administrador da comunidade, que pasou practicamente dous anos sen emitir os recibos. Non sei se por olvido, por erro, ou peor aínda, polo cambio na administración da finca. Evidentemente, a administración se non ten as facturas non pode iniciar o trámite. E para nós son importantes, igual para a comunidade de veciños ese importe non era importante, porque tardaron preto de ano e medio en reclamálo e despois de emitir os correspondentes recibos. Creo que tampouco estamos nun prazo tan desmedido despois de facer o control, porque ademais nesta nosa reclamación veñen facturas ou recibos que xa estaban aboados. Non creo que estemos nun prazo tan desmedido como para facer o trámite.

De todos modos, máis adiante falaremos noutros coñecementos de máis información sobre como funciona isto, que parece que non o teñen moi claro. Non o teñen moi claro, incluso algunha das persoas que está aquí, que toma responsabilidades nalgún Concello, que tamén facían recoñecementos extraxudiciais de crédito.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Nada, recordar que aquí somos un concello, non somos un administrador de fincas. Procedemos entón a votar o punto.

**3/138 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
NÚMERO 20-2023.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 15 de novembro de 2023, do teor literal seguinte:

“IMPORTE FACTURAS: 896,10 €

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 740,58 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 155,52 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 00,00 €
IMPORTE TOTAL: 896,10 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2023: 896,10 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **896,10 €**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas da Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no orzamento corporativo para o exercicio 2023, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **896,10€, contía imputable ao orzamento**, nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade outorgada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Visto ademais o Decreto 9519/2023 do 26 de outubro de 2023 polo que se levanta a discrepancia formulada polo informe de fiscalización Ref. 2022/1566 do 10 de outubro de 2023 ao non constar procedemento de contratación axeitado, que serva de soporte documental ás facturas electrónicas anteriormente sinaladas, tendo en conta que exceden dos límites cuantitativos e/ou natureza xurídica sinalados na lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público para a súa consideración como contrato menor, con vulneración respecto dos servizos devengados dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade,

manténdose a prestación do servizo sen cobertura documental de contrato en vigor, e sen prexuízo da necesaria adecuación técnica e/ou económica das novas necesidades e, en calquera caso, con esixencia de incoación dos correspondentes expedientes de licitación coa finalidade de outorgarles cobertura xurídica ás prestacións.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2023/1793, do 15.11.2023 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos **20-2023**, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **896,10 €**.

COD	PROVEEDOR	Nº_FACT	DATA_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	OPERACIÓN	BASE	IVE	TOTAL	ÁREA
97004	FIGUEROA*MARTINEZ, ROBERTO 52938298A	829	1/9/2022	1 DEMOSTRACION DE TALLA EN MAD EIRA. EXENTO DE IRPF POR TIPO DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL (ADX UNTASE CERTIFICADO DE FACENDA)	33000.22699	44468/23	330,58	69,42	400	CULTUR
R44594/22	JORQUERA*CASELAS, FELIX 32770955A	189/2022	13/10/2022	banner central san froilan	33801.22602	36980/23	410	86,1	496,1	CULTUR
							740,58	155,52	896,1"	

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA E SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, emitido na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2023.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **896,10 €**.

COD	PROVEEDOR	Nº_FACT	DATA_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	OPERACIÓN	BASE	IVE	TOTAL	ÁREA
97004	FIGUEROA*MARTINEZ, ROBERTO 52938298A	829	1/9/2022	1 DEMOSTRACION DE TALLA EN MAD EIRA. EXENTO DE IRPF POR TIPO DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL (ADX UNTASE CERTIFICADO DE FACENDA)	33000.22699	44468/23	330,58	69,42	400	CULTUR
R44594/22	JORQUERA*CASELAS, FELIX 32770955A	189/2022	13/10/2022	banner central san froilan	33801.22602	36980/23	410	86,1	496,1	CULTUR
							740,58	155,52	896,10	

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Ben, pois novamente o portavoz do Goberno, o concelleiro de Economía, ten a quenda de palabra.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Do segundo recoñecemento tamén, evidentemente, a cantidade son 896,10 euros. Son só dúas facturas correspondentes ao San Froilán do 2022, que é certo, nós non temos problemas en recoñecer que, no volume de factura que temos, algunhas pódennos quedar atrasadas, ben porque se presentan con retraso, ben porque os trámites se alongan, ou ben, como digo, porque pode ser un erro. Un erro noso, que podemos asumir.

Neste caso, son dúas facturas de setembro e outubro de 2022 que non foron pagadas dentro do exercicio e que agora, facendo revisións, porque nos si que revisamos a documentación e os expedientes en que temos facturas pendentes de pago e van aparecendo. Terrible erro, dúas facturas por importe, repito, de 896,10 euros que estaban sen pagar e que se traen para un recoñecemento extraxudicial evidentemente para evitar o prexuízo de deixalas sen pagar a quen lle corresponde efectuar os servizos que prestou en tempo e forma. Existe neste expediente, como xa me vai recordar despois, xa llo digo eu, que existe un informe de discrepancia da intervención, dicindo que estas facturas non están soportadas por ningún contrato menor en vigor.

Pois é certo que foron dúas compras que se fixeron de xeito directo, uns importes que creo que non son nada extraordinario e que precisamente para non prexudicar a esas dúas empresas que fixeron o servizo, fíxose un decreto de levantamento do reparo con data 20 de outubro deste ano.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Pois quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias, alcaldesa. El reconocimiento extrajudicial de crédito 20/2023, como bien decía, incluye dos facturas del año 2022, que por cierto son facturas que creo que ustedes incluyen en este reconocimiento, y creo que también las incluyen en el siguiente, si no me equivoco. Si quiere, compruébelo... ah, vale, bueno... pues vale... Pues la comprobación es tal que ni se dieron cuenta de eso, pero bueno, eso lo hablaré en el siguiente reconocimiento, que son de ustedes las duplican. Volviendo a las facturas, una de ellas es del 1 de septiembre del año 2022 y la otra, el 13 de octubre del año 2022. Son dos facturas de dos autónomos que prestaron sus servicios para este Concello hace más de un año y que a día de hoy siguen sin cobrarlas. Siguen ustedes erre que erre, que la culpa es de las empresas que no registran las facturas en plazo. Yo insisto, para mí no hay justificación en que una empresa, una entidad, un autónomo, una asociación y demás esté más de un año para cobrar una factura. Los trabajadores y trabajadoras quieren cobrar sus servicios en tiempo y forma, no quieren esperar más de un año para cobrar una factura. Haciendo esto, teniéndoles más de un año, se ha demostrado lo que les importa. Esta es una muestra evidente de la gran preocupación que muestra este gobierno por las empresas, entidades, asociaciones y demás. No se dan cuenta de que, si no les pagan, les ahogan, da igual el importe. No se dan cuenta de que no pueden estar haciendo frente a gastos mientras esperan un año y otro año que ustedes decidan si les pagan o no les pagan.

Y bueno, no es menos curioso que las dos facturas pertenecen al área de Cultura, algo que ya viene siendo recurrente en el de pleno, señor Arroxó, porque usted también está ahí sentado con sus concejales del Área de Cultura.

Y el refranero popular, que es muy didáctico, tiene un refrán que dice "Se queres coñecer a Manoliño, dálle un carghiño". Entiende por dónde voy, ¿no? Usted, cuando estaba en la oposición, criticaba los reconocimientos tras judiciales y ahora que está ahí sentado, no solo avala sino que además aprueba las facturas de sus concejalías con reparos de legalidad. Aprueba este modus operandi de pagar un año tarde, mal y arrastro. Y no solo es que las avale, no solo es que las aprueben, sino que además son los que más reparos de legalidad presentan. Este empleo son los que más están gastando en este Concello. Se ve que desde que están ahí ustedes sentados, pues que cambiaron de opinión.

Bueno, señor Permuy, vuelvo con usted. ¿Qué va a hacer para solucionar esto? Su está advirtiendo el interventor en sus informes. Tienen que leer sus informes y hacerle caso. Vemos mes tras mes, tras mes, reparos de legalidad con informes

similares de intervención para advertirles de sus irregularidades. Yo no sé por qué no hacen caso a los informes del interventor. Les están suspendiendo la tramitación de este expediente por omisión de los requisitos o trámites esenciales. No consta el procedimiento de contratación, como usted decía, el grupo municipal del Partido Popular. Pero es una vez más, el interventor del Concello de Lugo. Hagan las cosas como las tienen que hacer porque sino, después nos encontramos con problemas como el que nos encontramos en este San Froilán, que las empresas no se presentan a sus licitaciones. No presentan ofertas a sus contratos. Recordemos que tuvieron problema con el contrato más importante, con el contrato de la organización, producción y suministro del equipamiento para sus actuaciones musicales y el de las carpas, que no se presentó nadie a tres de los cuatro lotes. A cuatro días no sabíamos quién iba a organizar la logística de los conciertos, quién se iba a encargar de la producción de los conciertos y del montaje de las carpas, A cuatro días del San Froilán tenían sin contratar la logística de los conciertos que se iban a llevar a cabo en la Plaza...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Mira, perdón. Na Xunta de Portavoces tamén falamos que había que centrarse no fondo das facturas que estamos debatindo. Non estamos falando do San Froilán. Poden traer unha proposta se queren falar do San Froilán. Isto trasladouse na Xunta de Portavoces cando falamos de facer o debate por separado, que era para centrarse e falar exclusivamente das facturas que estabamos tratando... (voces de fondo) ...Pero non estamos falando do San Froilán de 2022 nin do San Froilán do 2023. Grazas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Sí, pero yo le hablo de eso porque estamos pagando facturas del año pasado, de octubre, del San Froilán.

Señora Méndez, no se ponga nerviosa. Si no le gusta lo que estoy diciendo, que son cosas que ustedes hacen, non las hagan. A mí es que me sorprende que no me deje hablar. Cada uno aquí dice lo que quiere y yo aquí tengo que hablar de los que usted quiera... Sí, y en el último pleno usted habló de una amiga suya y aquí no estábamos debatiendo de si a su amiga le habían cambiado o no le habían cambiado el baño.

Esto no es una dictadura, señora Méndez...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Mire, señora Carballas. Ou fala do asunto ou... Pois último minuto de quenda para o grupo do goberno. Un minuto.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Voume dirixir directamente á señora Carballas. Eu falo dos temas segundo a orde do día e falo desas dúas facturas. Nos seguintes recoñecementos falaremos de que aparecen estas dúas outras...

Si, si, non se preocupe, non nos avisou vostede de que estaban duplicadas. Xa o sabemos, xa está falando coa intervención de que esas facturas estaban duplicadas, que era un erro, e ademais volveu dicir despois todos os datos, que os teño aquí, non tiven que miralos agora a ver se era certo o que se me di.

Non necesitamos da vosa axuda para que nos pretendan dicir o que temos que facer.

Repito, son dúas facturas do ano 2022. Xa lle dixen que se ía incluír nun procedemento extraxudicial anterior e que, cando se revisaron as facturas, non tiñan a sinatura do servizo correspondente e non se puideron meter, e por iso se traen de forma individualizada.

Se quere despois falamos dos mecanismos de control e, non se preocupe, nós non pagamos facturas duplicadas e sabemos facer o noso traballo, non fai falta...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois procedemos a votar.

**4/139 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
NÚMERO 21-2023.**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 21 de novembro de 2023, do teor literal seguinte:

**“IMPORTE TOTAL: 260.020€
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURA: 214.943,79€
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 45.076,21€
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0,00 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2023: 260.020€**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos servizos municipais ao departamento de Contabilidade municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **260.020 €**

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas da Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no orzamento corporativo para o exercicio 2023, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **260.020€**, **contía imputable ao orzamento**, nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade outorgada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Visto ademais o Decreto 10338/2023 do 20 de novembro de 2023 polo que se levanta a discrepancia formulada polo informe de fiscalización Ref. 2022/1851 do 21 de novembro de 2023 ao non constar procedemento de contratación axeitado, que serva de soporte documental ás facturas electrónicas anteriormente sinaladas, tendo en conta que exceden dos límites cuantitativos e/ou natureza xurídica sinalados na lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público para a súa consideración como contrato menor, con vulneración respecto dos servizos devengados dos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, manténdose a prestación do servizo sen cobertura documental de contrato en vigor, e sen prexuízo da necesaria adecuación técnica e/ou económica das novas necesidades e, en calquera caso, con esixencia de incoación dos correspondentes expedientes de licitación coa finalidade de outorgarlles cobertura xurídica ás prestacións.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref. 2023/1789, do 14.11.2023 relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de créditos 21-2023, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **260.020 €**.

COD.	PROVEEDOR	Nº_FACT	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN	Nº_OPER	IMP BASE	IVE NON DED	TOTAL	ÁREA
90753	GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332	FE22137001287423	23/1/22	Termo fixo 16/11/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/22 - 1 7/01/22-Consumo gas 16/11/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01	93301.22102	202300038405	47,5	9,98	57,48	ILUM
96922	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	000318	20/12/22	RECTIFICATIVA P22/010740, DE 3 0/11/2022, IMPORTE Y DESGLOSE; NOV-12, 13; La Voz de Galicia ; Lugo; Pagina par; 5x10 MOD;	91201.22699	202300059164	2.000,00	420,00	2.420,00	PRENSA
							3.537,50	742,88	4.280,38	

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois quenda para o portavoz do Goberno, cinco minutos.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** O cuarto recoñecemento que vén a este pleno, que é o número 22 consta de dúas facturas por un importe global de 4280,31 euros, que corresponden a dúas facturas de finais de decembro do 2022. Unha precisamente o día 19 e outra do día 20, que, evidentemente, veñen neste recoñecemento. Poderían ter vido nalgún anterior. Pero nalgún tiñan que vir porque era imposible o pago dentro do exercicio de 2022.

Iso seguro. E seguro que como coñece tamén a forma de funcionar da administración sabe que dun xeito ou doutro ían ter que ser incluídos nun recoñecemento extraxudicial.

Outra cousa, e repito, non teño problema en recoñecer que nos servizos, co volume de facturas que se moven, algunhas pódense retrasar e alongar o procedemento máis do que sería desexable. Non teño o problema para recoñecelo.

Pero o que está claro é que as facturas hai que pagalas. Este recoñecemento... Estas facturas deberíanse ter incluído nunha anterior. Non o foron e facendo as revisións que, como lles dixen antes, estamos a facer, pois temos que aboar e por iso se inclúen neste recoñecemento número 22.

Son dous gastos de actividades de promoción do Concello de Lugo e que, como digo, son de finais de decembro de 2022 e que quedaron ata o momento de poder formalizar este recoñecemento sen aboar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Sí, este reconocimiento extrajudicial 22/2023 tiene dos facturas del área de prensa y ¿de qué fecha? Sí, de diciembre del año 2022, de hace un año. Sorpresa. Una de las facturas es relativa a la participación ciudadana, eh, aquí en Lugo, de dos azafatas o azafatos con

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

uniforme, tres días a jornada completa. Y la verdad es que lo suyo con los fondos europeos es un desastre. La verdad, fíjense que hasta lo que pensábamos que se les daba bien, ni siquiera son capaces de hacer es propaganda. Propaganda de lo que decían que iban a conseguir y que no consiguieron, porque ustedes dijeron a bombo y platillo que iban a conseguir fondos para San Fernando, Miño Rato...

Poco menos que para poner asfalto de oro por toda la ciudad, para regalar una entrada de Las Caldas a cada lucense y hasta, bueno, pues para hacer una chocolatada en Torrecilla en Semana Santa, pero por lo que sea, el dinero no acaba de llegar. Y miren, que trajeron ministros a pasear por toda la ciudad, adelanto que me imagino que dentro de un año traerán reconocimientos extrajudiciales con las facturas de los hoteles donde durmieron.

Pero bueno, al final, ¿qué vemos aquí? Dos facturas de publicidad que tienen sin pagar, es decir, que ni consiguen los fondos, ni pagan los anuncios. Que cada uno tome sus decisiones, si al área de prensa le parece bien gastarse 4280,38 euros en publicitar fondos europeos que después no consiguen, pues lo que la verdad es que a nosotros nos parecería bien, lo que al grupo municipal del Partido Popular le parecería bien, sería que pagasen en tiempo y forma, hace un año. Porque una cosa es que no consigan algo nuevo de Europa para hacer todos los proyectos que ustedes anunciaron y otra cosa, y aún peor, es que encima no paguen ni la publicidad de todos sus proyectos que no llevarán a cabo. Además, es que ustedes solo pagan en plazo el 53,70% de todas las facturas, con lo cual están pagando fuera de plazo el 46,30%, el 44,50% del importe total de lo pagado, lo hacen fuera de plazo. Y del total de las facturas, apenas pagan la mitad en plazo, un 55,50% del total. Entonces, seguimos viendo lo mismo: deficiente y lenta gestión interna en la tramitación administrativa de las facturas.

Yo insisto, Señor Permuy, póngale remedio y recuerde que tiene que tratar de controlar el gasto, porque están en deriva financiera, porque ustedes no paran de aumentar el gasto corriente. ¿Han empezado a aplicar algunas de las 19 medidas del plan de acción y de las 13 advertencias de control financiero que se le hacía desde el informe de intervención en la Cuenta General? Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois segunda quenda para o portavoz municipal.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** É moi repetitiva. É vostede moi moi repetitiva. Xa llo dixen nalgún pleno anterior que xa se implementaran algunhas das medidas para reducir os prazos de tramitación e de control sobre as facturas. Os

primeiros que lemos os informes da intervención e as nosas análises propias somos nós. Desde logo, non porque vostede nolo vai dicir. Xa llo dixen máis veces.

Sempre pretende deixar que este Concello é moroso. Agora resulta que xa estamos en deriva financeira.

Pois mire, a este pleno vén o informe de morosidade do terceiro trimestre. Nel, entre outras cousas, tamén di, tamén di que o prazo medio de pago neste Concello, que está moi por debaixo do que di a norma, en 10,22 días. O prazo son 30 días. Iso quere dicir que os trámites de pago... Non estamos desde logo nun concello moroso e en ningún tipo de de deriva como vostede di. Por certo, non vou dicir os nomes doutros concellos, pero algún concello, non é que alguén aquí tivo responsabilidade, pode mirar cal é ese prazo medio de pago.

Se quere dígollo despois, pero desde logo que está bastante por riba deste.

É dicir, este non é un concello moroso e os datos o din. A morosidade da administración deste concello, que entre a data de rexistro da factura e a data de pago está bastante por debaixo da media de todas de todos os Concellos de España. Dende logo, esa media sobrepasa bastante os oitenta días e nós estamos bastante por debaixo diso.

Non me vai ter que dicir que nos comprometemos cos nosos empresarios e cos cidadáns de Lugo para axudarlles a levar adiante os seus proxectos. Xa traballamos con eles. Xa facemos todo o que podemos para investir na nosa cidade, sempre cumprindo a normativa e a lexislación, se poda facer con empresas de aquí e tratamos de pagar dentro duns prazos lóxicos.

Tamén dependendo do tipo de de servizos que se prestan, os prazos de control das facturas son diferentes. Neste caso, evidentemente que hai un un período longo de tempo... Xa lle dixen antes que non teño problema en reconecer esas cousas, pero o que non van facer as facturas é quedar sen pagarse. O que estamos a facer, xa que me dicía se estamos implementando algunha desas medidas que di a intervención son simplificar os nosos procedemento e coordinar os diferentes servizos implicados...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Finalizou o seu tempo. Moitas grazas e quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Si, señor Permuy. Yo soy repetitiva y lo seguiré siendo porque no veo que aquí las cosas cambien. Y es curioso, porque usted habla del informe de morosidad, que yo el informe de morosidad no lo veo incluido aquí en estas dos facturas. Y sin embargo a usted no le cortan el micrófono, no le paran la intervención. Esto es muy curioso. Pero bueno, yo en mis intervenciones pues le seguiré hablando de las facturas y de su contenido.

Y también del porqué queríamos cada reconocimiento por separado. Porque teníamos derecho a ello y seguramente ahora cuando termine su intervención pasará lo de siempre, que la señora alcaldesa tendrá que puntualizar, corregir, enmendar, todo lo que aquí se dice.

Bueno, entiendo que eso debe ser incómodo, que cuando acaban sus intervenciones es ya cuando ustedes terminan de debatir, ella corrija o aclare lo que han dicho sus concejales o lo que crea que dejaron ustedes sin decir.

Seguramente hará puntualizaciones o me volverá a llamar la atención. Claro, yo ahí ya no tengo derecho a réplica entonces, bueno, nosotros pedimos las intervenciones por separado y lo volveremos a hacer. En ocasiones intervendremos cinco minutos, en otras, tres, en otra un minuto.

Además es que, insisto, nosotros queremos que nos expliquen todas y cada una de las facturas que ustedes están pagando mediante reparos. No pueden hacer un totum revolutum de las facturas porque después pasa lo que hemos visto en este pleno, que si las mezclamos puede que dupliquen las facturas como pasó en los reconocimientos número 21 y número 22.

Entonces, esto son facturas diferentes, pagadas y registradas en un momento diferente, creo que no debemos compararnos ni con otras administraciones ni con otros concellos. Aquí lo que tenemos que hacer es ser ejemplares, tratar de mejorar año tras año y no compararnos ni hablar de otras personas que tuvieron responsabilidades en otros sitios. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas gracias. Pois última quenda para a portavoz do Goberno.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Iso é para contestar. Vostede está falando dos prazos de pago deste concello. Estoulle dicindo que no informe do que falo só me estou referindo en prazos medios de pago. Creo que non me estou saíndo do guión.

E poden, evidentemente, no seu dereito está, claro, traer os recoñecementos extraxudiciais en calquera outro tema, seguindo as normas do Concello do xeito que estimen oportuno, e terán as respostas que deberían ter.

Por certo, igual que outras moitas veces que solicitan información, vostede pode solicitar información. Non se lle vai... Creo que non se lle negou nunca nin se lle vai negar se quere collela. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois non o tiña pensado nestes puntos, normalmente nunca adoito intervir, pero a verdade é que neste caso o vou facer e o vou facer en primeiro lugar para dicirlle que o fago porque teño a potestade e o dereito a facelo, e polo tanto non me pode vostede nin privar nin coaccionar a que non exerza o meu dereito como alcaldesa e presidenta desta desta sesión plenaria.

Vostedes poden dicir o que queiran, que se corrixo, que se matizo... Evidentemente os concelleiros, atendendo aos puntos en cuestión céntranse neses puntos e como moitas veces falan doutras cuestións, como o caso pois neste tema de fondos europeos. É certo que con certa vinculación, por iso a deixei, pero pódolle eu tamén matizar o mesmo. Este concello leva conquerido nestes oito anos e 44,5 millóns de euros de fondos europeos en todos e cada un dos seus programas cunha execución do 100% dos mesmos.

Isto non o poden dicir nin todos os concellos nin todos os alcaldes e alcaldesas que xestionaron fondos.

Creo que tamén é algo significativo de por que levan vintecatro anos na oposición e camiño dos 28, ao mellor é por afirmacións deste tipo, como o tema da publicidade, porque non sei se sabe que a publicidade responde á obriga da propia Unión Europea. Que hai que publicitar e dar a coñecer as accións. É como obriga ademais, non é unha cuestión que se poida decidir ou non.

E polo tanto, ao mellor ese descoñecemento na xestión dos fondos europeos pois fai que falen así tan alegremente e arbitrariamente. E dito esto evidentemente, como xa se lle explicou moi ben, pero como parece que non lle quedou claro, pois vólvollo repetir.

Con respecto aos reconecementos extraxudiciais de crédito, non se pode pagar se non se rexistra a factura, unha vez que se rexistra hai que validala. E, evidentemente, non imos pagar nada que non estea validado. Se a factura é do ano 22, pero se rexistra no ano 23, non podemos pagala no ano 22. Se non está no ano

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

correspondente ante o peche do exercicio orzamentario, non queda outra que vir a pleno.

Entón, nós cumprindo a lei e ademais coa obriga de pagar aos que sirven ou prestan algún servizo ao Concello, pois traémolos a pleno aquí, en Roma, en París, en Mondonhede, en Madrid e en todos e cada un dos concellos, que se vén facendo como norma.

Porque non sei se o problema é que veñen a todos os plenos. Fagan unha proposta, fagan unha proposta dicindo: todas aquelas que estean fóra de ano, pagaranse ao final de ano para conquistar xuntalas todas e así só traer un recoñecemento extraxudicial de crédito a un pleno e o resto dos plenos non ter recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Pero eu xa lle digo que lle imos votar que non se o trae. E por que? Porque se a factura entra en febreiro e podémola pagar en xullo, non esperamos ata decembro. Se entra en marzo e podémola pagar en maio, non imos esperar ata decembro e se entra en agosto e podémola pagar en outubro, non imos esperar a decembro.

Por que? Precisamente para que aquel que ten que percibir esa retribución, non teña que estar esperando tanto tempo para facelo.

E se temos que traer recoñecementos extraxudiciais de crédito desde xaneiro ata decembro, xa llo digo que os imos traer, porque non pensamos en que se vostede ven aquí a buscar os seus cinco minutos de gloria, agora vinte, pois non imos pensar niso, imos pensar na finalidade da mesma, que é que os provedores e os que prestan servizos poidan cobrar canto antes, cumprindo coa legalidade, que é o que nos rixe, como sabemos e queremos ademais traballar.

Imos proceder a votar o expediente.

PROPOSICIÓN

6/141 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 255/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE OS IMPOSTOS DA IGREXA CATÓLICA E AS SÚAS EMPRESAS (Exp. 2023/G004/000970).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Exposición de Motivos:

Segundo os datos proporcionados pola Igrexa católica, no exercicio 2021 a diocese de Lugo ingresou 9.031.897,84€. A aportación tributaria, a través do Fondo Común Interdiocesano, ascendeu a 3,68 millóns, mentres que os ingresos por aluguer de inmobles e actividades económicas e financeiras supuxo un total de 1,3 millóns, deixando a aportación das e dos fieis en tan só 2,03 millóns de euros. A actual lei de mecenazgo permite á Igrexa evitar o pagamento de impostos polos negocios empresariais que posúe na cidade de Lugo, e que están en competencia directa con outras iniciativas empresariais que teñen a obriga de tributar. O IBI non se aplica á Igrexa Católica por un acordo establecido entre o estado español e o estado vaticano, no ano 1979, o que exime de pagamento aos edificios adicados ao culto, residencia do clero, seminarios, etc, chegando a acumular en total 72 propiedades no Concello de Lugo polas que non se tributa.

Mentres a Igrexa recibe millóns de euros procedentes do diñeiro público, evita o pago de impostos como o IBI, un imposto polo que o Concello de Lugo podería ingresar máis de 200.000 € só por un dos edificios da Igrexa de Lugo. Esta é unha situación clara de competencia desleal entre a Igrexa Católica e o resto de empresas da cidade, que teñen que competir en prezos cunha institución que non paga determinados impostos.

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal o seguinte ACORDO:

Instar ao Goberno do Estado a revisar os acordos co Vaticano e modificar a lexislación que evita que a igrexa católica e as súas empresas paguen impostos como o IBI ou o IAE.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Instar ao Goberno do Estado a revisar os acordos co Vaticano e modificar a lexislación que evita que a igrexa católica e as súas empresas paguen impostos como o IBI ou o IAE.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Ben, pois iniciamos o debate co grupo propoñente, señor Arroxó, cinco minutos.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Pois moi bo día a todas e todos. Ben, o debate que traemos aquí é algo sabido, non é algo novo, pero non por iso deixa de ser unha inxustiza social.

Antes de nada sí que me gustaría mencionar que o que se vai debatir aquí e só ao respecto das propiedades que xeran algún tipo de beneficio económico. Non estamos a falar dos edificios de culto que iso requiriría un debate diferente.

Como ben sabedes supoño, o Estado Español ten un acordo co Vaticano do ano 1979, que exime á Igrexa Católica de pagar o IBI. Agora mesmo a Igrexa Católica declara no ano 2021 que ten 72 propiedades en Lugo, 72 propiedades coas que pode ter calquera tipo de beneficio económico. Estamos a falar dende vivendas, pero estamos a falar doutro tipo de elementos patrimoniais. Existe un en concreto, que é bastante coñecido en Lugo, como é un famoso aparcadoiro no que hai estimacións que falan de que incluso podería ter que abonar 200.000 euros de IBI, algo que, efectivamente, non está a facer.

Isto dende logo é unha auténtica competencia desleal con calquera outro empresario, con calquera outra empresa que estea a levar un negocio semellante. Isto, ademais é curioso porque non é algo que deberíamos estar defendendo neste pleno. Deberían defendelo precisamente aqueles e aquelas que se consideran liberais no económico e que ante unha situación coma esta deberían ver que é auténticamente inxusto que haxa empresas de primeira e que haxa empresas de segunda, en función de se son parte da Igrexa Católica ou se non o son.

Pero non só estamos a falar do IBI, senón tamén do IAE, o cal a propia lei de mecenazgo permite que a dita institución evadir. Polo tanto estamos a ver que ten aínda pois máis beneficios fiscais con outro imposto.

Estamos a falar ademais de que son grandes recursos que a administración pública perde cada ano, grandes recursos cos que a administración pública podería destinar a todos os seus servizos que ten que ofrecer á veciñanza. E que por unha situación de total inxustiza, non se están a percibir.

Estamos a falar, como dicía antes, que mentres calquera empresario ou calquera empresaria da nosa cidade ou de calquera concello do Estado Español está a pagar relixiosamente os seus impostos, pois a Igrexa Católica non o está a facer. Non o está a facer coas súas empresas ou co seu patrimonio.

E iso, dende logo, pois deixa de facer que todos os cidadáns sexamos iguais ante a lei.

Dado que se inicia ademais neste momento unha nova lexislatura no Estado Español cremos que é o momento dun debate que leva xa moitos anos sobre a mesa e que se debe reabrir, e por iso no día de hoxe propoñemos levalo, levar esta iniciativa ao Goberno de Estado, para que se poida abrir de novo este debate e para que esperemos que máis cedo que tarde, pois, como dicía antes, todos os cidadáns, independentemente da relixión que procesen, e sendo totalmente respectuosos coa relixión que procesen, pois teñan que pagar os seus impostos polos beneficios económicos que teñan, xa sexa por patrimonio ou xa sexa polos beneficios empresariais. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ.** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do Partido Socialista, señor Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** ... municipal do Bloque Nacionalista Galego a este pleno sobre os impostos da Igrexa católica e as súas empresas, cómpre dicir que isto vai en consonancia con decisións adoptadas xa polo goberno de España, como a orde que se acaba de publicar este mesmo mes de novembro que derroga a exención para a Igrexa Católica do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, ICIO, eliminando tamén a exención sobre as contribucións especiais, e todo elo en liña de equiparar o réxime retributivo da Igrexa Católica co resto de confesións relixiosas e entidades sen ánimo de lucro, conforme ao principio de non privilexio e non discriminación.

Dito o anterior, tamén se debería ter en conta que existen sentencias do Tribunal Constitucional que avalan neste momento taxativamente a exención do IVE á Igrexa, por exemplo, por vulneración do artigo once do anexo da Lei de Acordo de Cooperación do Estado coa Comisión Islámica, ou o artigo 7 da Lei Orgánica de 7/1980 de Liberdade relixiosa.

Pero tamén hai que subliñar que este beneficio actualmente non só é para a igrexa, senón tamén para entidades sen fins lucrativos, cumprindo certos requisitos, as entidades públicas, as embaixadas e sedes diplomáticas, os bens declarados de interese cultural e os colexios concertados.

Todo isto, relativo á xurisprudencia de leis debería ter en conta por quen propoñen a medida e, sobre todo, polos que teñen a competencia da súa análise e modificación no seu caso, engadindo ademais que, como dicía o señor Arroxo,

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

débese facer unha diferenciación a respecto á situación dos locais dedicados ao culto dos que teñen actividades dedicadas á prestación de diferentes actividades económicas das que se derivan ingresos, xa que estes están a supoñer unha clara diferenciación e, en certa medida, unha discriminación respecto doutras empresas.

Dito todo o anterior, avanzamos que o noso voto será favorable a esta proposta de instar ao Goberno de España a revisar os acordos do Vaticano en materia de impostos. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas, pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular, señor Vázquez.

- **JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Buenos días, señora alcaldesa, muchas gracias. Buenos días a todos. Bien, la verdad es que, señor Arroxo, ya ha cambiado usted el principio de la intervención, porque curiosamente habla usted de ciudadanos iguales y de privilegios, privilegios son los que ha concedido ahora mismo el señor Pedro Sánchez, por la condonación de 15.000 millones de euros a Cataluña, y ustedes han cerrado el pico soberanamente.

Eso sí que son privilegios. Vamos a centrarnos en la cuestión. ¿Cuánto le interesan a usted los acuerdos de Estado con el Vaticano? ¿Diría usted que a los vecinos y vecinas de Lugo les urge más dónde aparcar, la inseguridad y los problemas de convivencia en determinadas zonas de la ciudad? Las obras del centro, la huelga de limpieza en determinados centros escolares o el hecho de que, hasta hace prácticamente una semana hemos estado sin conserjes...

Eso sí que realmente son algunos de los acuciantes problemas que tiene la ciudad. ¿O realmente cree que para los ciudadanos de Lugo lo realmente importante es la moción que hoy nos traen a pleno? Que, a todas luces, no es más que una pataleta, fruto de lo ocurrido en la plaza de Santa María en San Froilán, y usted lo sabe bien.

Esta moción es un intento de revancha para reivindicar su orgullo en lo referente a lo ocurrido. Traen hoy a pleno la invención de un enemigo hiperbólico, que es la Iglesia, lo cual no deja de ser una clara demostración de que son ustedes un equipo de gobierno que necesita oxígeno ante un evidente ciclo inagotable de problemas, que son ustedes incapaces de resolver, y eso que como quien dice, la legislatura acaba de empezar.

Explique el verdadero motivo de su capricho por modificar una norma consensuada entre el Vaticano y el Estado que intentan argumentar con el supuesto trato discriminatorio sobre el pago de impuestos por parte de la Iglesia.

Pídale a sus socios de gobierno que nos expliquen los compromisos, si es que los hubo, o las conversaciones, si es que las hubo, en los que se comprometió con el Obispado al uso de la plaza de Santa María en San Froilán.

Quizás radique ahí el problema de sus caprichos y desvelos y quizás probablemente esa sea, nunca mejor dicho, la madre del cordero.

Lo interesante de esta moción era lo que iba a votar el Partido Socialista. Realmente después de haber oído su alocución, lo que realmente me sorprende es que ustedes además estén a favor.

Porque realmente ha sido el Partido Socialista el que ha firmado este intercambio de notas que modifica el contenido del Acuerdo sobre los Asuntos Económicos del año 1979. Lo decía usted muy bien, mediante este intercambio de notas, la Santa Sede renunció a las exenciones del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras, así como las exenciones por Contribuciones Especiales.

La firma además tuvo lugar en marzo de 2023, como quien dice, antes de ayer. Y supone en la práctica, a partir de este momento, que la Iglesia, en España -y Lugo se incluye en el Estado Español- el mismo régimen de exenciones fiscales que el resto de confesiones religiosas que tiene suscritos convenios de colaboración con el Estado.

Se trata, además, del mismo régimen especial aplicable a fundaciones, incluidas, como usted decía, señor Permy, el suyo también, eh, señor Arroxó. Asociaciones de entidad pública, ONGs de desarrollo, de federaciones deportivas, etc.

El régimen fiscal previsto en la ley de mecenazgo, en definitiva. A partir de este momento, en consecuencia, no se puede confundir al ciudadano de privilegios fiscales de la Iglesia.

En tanto y cuanto su régimen de beneficios fiscales es el mismo que el resto de entidades no lucrativas.

La Iglesia en sus aspectos económicos quiere operar en la sociedad bajo el principio de no privilegio y no discriminación. Y además en pleno respeto al derecho a libertad religiosa. Yo no vengo aquí a defender a la Iglesia, Dios me libre, porque la Iglesia además tiene mecanismos mucho más efectivos que mis palabras para defenderse. Nosotros aquí lo que defendemos simplemente es el cumplimiento de los acuerdos y el cumplimiento de la ley. Lógicamente para ustedes la ley y el

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

acuerdo es absolutamente nada. Ustedes de lo que se preocupan y lo que sí defienden, obviamente, es la amnistía, la quiebra constitucional y la quiebra del régimen del 78. Por tanto, cómo no van a pedir ustedes que se vulnere o se modifique el acuerdo entre el Vaticano y el Estado.

Cuando para este no es precisamente, lo importante es la quiebra del Estado una prioridad. Llama la atención en su petición, además, que no hagan ustedes referencia a la aplicación o modificación de una norma que ya se cumple, por otra parte, para otras religiones que conviven con la cristiana, como pueden ser la musulmana o la evangelista, entre otras muchas presentes en Lugo y en España, que deja entrever, como dije antes, su catecismo sectario o, con todos los respetos, cobardía. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda co grupo propoñente, co portavoz do BNG, tres minutos.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Comeza a mañá con enerxía. Primeiramente, simplemente porque se mencionou. É curioso que se fale de que cerramos o pico ante un acordo de débeda cando Galiza precisamente vai ter o mesmo acordo semellante dunha débeda que, por certo, o Partido Popular na Xunta triplicou en 14 anos e non conseguiu ningún tipo de condonación. Ese dato, pois lle faltou ao PP.

Ben, eu entendo agora mesmo que nesta grada hai un conflito interno moi grande. Hai un conflito interno moi grande, porque seguramente aquí se se puidese votar libremente, non se ía votar o mesmo. Porque por unha banda estará a xente que se considera conservadora no relixioso e que queira defender á Igrexa católica e que queira que siga mantendo privilexios que non son desta época, e por outra banda estará quen estea vendo... Home! Quen teña unha posición liberal e que vexa que isto é unha auténtica inxustiza, que haxa unha empresa dun empresario A que teña que pagar relixiosamente todos os seus impostos e que haxa unha empresa dun empresario B, que pertence á Igrexa Católica e que gaña máis beneficios incluso, e aquí en Lugo temos un exemplo moi gráfico, pero que non paga eses impostos.

Evidentemente, o da empresa A está perdendo, está perdendo. Iso nas teses liberais bon ten moito xeito.

A situación, efectivamente, é de inxustiza, é de inxustiza, porque estamos a falar de cuestións de empresas que xeran lucro.

Non estamos a falar nin de edificios de culto, nin doutro tipo de patrimónios que poidan ter interese histórico artístico ou cultural. Non, non, non. Aquí estamos a falar de empresas, de empresas que veñen beneficiadas por unha serie de acordos que son inxustos.

E falaba neste caso o concelleiro do Partido Popular da situación de que o que se ven aquí a facer é a pedir que se cumpra a lei, non? E a lei está aí. A lei claro que está aí, aquí ninguén está falando de incumprir a lei, pero os congresos son para modificar as leis.

Se non é mellor que non existan, se imos deixar as leis que había aí X anos, pois é mellor que non exista un Congreso, porque desaparece o poder legislativo.

Polo tanto, cando hai leis que deben ser modificadas por unha cuestión de xustiza, como entendemos que é este caso e como entende a maioría da poboación de Lugo. Eu creo que calquera que saia á porta e se lle diga que hai un aparcadoiro que non paga 200.000 euros porque é da Igrexa bota as mans á cabeza.

Porque a xente que o sabe bota as mans á cabeza. É que iso, evidentemente, é unha situación inxusta. E, polo tanto, pois é algo que entendemos que se debe modificar con total normalidade e que calquera empresa que xere beneficios pois teña que pagar relixiosamente todos os seus impostos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz do Partido Socialista, tres minutos.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Unha afirmación que ten pouco que... Porque di que o que se pide, que o que pretendemos ou que apoiamos desde este grupo é o incumprimento da lei... O que apoiamos é unha proposición na que di: instar ao Goberno a revisar os Acordos do Vaticano e modificar a lexislación vixente.

Iso é saltarnos a lei? Iso é pretender saltarnos o que está aprobado no Parlamento español? Creo que é unha visión lixeiramente torticeira. En canto a Lugo, xa que falou tamén na Lei de mecenazgo, das federacións deportivas e o tema deportivo, a parte do aparcadoiro non sei se sabe que xusto pola parte de arriba aquí na cidade de Lugo existe un polideportivo tamén que é de propiedade da Igrexa católica, que, no seu afán de colaborar e non ter beneficios económicos, estalles a cobrar o aluguer ás distintas asociacións e clubs deportivos de Lugo que solicitan a utilización. Cando, por certo, o Concello de Lugo non lle cobra a ninguén, a

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

ningunha desas institucións deportivas, por utilizar as nosas as nosas instalacións. E repítole, nós nunca intentaremos defender algo que vaia en contra da lei. O que facemos é dar o voto favorable a unha proposición que insta ao Goberno a revisar unha situación que nós tamén consideramos totalmente inxusta, cando se está producindo un interese económico importante nunha situación de privilexio respecto a outros empresarios e profesionais que poden estar sufrindo a discriminación nos mesmos sectores nos que se desenvolve esa actividade. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Popular, señor Vázquez.

- **JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Señor Arroxo me imagino que si esta moción que traen hoy aquí es tan importante para ustedes me imagino que le habrán dicho al señor Néstor Rego, que en ningún momento iba a darle su apoyo al Partido Socialista, sin esta revisión.

La realidad, señores del Bloque, es que no hay tal polémica. La Iglesia paga el IBI en todos sus bienes, salvo aquellos que están específicamente exentos en el artículo 15 de la Ley 49/2002. Unas exenciones que son exactamente iguales que las que tienen el resto de identidades sujetas a este régimen fiscal y, por tanto, no derivan de ningún acuerdo con la Iglesia.

El régimen fiscal vigente no diferencia a la Iglesia en materia del IBI, del resto de entidades no lucrativas.

No existe ningún régimen fiscal para la Iglesia en este impuesto. Si el Parlamento determina otra cosa, eso implicaría que las instituciones... en la Ley de Mecenazgo. Podrá discutirse si un comedor social de Cáritas debe pagar el IBI o si un bien de la propiedad de una fundación o alquilado a un tercero lo debe hacer.

Yo creo que eso sí es una cuestión importante, porque una cuestión es que no paguen los impuestos y otra cuestión es que tengan determinados inmuebles o determinadas instalaciones que están a disposición de la ciudadanía, con la cual en este caso pagan o están recibiendo el cobro de un alquiler y la Iglesia paga sus impuestos religiosamente, exactamente igual.

Este acuerdo fue un paso más en el camino iniciado por la Iglesia en España hace varias décadas de adaptación a la sociedad y de transparencia. Sin privilegios, pero sin discriminaciones en el pleno respeto al principio de la libertad religiosa, desde la equidad, la concordia y la honestidad, frente a la arrogancia, la insensatez y el

capricho. En este contexto, la Iglesia reitera su compromiso con la sociedad e con el bien común, dando a conocer el conjunto de iniciativas que realiza y constituye en su contribución a la sociedad. Un ejemplo de ellos de hecho lo tenemos en la memoria que cada año se expone durante el mes de mayo y que está disponible en la web de la Conferencia Episcopal, que seguro que además lo han visto.

Miren señor Arroxo, el problema viene porque ustedes se han empeñado en hacer una lectura política de una pataleta tremenda que han tenido ustedes con el obispado en el uso de la plaza de Santa María durante el San Froilán. Ese es el único problema que tienen ustedes. Pero no lo pague con la Iglesia, no haga demagogia sobre este tema. Usted sabe que eso es así.

Con todos los respetos, la Iglesia se maneja en otras coordenadas y en otros contextos.

La Iglesia quiere seguir haciendo su labor en la sociedad proponiendo sus valores y contribuyendo al bien común, sin privilegios, pero sin discriminaciones.

Sin rodeos hay que afirmar que en buena medida eso se hace posible gracias a la labor social de la Iglesia, la Iglesia está insertada en la sociedad y por eso gran parte de las actividades de la Iglesia están orientadas a beneficiar a la sociedad en general y especialmente a aquellos que más lo necesitan. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, un minuto.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Debeu ser moi incómodo para o Partido Popular defender esta proposición, porque ao final houbo que dar rodeos falando dende comedores sociais a uso de prazas públicas ata non sei que máis.

Todo para xustificar que empresas que xeran beneficio poidan seguir sen pagar impostos. A de voltas que xeran beneficios poidan seguir sen pagar impostos, sendo, como digo, unha competencia desleal co referente ao resto de empresarios e empresarias de Lugo que teñen que pagar a totalidade dos seus impostos.

Efectivamente, isto para o Partido Popular pois crea unha controversia moi grande, que aquí teño que dicirle ao concelleiro do Partido Popular que intentou, pois, dunha forma, pois bastante interesante, darlle voltas, pero ao final eu creo que aquí é un concepto moi simple, que é unha cuestión de, ou se acepta que se pague como os demais, ou se lle siga mantendo un privilexio. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi moitas grazas. Pois procedemos entón á votación da proposta.

7/142 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 269/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE A REVISAR O DECRETO 222/2011 (Exp. 2023/G004/000994).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A reestruturación que o Reitorado da USC pretende acometer no Campus Terra de Lugo, e que ven sendo denunciada pola comunidade universitaria desde o pasado 7 de novembro, supón un duro golpe para este axente fundamental no desenvolvemento económico, social e científico de Lugo. A supresión de titulacións deseñada polo órgano de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela implicaría que os graos de Paisaxe, Enxeñería Civil e Procesos Químicos se deixen de impartir na nosa cidade. Ademais, significaría que dúas das titulacións máis emblemáticas da Escola Politécnica Superior de Enxeñería, Enxeñería Agrícola e Enxeñería Forestal, pasarían a ser graos interuniversitarios a partir de 2025, é dicir, compartidos con outras universidades, con todas as implicación negativas que esto implica para a nosa cidade.

Se ben a presión exercida pola comunidade universitaria, as institucións locais e a sociedade lucense en xeral ao longo destes últimos días acadaron un apazamento temporal na toma da decisión por parte da USC, o certo é que continúa a existir unha ameaza latente sobre o futuro do Campus Terra como espazo docente e de investigación científica. De feito, esta planificación da USC afecta ao futuro de dúas terceiras partes do seu alumando e pon en perigo de forma directa titulacións fundamentais no proceso de especialización do Campus. Do mesmo xeito, implica a perda específica do seu recoñecemento internacional, xa que Agrícolas, Forestais, así como os mestrados asociados a estas enxeñerías, ao pasar a ser compartidas con outras universidades, perderían o selo europeo EUR-ACE que acredita a súa excelencia, o que implicaría unha perda de competitividade para outros graos da EPS, que tamén contan con este distintivo.

Unha das razóns fundamentais esgrimida polo reitorado da USC para acometer esta lesiva reestruturación basease no Decreto 222/2011 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, polo que se establece o alumando mínimo por grao universitario como criterio para asegurar a súa viabilidade. Devandito decreto fixa en 45 o número mínimo de alumnos e alumnas de novo ingreso no primeiro curso das titulacións. Se ben esta norma non chegou a aplicarse nunca para este fin desde a súa entrada en vigor, supón, no actual contexto, unha ameaza para a nosa

formación universitaria. Obviamente, a vista do seu ano de aprobación (2011) e a súa nula implementación nestes período, trátase dunha normativa, canto menos, cuestionable, e, a todas luces, ineficaz para xestionar o presente e o futuro da universidade galega.

A comunidade universitaria, desde o colectivo de docentes ata as agrupacións estudiantís, coinciden en afirmar que esta norma non se adecúa a realidade social galega, xa que aspectos claves como o balance demográfico, a internacionalización da formación universitaria ou o actual contexto económico e social non foron tidos en conta no seu proceso de redacción. É, por si mesmo, este argumento, o da obsolescencia lexislativa, motivo suficiente para que o Goberno Autonómico revise o decreto 222/2011 e o reiterado reevalúe a súa decisión, pero existen ademais outros de importante peso.

Os criterios para definir a viabilidade dunha titulación non poden establecerse unicamente polo numero de alumnos e alumnas matriculados, senón polo rendemento que as persoas con titulación nestes graos aportan ao territorio. Neste sentido, a vinculación do Campus Terra con Lugo, onde a agricultura, a gandería, o sector forestal e os diferentes procesos do sistema agroalimentario teñen un peso capital no sistema productivo, están sobradamente acreditados. Tamén son necesarias novas persoas tituladas en Enxeñería Civil, que traballen na mellora das infraestruturas, en prol dun transporte sostible, e que contribúan a optimizar a xestión de recursos como o auga e a enerxía, na liña de traballo iniciada hai tempo. Sen embargo, o proxecto de reestruturación esbozado pola USC, fundamentado unicamente sobre este decreto e xustificado a partir de fríos datos estatísticos, esquece aspectos de valor estratéxico que converten ao Campus Terra nun axente fundamental no desenvolvemento económico, social e científico de Lugo e, por extensión, de toda a Galicia rural.

Non en vano, a contribución deste espazo de coñecemento á sociedade galega é incuestionable. De feito, gran parte da reforma estrutural acometida nas explotacións gandeiras galegas no século XXI levouse a cabo tendo en conta os criterios de optimización de produción dos expertos deste campus, que, deste xeito, marcaron o camiño de modernización do noso sistema primario, o que hoxe nos está a permitir ser competitivos con outros produtores europeos e converternos nun referente en estándares de calidade de produción.

Así mesmo, o importante traballo de I+D+I que se ven levando a cabo desde este espazo permitiu que valiosos proxectos empresariais viran a luz nos últimos anos, posibilitando fornecer a nosa economía e dinamizando e mercado laboral contribuíndo a xerar unha economía circular baseada no produto de proximidade. Meritoria é tamén a contribución dos profesionais deste centro ao sector forestal, polas súas investigacións sobre a madeira de produción local para uso estrutural, que hoxe é unha solución arquitectónica en alza e conta gran prestixio internacional, como avalan contrucións como o edificio Impulso Verde, no que colaborou o noso campus. Logros como estes fan que grupos de investigación da Politécnica Superior figuran entre os 200 primeiros a nivel internacional nos listaxes de investigación. Equipos que, por outra banda, verían comprometida a súa viabilidade de confirmarse a perda de titulacións prantexada pola USC.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Sen dúbida, o Campus Terra foi no pasado, é no presente, e será no futuro protagonista na recuperación e posta en valor dos nosos espazos naturais, na loita contra o cambio climático así como na recuperación de numerosas especies autóctonas da Galicia interior contribuíndo a conservación de sistemas antrópicos centenarios que definen a nosa identidade. Por iso, o noso deber como Administración é garantir que este espazo de coñecemento e formación manteña a súa esencia social, a súa importancia científica e a súa calidade educativa como ferramenta para abordar os retos do futuro.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón ao Pleno da corporación os seguintes puntos de acordo:

1. Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da súa Secretaria Xeral de Universidades, a revisar o Decreto 222/2011, polo que se establece o alumnado mínimo por grao universitario como criterio para asegurar a súa viabilidade, por non adecuarse á actual realidade galega e polas súas múltiples implicacións negativas -tanto sociais, económicas como científicas- para o Campus Terra, Lugo e a súa provincia.

2. Instar á USC a considerar de xeito obxectivo a especialización do Campus Terra como un valor competitivo diferencial na súa toma de decisións, de xeito especial ante unha posible reconfiguración do seu mapa de titulacións, para así garantir o seu futuro como axente fundamental no desenvolvemento económico, social e científico de Lugo e, por extensión, de toda a Galicia rural.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	25	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da súa Secretaria Xeral de Universidades, a revisar o Decreto 222/2011, polo que se establece o alumnado mínimo por grao universitario como criterio para asegurar a súa viabilidade, por non adecuarse á actual realidade galega e polas súas múltiples implicacións negativas -tanto sociais, económicas como científicas- para o Campus Terra, Lugo e a súa provincia.

SEGUNDO.- Instar á USC a considerar de xeito obxectivo a especialización do Campus Terra como un valor competitivo diferencial na súa toma de decisións, de

xeito especial ante unha posible reconfiguración do seu mapa de titulacións, para así garantir o seu futuro como axente fundamental no desenvolvemento económico, social e científico de Lugo e, por extensión, de toda a Galicia rural.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos o debate coa quenda da portavoz do Partido Socialista, señora Alvarellos. Cinco minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas e bo día a todos e a todas. O primeiro que quero facer é expoñer o problema que suporía a pouco afortunada reforma plantexada pola USC. A supresión de titulacións, deseñada polo órgano de goberno da Universidade de Santiago de Compostela implicaría que os graos de Paisaxe, Enxeñaría Civil e Procesos Químicos se deixen de impartir na nosa cidade.

Ademais, significaría tamén que dúas das titulacións máis emblemáticas da nosa Escola Politécnica Superior, como son a Enxeñaría Agrícola e Enxeñaría Forestal, pasarían a ser graos interuniversitarios a partir do ano 2025. É dicir, compartiríamos con outras universidades, con todas as implicacións negativas que iso suporía para a nosa cidade. É certo que a presión exercida pola comunidade universitaria, as institucións locais e a sociedade lucense en xeral, ao longo destes últimos días, acadaron un aprazamento temporal na toma de decisión por parte da USC, pero tamén é certo que continúa a existir unha ameaza latente sobre o futuro do campus Terra, como un espazo docente e de investigación científica.

De feito, afecta ao futuro de dúas terceiras partes do seu alumnado e pon en perigo ademais titulacións fundamentais no proceso de especialización deste campus, o Campus Terra, xa que implica a perda específica do seu recoñecemento internacional, asociada a estas Enxeñerías, xa que ao pasar a ser compartidas con outras universidades, perderían o selo europeo que acredita a súa excelencia.

Para evitar esta situación, o primeiro obxectivo é conseguir que a Xunta de Galicia revise o decreto 222/2011, que fixa o número mínimo de matriculados para garantir a viabilidade dos graos. Porque unha das razóns fundamentais esgrimida polo reiterado da USC para cometer esta reestruturación baséase precisamente niso, no decreto 22/2011 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, polo que se establece o alumnado mínimo por grao universitario como criterio para asegurar a súa viabilidade.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Devandito decreto fixa en 45 o número mínimo de alumnos e alumnas de novo ingreso no primeiro curso das titulacións. Isto supón, no actual contexto, unha ameaza para a nosa formación universitaria.

Obviamente, á vista do seu ano de aprobación, o ano 2011, como xa dixen e a súa nula implementación neste período, trátase dunha normativa cando menos cuestionable, e a todas luces ineficaz para xestionar o presente e o futuro da universidade galega.

O proxecto de reestruturación esbozado pola USC esquece aspectos moi importantes, aspectos de valor estratéxico que converten o Campus Terra de Lugo nun axente fundamental no desenvolvemento económico, social e científico de Lugo, e, por extensión, de toda a Galicia rural.

Cremos que os criterios para definir a viabilidade dunha titulación non poden establecerse unicamente polo número de alumnos e alumnas matriculados. Cremos que o criterio máis importante é o rendemento que as personas con titulación neses graos aportan ao territorio.

Neste sentido, a vinculación do Campus Terra con Lugo, onde a agricultura gandeiría, o sector forestal e os diferentes procesos do sistema agroalimentario teñen un peso capital no sistema produtivo, están sobradamente acreditados, pero tamén son necesarias novas persoas tituladas, por exemplo, en Enxeñería Civil, que traballen na mellora das infraestructuras.

Pero tamén iso era o primeiro obxectivo: a modificación dese decreto. Pero o segundo obxectivo, e non menos importante, temos que lograr que a USC recoñeza a especialización do Campus Terra, como un valor competitivo diferencial, con criterios obxectivos. É necesario garantir o futuro do campus Terra, como dicimos, e para iso, a USC debe considerar de xeito obxectivo a especialización do Campus Terra como un valor competitivo diferencial, para así blindar a súa función como axente fundamental no desenvolvemento económico, social e científico de Lugo.

E, por extensión, como xa decía antes de toda a Galicia rural. Non en van, a contribución deste espazo de coñecemento á sociedade galega, non só á lucense, senón á galega, é incuestionable.

De feito, gran parte da reforma estrutural acometida nas explotacións gandeiras galegas durante todo o que vai de século 21 levouse a cabo tendo en conta os criterios de optimización de produción dos expertos deste campus que, deste xeito, marcaron o cambio da modernización do noso sistema primario, o que hoxe nos está a permitir ser moi competitivos con outros produtores europeos e converternos nun referente en estándares de calidade de produción.

Polo tanto, este segundo obxectivo, que se recoñeza a especialización do Campus Terra como un valor...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo, continúa na seguinte ronda. Moitas grazas.

Quenda agora para o portavoz do Partido do BNG. Tres minutos, señor Arroxó... Cinco!

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Fago miñas aí as palabras da concelleira Paula Alvarellos cando fala de que o Campus é incuestionable a importancia que ten para a cidade de Lugo. E ten unha importancia total no que foi o desenvolvemento da propia cidade nas últimas décadas, tanto a nivel social como económico como incluso urbanístico en canto se asentou o campus na zona sur e da cidade. A día de hoxe, o campus de Lugo é de vital importancia tanto para a cidade como para a comarca, como para practicamente toda a provincia de Lugo. Algo que, o que se está a ver dende a Secretaría Xeral de Universidades por parte da Xunta de Galicia, non se está a interpretar así e o estamos a ver con declaracións e con intervencións que se están a ter, xa non só agora, senón nos últimos tempos.

Hai un ano viamos xa con estupor o propio peche do Vicerreitorado de Lugo no centro da cidade, algo que dende logo, pois críamos que era xa un golpe en certa medida cara o propio campus e que lle restaba esa importancia que debiera ter na súa ligazón coa cidade. E hoxe vemos como os anuncios que se deron nas últimas datas a respecto do desmantelamento directo de tres titulacións e outras dúas que quedarían neste caso nunha situación bastante complexa.

E aquí cómpre dicir que isto lembra un pouco a cando se anuncia ese globo sonda que se anuncia de que se van pechar oito ou nove centros de saúde.

Despois péchanse cinco. E temos que dar as grazas á Xunta de Galicia porque só pechou catro ou só pechou cinco. E que salvou catro, non? Cando realmente o que fixo foi desmantelar un servizo.

Parece que isto vai na mesma liña. Lánzase o globo sonda de que se van pechar tres titulacións, despois igual só se pechan dúas e aínda por riba teremos que dar as grazas dese peche.

Sendo conscientes ademais non só da importancia destas, senón que este tipo de peches non xeran ningún beneficio. Temos un exemplo recente de hai poucos

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

anos, cando se pechou a titulación de Topografía no Campus de Lugo, que permitiu un aforro exactamente de cero euros. Si, si, permitiu un aforro exactamente de cero euros. Era unha carreira que tiña un 100% de saída laboral. Era unha carreira que proporcionaba técnicos ao que é a nosa área e o noso entorno de Lugo e que o seu peche supuxo un aforro de exactamente cero euros, porque profesorado segue exactamente o mesmo contratado polo campus e as instalacións son exactamente as mesmas. Polo tanto, o único que nos permitiu foi perder. Pois iso é o que pode acontecer se se levan adiante os outros peches.

E, por certo, anunciouse que se van pechar, agora recuouse. E se se recuou foi tamén porque se recuou un ano, non? É porque dentro de tres meses hai eleccións galegas e, polo tanto, tampouco interesaba agora mesmo agrandar esa polémica.

No que se refire ao impacto económico do peche destas titulacións, hai un estudo feito polo profesorado da propia universidade, que fala de 1,7 millóns de euros ao ano, só no que sería o gasto en aloxamento, alimentación, ocio e comercio, sen ter en conta os beneficios que van dar e que poden dar o que é tanto a nosa cidade como o noso entorno, a formación técnica de todas estas persoas.

Cómpre lembrar que no ano 2021, o Campus Terra foi acreditado como campus de especialización. Foi o primeiro do sistema universitario galego en conseguilo de forma totalmente completa. É un campus que está a ter grandes recoñecementos, incluso internacionais e, polo tanto, non se pode consentir que siga a haber ese desmantelamento que xa hai anos que está planificado.

O decreto 222/2011, do que se fala no texto desta proposición, marca, entre outras cousas, un alumnado mínimo de 45 alumnos. Isto é un despropósito para Lugo. De feito na grande maioría dos campus, pois ese límite xa desapareceu porque, evidentemente, pois non é algo que estea xustificado. E digo que non está xustificado volvendo ao exemplo anterior. O exemplo do grao de topografía, onde se baseou nese criterio para para o seu peche e a realidade é que non permitiu ningún aforro e único levou adiante foi unha desvantaxe para o campus de Lugo.

En realidade eu creo que a defensa do Campus de Lugo ten que ser algo estratéxico da nosa cidade e da nosa provincia. Ten que ser algo estratéxico incluso a nivel galego. Polo tanto, eu creo que isto é algo que ten que ter unha unidade nesta corporación e que ademáis que debe ser algo non que non debe haber ningún tipo de titubeos. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois quenda agora para o portavoz do Partido Popular, señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Este é un deses momentos no que todos debemos deixar á marxe siglas políticas e rencillas e enemistades ou calquera outra cousa que poida condicionar o noso voto e pensar por riba de todo no interés da cidade, sobre todo no interés do Campus Terra, neste caso. Por iso hoxe vou facer miña unha expresión moi característica dun compañeiro noso de partido, de Paco Conde, que cando algo lle gusta ou con algo está de acordo, sempre nos di, a favor, e sempre nos di a favor.

Por tanto, hoxe dende o Partido Popular por suposto que a favor, porque é a única maneira que coñecemos de traballar por Lugo, a favor das institucións, a favor do progreso, a favor dos avances, a favor das infraestruturas, a favor da educación, a favor de Lugo. Pero sobre todo hoxe, e hoxe, a favor do Campus Terra.

Como non imos estar a favor do Campus Terra se dende o Partido Popular fomos, somos e seremos dos grandes valedores do Campus Terra dende todas as administracións nas que participamos e tamén de xeito particular nas nosas vidas.

Por exemplo, cando a Deputación era gobernada polo Partido Popular foi precisamente cando se impulsaron de xeito decidido as facultades que hoxe coñecemos na nosa cidade. Debémollos a un expresidente como Cacharro Pardo, que tivo unha aposta decidida por crear ese campus, tal e como o coñecemos. Era unha época dourada, 15.000 estudantes e agora somos pouco máis de 4.000 ou 5.000 cada ano. A historia é ben diferente. Daquela enchíase a vida cultural, a vida social da cidade e agora por desgraza non é o mesmo. A favor tamén dende a Xunta de Galicia, porque dende a Xunta de Galicia investíronse nos últimos anos nos diferentes campus... Falo de investimento, non de gasto corrente, máis de 23 millóns de euros para impulsalos, concretamente no campus Terra, máis de 9 millóns de euros e seguen eses investimentos.

Por tanto, a favor. A favor porque dende a Xunta de Galicia tamén no 2017 se incluíron novas titulacións que hoxe son un éxito, por exemplo, Robótica, Bioquímica, Empresa e Tecnoloxía ou o Máster en Xenética e Xenómica.

A favor porque a Xunta tamén ten as taxas máis baratas de España. Ten un dos mellores sistema de bolsas. Por tanto, a cuestión económica e a colaboración da Xunta de Galicia non é algo cuestionable. A favor, porque dentro dos orzamentos da Xunta de Galicia precisamente é a comunidade que máis peso ten a Universidade dentro dos propios orzamentos. Un 22% que a media do resto de comunidades de España. Polo tanto, a favor desta proposta. A favor, porque cremos que se manteña ou que... Queremos a pervivencia deses títulos, por suposto, e porque entendemos que tamén si que sería e razoable valorar eses 45 alumnos de mínimo que se lle esixen ás titulacións, porque a situación

demoscópica cambiou moito nestes últimos anos e incluso tamén as preferencias de estudo dos máis novos.

Nós a favor, pero o que lles pedimos tamén, como digo, é esa responsabilidade, porque aquí temos todos moito que dicir, e non imos caer na trampa, como intentaba agora o señor Arroxo, de politizar isto. Baixo ningún concepto. Non imos caer na trampa das súas intervencións de intentar poñer nas costas da Xunta responsabilidades que non ten. E non se pode acusar á Xunta de Galicia de cousas que non está facendo.

Miren, hoxe eu falo aquí como concelleiro do PP, como cidadán e como veciño desta cidade, pero tamén como os estudante desa facultade, igual que a alcaldesa, igual que Jorge Bustos e algún máis dos que estamos aquí.

Por tanto, non poderán negarme o cariño que lle profesamos á Escola Politécnica. Falo concretamente, ademáis por ser unha das máis afectadas, pois é incuestionable, e por tanto o respecto e o cariño co que falamos desde esta bancada por esta institución, pois non pode estar cuestionado baixo ningún concepto.

Por iso non imos permitir que se politice este tema e non imos entrar a esa trampa, aínda que vostedes en ocasións non poidan evitalo, demostrárono nos debates.

De feito, demostrouno ata o propio vicerreitor da Universidade en moitas ocasións. E aí que eu quero incidir. Eu creo que é necesario tamén pedirles apoio decidido por Lugo á Universidade de Santiago de Compostela. E moi especialmente a quen nos defende na Universidade de Santiago de Compostela dende o Vicerreitorado de Lugo.

Eu creo que iso é necesario tamén pedirlo, porque cando veñen mal dadas, o primeiro que se fai é fastidiar á Universidade de Lugo.

O Vicerreitorado foi un exemplo moi gráfico, cando tocou decidir, a primeira universidade e os primeiros campus afectados foron os de Lugo.

Por tanto, iso tamén llo queremos pedir. Cando toca decidir entre o sillón, por exemplo, do vicerreitor, excargo de concelleiro socialista entre o seu sillón Lugo e o Campus Terra, sempre escolle o sillón. E iso ten que parar. Iso ten que parar. E non llo digo eu. Dio a sociedade, dino os propios conselleiros, por iso a favor da pervivencia, a favor das novas titulacións, a favor do Campus Terra e en contra de politizar este asunto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos a segunda quenda de intervencións co grupo propoñente. Tres minutos, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Por suposto estou totalmente de acordo co que plantexou o portavoz do partido do Bloque Nacionalista Galego. Hai que recordar tamén ese 1,7 millóns que reverten na cidade en alugueres, en consumo, que teñen os alumnos.

E tamén estou de acordo, en parte, coa resposta que deu o voceiro do Partido Popular, o señor Ameijide. Pero tamén di: non ten que ter cores políticos. Por suposto, eu creo que temos que ser toda a cidade a unha. Ese é o clamor que está facendo, pero quero recordarlle que a modificación do decreto depende da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Teñen que ser vostedes, o seu partido, o que representa o que ten que facer.

E tamén quero recordarlle que foi, paréceme, o secretario xeral de Universidades o que plantexou algo tan disparatado, pero o outro día, eh, que as titulacións fosen online.

Estamos falando do que revirte na cidade. 1,7 millóns, só niso, en alugueres, en consumo... Pero moito máis. Moitísimo máis. Aquí hai que ter en conta como dicíamos. Non hai que falar de números de maneira obxectiva. 45 alumnos que se matriculen en cada un dos graos. Hai que falar de rendemento, das persoas. E ese rendemento que van dar á cidade e que van dar a toda a sociedade galega.

Pero quero recordarlle isto, que o secretario xeral, que é o do seu partido político e é o que está aí, facía esa proposición tan disparatada como as titulacións online.

Imaxine o que suporía para a cidade de Lugo. Polo tanto, é certo, non queremos politizar isto, pero hai que recordar tamén todo, porque vostede tamén recordou, falou de non falar de cores políticos, pero enseguida meteu o aguillón.

Eu quero dicir que o outro día o secretario xeral dixo este disparate que perxudica a Lugo.

Polo tanto, imos reiterar e imos ser unánimes e imos pedir, porque iso é o que nos demanda a nosa sociedade e é o que nos demandan todos e todas os lucenses, que loitemos porque se modifique ese decreto 222/2011, e hai que instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que é a que pode modificalo.

Polo tanto, non hai que esperar. Non hai que estar pensando, como dicía o voceiro do BNG, se este é o momento político adecuado ou non adecuado, e despois de

que pasen a esas eleccións, se seguisen gobernando, que espero que non, dar unha hachazo á cidade de Lugo, como é a súa costumbre. Polo tanto, loitemos todos xuntos. Isto é moi necesario para Lugo e para toda Galicia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moittas grazas. Pois segunda quenda para o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** A frase en contra de politizar este asunto. A min lembrábame a unha persoa bastante escura que hai cen anos mentres daba un mítin político, dixo: "Usted haga como yo. No se meta en política".

Pois foi un pouco o que puidemos escoitar aquí, porque mentres se dicía iso se facía unha auténtica intervención propagandística de todo o que está a facer a Xunta de Galicia, como se fose tamén a solución de todo o que vai e todos os problemas que ten a Universidade. E tamén parece como que a Secretaría Xeral da Universidade fose unha persoa que pasaba por aí e que se encontrou con este asunto e que agora ten que tomar decisións, pero porque pasa por aí. Non porque sexa unha persoa que dependa dun goberno ou que faga política, senón pois alguén que caeu do ceo e agora decide que se van introducir os recursos suficientes para que estes graos se manteñan dentro do campus de Lugo ou se directamente os vai liquidar.

Pero a realidade é que esta é unha decisión política. É unha decisión política que se manexan estes graos ou non. É unha decisión política de se se van dar recursos para que estes graos se manteñan ou non.

É unha decisión política se se vai apostar polo campus de Lugo ou non. É unha decisión política o que queremos de Lugo no noso futuro.

Polo tanto, cando isto depende dunha decisión política, pois si, hai que facer política, porque ademais isto é un pleno no que se fai política.

Polo tanto, eu creo que iso é algo no que, estando de acordo en moitas das cuestións que ademais dixo aquí o Partido Popular a este respecto, esperemos que non queden só aquí no pleno municipal de Lugo, senón que onde se teñen responsabilidades, que onde hai que facelo se executen, e si, esas execucións son decisións políticas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois queda agora para o portavoz do Partido Popular, señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Non vou entrar ás comparacións que fai o señor Arroxo hoxe, e que ademais son impropias da súa forma de ser. Debe ser froito dun lapsus que tivo agora mesmo, porque non é propio ese tipo de acusacións ou recordos tan desfasados. Unha apreciación unicamente, señora Alvarellos. Home, a formación online, sempre sexa unha oferta complementaria de máis non a vexo disparatada. Sempre que sexa complementaria e se garanta a presencialidade, por suposto. Estamos no século XXI, hai que apostar tamén por novas tecnoloxías, pero como digo de xeito sempre complementario.

Miren, absolutamente a favor. Política é tamén estar de acordo e política é tamén collerse todos da man e cando é algo que afecta realmente á cidade, tirar todos en conxunto sen tirarnos estratos os trastos á cabeza.

E eu creo que o que fixemos no Partido Popular dende todas as administracións e o que estamos facéndose neste salón de plenos... Pero propóñolles facer outra reflexión.

É importante que a Universidade se implique, importante que non nos volva dar outro golpe baixo como o Vicerrectorado. É importante que se implique a Xunta de Galicia, efectivamente, pero temos tamén que pensar que podemos facer nós pola Universidade.

Podemos pedir aos demais e ímolo facer, pero pensemos tamén nós por que non facemos que Lugo sente as bases para ser unha cidade atractiva? Porque Lugo é quen máis se beneficia da Universidade.

Por que non facemos que Lugo teña unha boa oferta de vivenda, que non a ten. E en parte ten un problema coas licenzas, pero moitos outros. Por que non favoreecemos dende o concello esa facilidade para o aloxamento. Por que non favoreecemos tamén que o campus estea conectado coa cidade cun bo sistema de transporte, pero tamén conectado de xeito real, porque nas reunións que temos coa universidade, coas distintas facultades, dinnos que os estudantes se senten ás veces illados. Non, obviamente, porque non haxa rúas, non, obviamente porque non haxa transporte público. Si hai unha sensación como de que está o campus e a cidade apartada. Por iso esa sensación de unidade.

Por que non apostamos tamén, como digo, unha oferta de ocio atractiva para os estudantes, porque cando unha persoa decide estudar en Lugo ou estudar en

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Ourense ou estudar na Coruña ou en León, probablemente vaia valorar o custo da matrícula, que é barato en Lugo; o custo da vivenda; o transporte... Como chegar a Lugo... E incluso a oferta de ocio que haxa na cidade. Por que non apostamos tamén por iso. E por que non apostamos porque Lugo sexa unha cidade á que sexa fácil chegar, para que os estudantes cando veñan a Lugo teñan facilidades.

E para iso tamén é necesario ter autovías, que non temos; ter conexións por ferrocarril, que non temos; ter alta velocidade, que non temos, e en definitiva, ter unha cidade que xere o caldo de cultivo suficiente para que sexa unha cidade atractiva para vivir, para estudar e para quedarse.

E iso é o que queremos facer dende todos: Universidade, Xunta de Galicia, Deputación, Concello. Nós como concelleiros e nós como cidadáns. E aí, a favor.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente. Señora Alvarellós, un minuto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Ameijide, unida, sí. Unida, por suposto. É algo que pedimos todos e creo que estamos todos de acordo niso. Pero agora mesmo xa sabemos o que o grupo municipal do Partido Popular, facendo de palmeiro do secretario xeral de Universidades do Goberno do señor Rueda, é o que quere. Está vostede apoiando a formación online.

Iso é inicio do desmantelamento das distintas facultades. Parece que lle colleu por sorpresa saber que o secretario xeral falara diso e por iso adhírese como sempre de palmeiro.

Ese é o inicio dese desmantelamento, pero agora xa queda claro cal é a postura do grupo municipal do Partido Popular da cidade de Lugo.

Por iso tamén, probablemente, saía por outros derroteiros, ocio, transporte... Estamos falando da USC, estamos falando de modificar un decreto que a Xunta de Galicia se implique e que nos impliquemos para que escoiten a toda a cidadanía de Lugo, a toda a comunidade universitaria, a toda a provincia de Lugo, polos rendementos que esta USC especializada que temos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas, finalizou o seu tempo. Señor Ameijide, despois de oito anos compartindo espazo e debatendo neste salón

plenario cada vez que empeza a vostede a súa intervención pola frase de: "Non politicemos este tema". É como se estivese facendo unha asunción tácita de *mea culpa*. Sempre falan de non politizar cando a responsabilidade ou quen xera o problema está no PP.

Cando teñen a posibilidade de darlle solución ao mesmo. E eu reitero e comparto neste caso as palabras do señor Arroxó, porque o teño comentado en moitísimas ocasións, aquí estamos para facer política. A isto dáselle solución dende un punto de vista político.

E, polo tanto, o que pedimos é que se modifique ese decreto do ano 11, pero non só chega con iso, porque iso melloraría os ratios, pero hai temas tremendamente preocupantes, como o que acaba de dicir a portavoz socialista.

E isto nolo trasladaron dende a dirección dos centros do Campus Universitario, profesores do Campus Universitario, que están tremendamente preocupados pola merma destas especialidades, pero tamén porque queren trasladar nalgún caso algunha ensinanza de maneira telemática e non falaba dunha videoconferencia para aclarar unha dúbida, unha tutoría ou unha clase específica, incluso de carreiras como moi ben citou vostede, señor Bustos, e eu mesma, que ademais somos da rama da enxeñaría, é impensable facer unha formación deste tipo de maneira telemática. Pois plantexouse por parte do secretario xeral de Universidades, o señor Díaz de Castro.

E, polo tanto, pois a preocupación é moita, e como de boas vontades e de boas afirmacións tamén estamos escaldados. Porque, como lle teño comentado tamén en moitas ocasións, vostede, o seu partido, o Partido Popular, é moito máis útil na oposición, porque resulta que na oposición reivindican todo aquilo que cando estiveron con responsabilidades de goberno non fixeron.

Porque de verdade que vir pleno tras pleno a falar de infraestruturas, de conexión, cando estiveron sete anos no goberno de Madrid e non fixeron nada pola rede eléctrica e non fixeron nada pola rede viaria e non fixeron nada pola intermodal. É máis, paralizárona e metérona nun caixón. Home, pois a verdade é que a cuestión é tremenda. Cando levan quince anos na Xunta de Galicia, as comunicacións e na nosa provincia na nosa comunidade autónoma seguen sendo as que son, deficitarias. Quince anos despois. Pois a verdade é que tamén lles toca ir tamén á oposición á Xunta de Galicia para que poidamos avanzar tamén en infraestruturas a nivel autonómico como estamos a facer a nivel do Estado, porque afortunadamente xa temos conexión ata Galicia con respecto ao AVE, e estamos coa electrificación e ancho de vía desde Ourense a Lugo, estamos coa inclusión do corredor de Lugo-Coruña-Ferrol, e grazas a un goberno socialista en Madrid. E á señora alcaldesa tamén, que tamén leva pelexando moito tempo por estas cuestións, como imos seguir pelexando para que a Universidade... Imos seguir pelexando para que

Universidade non merme nin un ápice as especialidades que teñan e que sigan incrementándose. E comparto que hai moitas que foron boas, como Robótica, como outras... Outras malas, como Paisaxismo... Pero iso tampouco debe ser ao mellor unha cuestión de crítica. Simplemente, tampouco se sabe a priori cal pode encaixar ou cal pode ter maior ou menor demanda ata certos límites. Polo tanto, iso non sería cuestión a debate agora, que non sufra ningunha merma, sobre todo aquelas titulacións que lle fan ser acreditado con campus Terra, coa importancia que ten o sector primario na nosa cidade e na nosa provincia, evidentemente estará o goberno ao lado desta demanda e espero que toda corporación esteamos ao lado desta demanda, pero non só levantando hoxe a man neste pleno, senón pedindo ás administracións competentes que fagan política e modifiquen ese decreto e melloren as condicións.

Imos proceder a votar esta proposta.

8/143 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 271/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURADORÍA EN RELACIÓN COA SÚA PROTECCIÓN SOCIAL (Exp. 2023/G004/000998).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Lugo, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O/a profesional da avogacía e procuradoría, adscrito ou non á Quenda de Oficio, non ten dereito a xubilación, vese obrigado/a a continuar eternamente no seu traballo, posto que as súas xubilacións sono en contías na maior parte dos casos inferiores a unha pensión non contributiva, a pesar de cotizar durante toda a súa vida profesional. Até o ano 1995 estes/as profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores/as autónomos/as ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades, cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e até hoxe continúa sendo así, o exercicio desta posibilidade, implica para os/as avogados/as e procuradores/as cotizantes nas Mutualidades, que todo o achegado queda atrapado nesas entidades privadas.

Desde os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a elección das mesmas para os/as novos/as colexiados/as, asegurando ás e aos colexiados mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo as Mutualidades as que establecían as táboas de

cotización de cada mutualista, pero ao momento da efectiva xubilación en ningún caso están a abonarse as pensións que aseguraban terían, até o punto de abonar pensións na maior parte dos casos inferiores a 500 euros, non actualizables, esa cantidade é a que cobrarán ao longo de toda a súa vida mensualmente, manifestando agora ademais que os seus fondos non están garantidos, posto que por posteriores reformas legislativas, o que era un plan alternativo de xubilación pasou a ser un plan de pensións individuais, que se atopa moi lonxe do asegurado e facilita pensións vitalicias ridículas, inferiores ao importe dunha pensión non contributiva.

Agora, novamente vólvense realizar reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público, inicialmente imposto, posteriormente encomiado e incentivado, para daquela ser transformado, e unha vez máis, realízase sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, as e os profesionais constatan como os seus compañeiros/as máis maiores non se poden xubilar, e que as estimacións dos que son un pouco máis novos/as poidan facelo son cada vez máis irrealis.

Os e as profesionais non solicitan ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos contribuíntes ou do resto de traballadores/as. O que interesan é que se lles permita trasladar o diñeiro que teñen atrapado nas entidades privadas mutuais, tras as cotizacións de toda unha vida, e achegalo ao sistema público, igual que se fixo no seu día con notarías e corredurías de comercio. Que se lles trate igual que ao resto de traballadores e traballadoras do país.

Igualmente Os/as avogados/as e procuradores/as mutualistas non teñen dereito a unha incapacidade permanente total, non teñen pagas extraordinarias, nin cesamento de actividade, os seus fillos e fillas non teñen dereito a pensión de orfandade, non existe a pensión de viuvez, os e as profesionais ao longo da súa vida laboral só poden ter baixa por IT durante 365 días, en toda a súa vida, e se o que padecen é unha enfermidade psicolóxica, só durante 60 días poden ter baixa por tal padecemento. É máis, até 2012 non tiñan nin seguro médico... todos estes son dereitos esenciais para calquera traballador/a, e as persoas que loitan por estes dereitos nos tribunais carecen deles.

Trátase dun problema social, que parte da discriminación exposta e das variacións legais referidas, que non debe seguir sendo obviado, nin ocultado, nin parcheado, senón que pola contra debe ser abordado sen dilación e con carácter urxente, para atoparlle solucións.

Por todo o exposto, e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha xanela ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os e as profesionais da avogacía e a procuradoría que o desexen poidan recuperar as súas achegas ás mutualidades privadas con destino ao RETA. Débese garantir a todos/as os/as profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación mínima e digna, nas mesmas condicións que ao resto de

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

traballadores/as cotizantes do RETA, incluídos aqueles/as que xa conforman as clases pasivas.

2.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e no de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consello Xeral da Avogacía Española e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha xanela ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os e as profesionais da avogacía e a procuradoría que o desexen poidan recuperar as súas achegas ás mutualidades privadas con destino ao RETA. Débese garantir a todos/as os/as profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación mínima e digna, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores/as cotizantes do RETA, incluídos aqueles/as que xa conforman as clases pasivas.

SEGUNDO.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e no de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consello Xeral da Avogacía Española e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos a proposta por parte do grupo propoñente, o Partido Socialista, señor Alvarelos, cinco minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:**...neste pleno. Eugenia, María, Mónica, Sesé. Gústame moito que esteades aquí e ademais é unha grande axuda. Tamén me gustaría saudar a todos os compañeiros que me consta que nos están seguindo neste momento por streaming porque, evidentemente, polo traballo non poden estar aquí. Tamén aos representantes das dúas plataformas ou movementos espontáneos, como son J2, vou dicir o verdadeiro nome, 'Jodidos', e Marea Negra, que tanto traballo e tanta loita levan realizando pola dignificación das profesións de avogado e a procuradoría.

Tamén quero darlle as grazas a todas aquelas compañeiras que se dirixiron a min para que hoxe dea voz neste pleno a todas as nosas demandas.

O primeiro que quero facer é facer un pouco de historia. A maioría dos avogados e procuradores cando iniciamos o noso exercicio profesional non podíamos darnos de alta no sistema público de traballadores autónomos no seu réxime especial, o que todos coñecemos polo RETA. Pois para poder exercer a avogacía ou a procura un dos requisitos obrigatorios, porque isto é moi importante, era un requisito obrigatorio, era adherirnos a un sistema privado alternativo á Seguridade Social, o que denominamos as mutuas da Avogacía e Procuradoría.

Co paso do tempo, despois de varios cambios legislativos, permitiúsenos adscribirnos ao sistema público, pero, oh sorpresa, o exercicio desta posibilidade implicaba que todo aquilo que fóramos cotizando ano tras ano quedaba atrapado nesta entidade privada. Imaxínense vostedes, compañeiros, con moitísimos anos de cotización, con todos eses fondos atrapados, xa que non lles permitían facer unha pasarela, pasalos, traspasalos á Seguridade Social para poder exercer esa opción que se nos poñía enriba da mesa. Pois esta é a situación actual, na que nos encontramos os avogados e procuradores afectados. Que somos miles. Máis de 100.000 avogados e procuradores afectados. Non temos dereito a unha xubilación digna. As pensións son entre a metade e un terzo da pensión mínima do RETA.

En moitos casos, por debaixo incluso da pensión non contributiva. Cobran a pensión en doce mensualidades. Non existen as catorce mensualidades como todo o mundo. As pensións non son actualizables polo IPC. Os fondos non están garantizados, nin polo fondo de garantía de depósitos nin por ningún tipo de garantía.

Temos que sufragar ou 40% do gasto farmacéutico a partir de que nos xubilamos, cando máis só necesitamos. Baixas? Que son as baixas? É un luxo do que nós non nos podemos permitir. Que é o IMSERSO? Para nós non existe o IMSERSO. Nós non temos a consideración de pensionistas. E iso é un luxo ao que non podemos aspirar.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

E podería seguir así unha tras outra.

Todo isto nos obriga a seguir traballando, máis alá dunha idade propia da xubilación, arrastrando a toga, como dicíamos nós. Indignamente arrastrando a toga. Por iso esta moción, que se está a presentar en todos os concellos, en todas as deputacións, nas asembleas autonómicas, vai de dignidade, de dereitos e de xustiza, porque os mutualistas pagamos o mesmo que os demais autónomos, cotizamos, contribuímos cos nosos impostos, trimestralmente presentamos o IRPF, presentamos o IVE, como todos os autónomos.

Non se trata de discutir aquí quen é o culpable, quen foi o culpable. Esta proposición, como lles dixen, vai de dignidade e de dereitos, xa que todos os traballadores temos dereito a unha xubilación cunha pensión xusta.

Cotizamos a mutualidade porque non tiñamos outra alternativa. Era obrigatorio para o desempeño das nosas profesións.

Os afectados, o que buscamos son solucións. Como, por certo, encontraron os notarios na súa mutualidade polo Real Decreto do ano 2003. Despois de traballar desde o ano 84 incansablemente por fin se conseguiu. Iso é o que buscamos, conseguir unha ventá, unha pasarela, que nos permita un traslado ao RETA, que se estableza a posibilidade, voluntaria por suposto, de que os mutualistas poidamos trasladar á Seguridade Social todas aquelas cantidades que fomos cotizando, ano tras ano durante toda a nosa vida.

Así, en función dos seus anos de exercicio profesional e as cotizacións que teñamos feito cada un, ter o dereito a unha pensión pública digna en condicións similares ás cotizacións do RETA. Os profesionais afectados non solicitan ningún privilexio. O único que solicitan é xustiza e dignidade. Polo tanto, ides ter todo o noso apoio como grupo municipal. O meu apoio, por suposto porque son unha das implicadas. Pero ides ter todo o noso apoio. Non só neste momento facendo esta proposición, senón que imos ir facendo un seguimento do que se vai a conseguir, porque estou segura que o imos conseguir, porque é de xustiza.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Quenda agora para o voceiro do BNG. Cinco minutos.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, tenente da alcaldesa. Bos días a todos e a todas. Fago extensible tamén os meus saúdos ás traballadoras e os traballadores da Avogacía, da Procuradoría, tamén ao sector da limpeza, e aquí,

pois hai que resaltar a importancia de ter un sistema público de pensións, pensións dignas para todos os traballadores, para todos os colectivos. Así tamén como convenios dignos para todos os traballadores sen chegar a dividilos, non? Sen dividir a eses traballadores e que garanticen os mínimos de salarios e os mínimos de cobertura á hora da xubilación.

Eu agardo que esta proposición, pois se chega a unanimidade como a anterior, porque claramente é de xustiza, como ben expuso a nosa compañeira Paula Alvarellos. Xa foi aprobada en multitude de sitios, grazas tamén á reivindicación, non? Que ao final é moi importante que a xente se una e reivindica os seus dereitos, porque senón, bueno, hoxe non era probable ou era posible que as situacións como moitas veces non estivésemos á altura dos nosos cidadáns, non? Isto aprobouse en moitísimos parlamentos, así como o galego, cunha proposición tamén do BNG... En Madrid, en Cataluña, en moitísimos concellos como pode ser Santiago. Hai dous días tamén na Deputación Provincial, tamén por unha proposición similar no Partido Popular. Entón eu agardo e porque é de xustiza que así se aprobe neste pleno.

Fixo un pequeno resumo a compañeira Paula Alvarellos. Pero eu vou indagar un pouco tamén no mesmo porque por se hai algún tipo de matiz, xa que se trouxo aquí a debate. Noutros sitios levouse como declaración institucional, que tamén é unha cuestión de forzas, e se aquí conseguimos a unanimidade pois tamén será unha cuestión de forza para todas as persoas afectadas, que son moitísimas, moitísimas. En Galicia preto de sete mil, no Estado español creo que superan os cen mil, uns cento corenta e pico mil como comentou Paula.

Dende logo, o que aquí se expón non é un problema cerca de aparecer, senón que se trata dunha realidade inxusta, mantida, tamén hai que dicilo, por diferentes intereses, como así o denuncian os propios afectados. Durante moitos anos si que levaba, e hoxe segue a levar as situacións nada desexables, o que nos garante un sistema público e dende logo prever este tipo de situacións e evitar cando menos intereses ou sospeitas de intereses non acordos coa finalidade destes fondos, non? Ata o 1995, a prestación social prestábase mediante a mutualidade e avogacía. Entidades sen ánimo de lucro creadas polos colexios de avogados, de adscrición obrigatoria para o exercicio profesional sen ningún tipo de posibilidade de acollerse a outro sistema de protección social. E que fundamentalmente cubría simplemente o que era a pensión de xubilación, a prestación de xubilación.

Foi novamente a cinco cando se introduce a alternatividade. É dicir, a posibilidade de que a protección social se realizase coa Mutualidade de Avogacía ou mediante a relación ao Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras Autónomas.

Polo tanto, a Mutualidade deixa de ser obrigatoria, pasando a ser un sistema adicional ao sistema público de Seguridade Social. Nembargantes, non obstante, a

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

estreita relación entre a mutualidade e os colexios profesionais fundadores da entidade facía que desde estes se fomentase entre as persoas que comezaban a exercer a acción pola entidade corporativa.

Dende ese mesmo ano, a mutualidade empeza a ter unha dupla oferta, como sistema de protección social alternativo ao RETA ou complementario a este.

A situación manteríase ata 2005, como xa ven tamén explicado na proposición, no ano no que se produce un cambio radical no sistema dos recoñecemento de prestacións de xubilación, pasando do sistema de capitalización colectiva de solidariedade interxeneracional ao de capitalización individual.

As reformas introducidas, tanto a alternatividade como a modificación do sistema de recoñecemento e devengo da prestación económica de xubilación provocou unha importante variación nas contías das prestacións esperables, sen que en moitos casos existise a opción real do cambio na cobertura. No caso de optar pola RETA, non se permitía o rescate das aportacións realizadas, nin sequera para destinalas ao sistema de protección social alternativo.

Así mesmo, ao tempo non se computaba a efectos de devengo da prestación da xubilación no sistema.

Polo tanto, trátanse dunhas cotizacións secuestradas, que non podían ser recuperadas ata a data da xubilación.

Para outro lado, a opción de abandonar a mutualidade e optar polo RETA implicaba comezar dende cero neste réximen, sen tempo, en moitos casos, para xerar dereito á prestación de xubilación.

Polo tanto, a cobertura social destas traballadoras e traballadores, pois está claro que é inxusta, que é precaria e que para moitos deles, non para todos afortunadamente, para moitos deles, pois se pode chegar a situacións moi lamentables dende unha perspectiva basicamente democrática e, dende logo, da mínima xustiza social. Pois agardamos ese voto a favor de toda a Corporación e moito ánimo a todas as persoas afectadas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a última quenda da primeira ronda para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Primeiro comezar dando a benvinda aos vecinos de Rubiás, de Pedreda, que estamos hoxe aquí tamén. Tamén aos colectivos do sector da limpeza que acaban de chegar e, por suposto, aos que afecta esta moción, ao sector da avogacía e dos procuradores, as avogadas e procuradores que estan hoxe aquí sentadas. Moitas gracias, benvidos ao salón de plenos. É un pracer que estean aquí todos vostedes para asistir a este debate.

Pouco deixou que dicir a compañeira Alvarellos. A favor, non podemos dicir outra cousa dende o Partido Popular, absolutamente a favor. Tan a favor que incluso hai dous días se votou na propia Deputación Provincial de Lugo esta mesma moción, a instancia do Partido Popular. Votouse tamén noutras administracións, a instancia de tódalas cores políticas. Con isto non quero dicir nin arrogar que o presentase o PSOE, que o presentase o Partido Popular ou calquera outro partido político, nin moito menos.

Con isto o único que quere dicir é que é un destes temas en política que están á marxe das siglas. Por tanto, é algo tan de sentido común que, con independencia do partido político no que militemos, estámolo presentando e estámolo defendendo todos, sobre todo, todos imos votar a favor.

E eu creo que isto é de sentido común, pero dá gusto cando chegan eses momentos cando todos apartamos as siglas para tirar por un mesmo camiño.

Non se me ocorre moito que engadir ao que dixo a señora Alvarellos, porque, efectivamente, describiu perfectamente a situación do sector da da avogacía, pero, se lles parece ben, vou contar a a miña experiencia persoal allea totalmente á profesión. Eu son enxeñeiro, non son avogado como a señora Alvarellos. Polo tanto, vou falar dende o punto de vista externo porque foi tamén toda unha novidade. E eu creo que ademais é importante que vexamos esta situación dende fóra, porque os avogados e os procuradores coñecen a súa situación, pero os que estamos fóra, non. E eu creo que é importante esa labor de difusión para que todos saiban a situación real deste colectivo e a xustiza do que están demandando.

Todo isto para o Partido Popular comezou hai un par de semana cando un par de compañeiros. Vou dar os nomes, porque son compañeiros de profesión: Fran Valado e Carmen José plantexáronnos unha reunión de traballo que o colectivo xurídico, do sector xurídico, de avogado e procuradores, estaba iniciando unha mobilización, estaba iniciando unha rolda de contactos para pedir o apoio a esta demanda.

A verdade, teño que dicir que cando nesa reunión estes dous compañeiros nos empezaron a contar a realidade do que se demandaba, non o podíamos nin crer.

Hai que ser sincero, quedamos abraiados e a verdade non podiamos nin crer o que se nos estaba dicindo.

É máis, eu son sincero, ao acabar esa reunión seguía dubidando de que realmente fose deste calado a situación.

Por iso plantexamos facer unha reunión e tivemos esa reunión con moitos dos que están aquí hoxe presentes. E eu creo que non me correxirán se digo que a miña cara de abraiado durante toda a reunión e as preguntas que fixen foron constantes. Eu non daba creto.

De feito custábame crer, como enxeñeiro, que o sector que nos defende, o sector da avogacía, puidese estar nesa situación, cando sodes os encargados de defendernos ante a lei. Entón aínda me custaba máis crer esta situación. Eu non podía crer o que se me estaba dicindo nesa reunión, que un avogado tras corenta anos de profesión tivese unha pensión de 400 ou 500 euros, non me entraban na cabeza. Non me entraba na cabeza que esas pensións que lles quedaban despois de 40 anos despois de profesión fosen de 500 euros e non fose revisables durante toda a xubilación. Tampouco me entraba na cabeza que non tivesen dereito á viudedade nin á orfandade. A quen se lle pode ocorrer isto? Ninguén de nós sabía esta información.

Tampouco teñen a mesma seguridade social que a que os que estamos aquí sentados, e incluso dos colectivos como o sector da limpeza. Non. Eles teñen outro sistema privado, non están dentro da Seguridade Social. Non teñen tarxeta europea, se van a Portugal non están cubertos. Eu iso non o sabía. Teño que demostrar a miña ignorancia.

Non teñen nin dereito a practicamente a baixa, 60 días en caso dunha baixa psiquiátrica en toda a vida. En toda a súa vida profesional. E un ano en toda a súa vida tamén se por exemplo teñen unha enfermidade grave como un cancro.

E isto, ademais, ata o 95 obrigóuselles a estar por este sistema de mutualidade. E cando se lle cambiou, dicíao moi ben a compañeira Alvarellos, tamén era unha certa trampa, porque non se lles permitía sacar o que pagaran durante toda a súa vida profesional para a cotización na Seguridade Social.

Por tanto, ante esta situación, o que piden é simplemente coller unha vida de traballo, coller os aforros que aportaron á mutualidade, pasalos ao RETA, como se fose calquera outro profesional e ter unha pensión digna e uns dereitos como podemos ter calquera de nós.

E esta situación é tan inxusto que todos a favor.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda de intervencións co grupo propoñente, coa portavoz do Partido Socialista, señora Alvarelos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa. Dá gusto, señor Ameijide, dá gusto cando estamos todos a unha, porque é moi importante que todos esteamos a unha. Precisamente simplemente quería facer unha serie de matizacións.

A proposición é similar. A nós cando nos deron a proposición, nin siquiera a modificamos porque está entrando en todos os sitios exactamente igual. Podíamos facer unha modificación, pero cremos que esa convén que sexa igual en todos os sitios, que non se meta... Depois cada un deféndeala como quere, pero que se meta.

Tamén nos plantexamos facer unha declaración institucional. Si que nolo plantexamos porque sabíamos que iamos estar todos de acordo, pero unha declaración institucional, compañeiras, non ía ter o mesmo efecto.

Non ía ter o mesmo efecto nin a mesma repercusión. Unha proposición neste pleno ou en calquera outro pleno, nas asembleas das Comunidades Autónomas... Ten moitísima máis repercusión e por iso creo que é importante, e así o decidimos o grupo municipal socialista, cando algunha de vós se dirixiu a min ou a calquera outro en calquera outra corporación. Por iso decidiuse que fose así.

Neste caso ademais, hai que ver como é a proposición. Instar ao goberno de España para que se fagan as modificacións normativas necesarias. Nós somos Partido Socialista, pertencemos ao Partido Socialista e o goberno de España, neste momento, o noso presidente é do Partido Socialista. E a nós non nos doen prendas en dicirlle ao noso presidente do noso goberno: Esta é unha situación inxusta e imos loitar por ela.

Isto non xurdiu antonte, porque levamos moito tempo, tanto J2 como Marea negra, loitando. E pódese ver en todas as redes sociais ao que estamos todos rechouchiando, poñendo, traballando...

Pero desde logo foi moi boa idea traela a todos os plenos, a todas as corporacións, a todas as asembleas. E por iso é moi importante esta proposición, e que non sexa unha simple declaración institucional.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Por certo, á Seguridade Social si que xa pertencemos dende o ano 2012. Si que tiñamos dereito xa á Seguridade Social, alomenos todos somos de turno oficio. Xa nese momento entramos, polo tanto, xa tivemos a tarxeta, por primeira vez. É certo que non temos a Tarxeta europea, pero todo o demais si, así que grazas a unha compañeira nosa, que teño que recordar aquí, porque traballou moito, que foi Begoña Santos, cando era Directora xeral de Xusticia e quero recordar aquí no goberno traballou moito para que tivéssemos a Seguridade Social, que non a tiñamos. Tiñamos que pagar seguros privados.

Polo tanto, iso tamén hai que recordalo. Non importa a cor do goberno. Hai que pedir cando é de xustiza e neste caso, pode.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora... Non? Quenda agora entón para o portavoz do Partido Popular, tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Está todo o dito. Está acreditado o apoio de todos os grupos e é un pracer, realmente, cando algo é así, cando algo tan xusto e unha demanda tan de sentido común, que temos que apoiar entre todos.

Igual que a que falaremos dentro duns momentos do sector da limpeza, que tamén obviamente son demandas que todos entendemos e que todos compartimos.

Por isto, eu creo que isto é a política tamén, entendernos cando algo de xusto e cando algo temos que defender entre todos.

E eu coincido co que dicía a señora Alvarellos, unha declaración institucional aquí non vale. Non vale porque isto... E eu dicíao na reunión que mantivemos. É importante a difusión, é importante para concienciar á xente, para lograr este cambio importante e que a xente saiba a realidade do sector. Que ás veces por vergoña, ao mellor nin se recoñece nin se difunde, pero é importante que se saiba.

E por iso é importante que se debata nos plenos dos concellos, nas deputacións, nos parlamentos autonómicos, e, por suposto, tamén no Congreso e no Senado.

É importante, porque o único xeito de cambiar as cousas é que se coñezan, que se valoren desta maneira, como pasará tamén co sector da limpeza. Tamén se conseguirán eses cambios.

Por iso eu abusei da confianza de dar o meu punto de vista, porque non podía aportar nada nin mellor do que fixo a compañeira Alvarellos, pero si podía aportar

esa visión do que descoñecía profundamente, a realidade destes profesionais que despois de 40 anos non teñen dereito a unha xubilación que nin sequera chegaba a unha non contributiva.

Esta é a realidade e eu sigo abraiado por esa situación e agardo que cambie, igual que cambio no seu día para os notarios, para os corredores de comercio.... Eu creo que esta é unha demanda absolutamente xusta.

Como digo, reitero, non son sospeitoso de ter ningún tipo de relación coa profesión. Sigo impresionado pola situación real que teñen estes profesionais e comprométoles todo o noso apoio, xa o tiveron dende o Partido Popular ese apoio en moitas institucións, en moitos concellos, en moitas deputacións e seguirano tendo ata o final, ata que consigan o obxectivo. Así que, grazas por acompañarnos hoxe aquí. Tedes todo o noso apoio, xa o sabedes, non fai falta que volo digamos, pero nuns intres votaremos a favor para seguir impulsando esa medida que estades conseguindo entre todos. En hora boa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas gracias. Pois última quenda para o grupo propoñente. Un minuto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa. Pois creo que non hai nada máis que dicir. Pero ademais do apoio, que xa o tedes, de toda a corporación municipal, que é moi importante, imos estar vixiantes, que iso tamén é moi importante. Non só é apoio, é vixiar, a ver como se desenvolve esta demanda. E, desde logo, este concello vai estar vixiante. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois dende o apoio e vixianza, imos votar esta proposición.

9/144 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NÚMERO 273/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O CONVENIO COLECTIVO DA LIMPEZA DE LUGO (Exp. 2023/G004/000997).

Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

“O sector da limpeza privada na provincia de Lugo é un sector que da emprego na actualidade arredor de 1800 traballadoras e traballadores. O seu convenio colectivo actual rematou a súa vixencia o día 31 de decembro de 2021.

Desde ese momento, hai case 2 anos, as traballadoras e traballadores do sector están regulados por un convenio colectivo cuxas táboas salariais son inferiores ao mercado polo S.M.I. Tras meses de demanda pola parte social de reclamar á patronal a negociación dun novo convenio colectivo, demanda á que a patronal estivo dando largas para finalmente na primavera deste ano 2023 sentarse a negociar cunha miserenta proposta, que no caso dos incrementos salariais suporía continuar por baixo do Salario Mínimo Interprofesional, proposta esta absolutamente indecente e indigna.

Debemos remarcar que o da limpeza é un sector maiormente feminizado e precarizado, onde o 95% do persoal son mulleres maiormente contratadas a tempo parcial, o cal supón unhas condicións laborais moi precarias fronte a unha patronal onde unha parte son pymes de Lugo, mais outra parte son empresas multinacionais con sede en Madrid e en mans das fortunas máis importantes do Estado Español.

Nesta situación as traballadoras e traballadores do sector levan en Folga Indefinida desde o pasado 16 de Outubro para reivindicar a sinatura dun convenio colectivo digno que garanta como mínimo superar o SMI e que garanta manter o poder adquisitivo en base a unha cláusula de revisión salarial, situación fronte á que a Patronal Estatal ASPEL actúa coa complicidade da CEL con absoluta pasividade e coa complicidade da CEL nesa actitude.

Por todo o anterior, o grupo municipal do BNG de Lugo solicita ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Amosar o apoio ao persoal do sector da limpeza da Provincia de Lugo na súa loita por un convenio digno.

- Instar as Patronais CEL e ASPEL a manter unha actitude negociadora áxil e dialogante que facilite que por medio da Mesa de negociación se poda chegar a un acordo entre as partes.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Amosar o apoio ao persoal do sector da limpeza da Provincia de Lugo na súa loita por un convenio digno.

SEGUNDO.- Instar as Patronais CEL e ASPEL a manter unha actitude negociadora áxil e dialogante que facilite que por medio da Mesa de negociación se poda chegar a un acordo entre as partes.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, cinco minutos para o grupo propoñente. Señora López.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi bo día a todos e a todas. Quero dar a benvida ás traballadoras que temos aquí, que nos acompañan no día de hoxe, do sector da limpeza, benvidas.

46. 46 son os días que estas traballadoras se manteñen en folga. E vou contextualizar. Estamos falando dun dos sectores máis feminizado e máis precarizado. En torno ao 95% dos traballadores que traballan no sector da limpeza son mulleres. E falo de que é moi precarizado dada a parcialidade das xornadas.

E vouvos dicir como están no día de hoxe. Isto iníciase no ano 2021, cando remata a vixencia do convenio colectivo que tiñan naqueles momentos.

Desde eses intres tiñan as táboas salariais sen actualizar. Están cobrando nestes momentos por debaixo do salario mínimo. Aquelas traballadoras que teñen a sorte de traballar a unha xornada completa están cobrando 13.594 euros, cando o salario mínimo está fixado en 15.120.

Esta é a situación destas traballadoras. E vouvos dicir cal é a posición da patronal nestes momentos.

Queren seguir por debaixo do salario mínimo interprofesional, queren aplicar a compensación e absorción da cláusula do complemento de antigüidade... É dicir, que calquera das traballadoras que leve 15, 20 ou 30 anos traballando, que cobren exactamente o mesmo que calquera que se incorpore a ese mercado laboral.

Néganse a aboar os atrasos correspondentes ao ano 2022. O único que queren facer é seguir precarizando a este sector, afogando ás traballadoras economicamente.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Quero recordar que este sector é dos que menos cobra, é dicir, na provincia de Lugo, son as que menos cobran de todo o Estado español.

Tamén quero recordar cal é a posición, que dalgunha das administracións, que si que tería moito que dicir nisto e que si que ten competencias para poder mediar e poder instar ás empresas a que se sentan a negociar coas traballadoras, como é neste caso a Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten competencias a través do Consello galego de Relacións Laborais para poder instar á empresa a que se sente a negociar, que o único que está facendo é demorando a negociación e trata de afogar economicamente ás traballadoras. Proba delo é que levamos 46 días de folga e a día de hoxe seguen lanzando propostas que son totalmente inaceptables.

Pero o papel do Partido Popular durante todo este procedemento non soamente é que a Xunta de Galicia está colocada de costas, senón, como vemos, como o pasado día 22, que tivemos aquí a visita do señor Rueda, é que estas traballadoras se quixeron achegar a el para así poder explicarlle cales eran as xustas e claras medidas de reivindicación, vemos como se agocha, escapa e entra a través do parking para poder acceder ao edificio da Xunta de Galicia. Non se quixo reunir con elas.

Pero non soamente isto. Vemos como o pasado día 15 de decembro a portavoz do Grupo Popular se reúne con este grupo de traballadoras, inicialmente poderían pensar elas quera para poñerse no seu lado, escoitar as súas reivindicacións, pero reúnese única e exclusivamente coas centrais sindicais que teñen representación das traballadoras do Concello.150. Soamente esas 150. E cando escoitamos as súas declaracións vemos en prensa como se di: Os políticos temos a responsabilidade de non esquecer (recordemos isto de non esquecer) o papel esencial das limpadoras nun traballo que tanto se eloxiou e se visibilizou durante a pandemia.

Diante disto, eu pregunteime, de cantas non se esquecen vostedes? De 150? Que pasa co resto, porque hai 1800 traballadoras afectadas. Que pasa, que para vostedes elas non contan? E imos seguir con todas as actuacións que tiveron diferentes, neste caso, concelleiros do Partido Popular, nesta loita. Vimos como realizaron numerosas chamadas ás AMPAS dos colexios de Lugo para boicotear a reivindicación que estas traballadoras estaban facendo, poñendo en contra aos pais coas traballadoras, culpabilizándoas de estar realizando un exercicio, que é o dereito á folga. Un dereito que, esas si, teñen recoñecido.

Eu creo que lles sería moito mellor que en vez de agarrar e facer esas chamadas, que chamasen aos representantes das CEL e invitalos a que se sentasen a negociar.

Porque estamos falando dunhas negociacións e dunhas reivindicacións que son totalmente lexítimas e de totalmente xusticia. Porque, mire, estamos falando de traballadoras que teñen que, algunhas delas, traballaren en tres, catro e cinco empresas para poder poder acadar un salario digno.

E o único que están reclamando é que lles paguen os atrasos do ano 2022, que lles paguen o SMI e que non perdan os dereitos que teñen acadados neses complementos laborais que teñen a día de hoxe. É o único que lles están. É iso o que lle están pedindo. Por isto invitar...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou a súa quenda. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas alcaldesa. Moi bo día a todos e a todas. En primeiro lugar, un saúdo aos veciños de Rubiás e de Pedreda. E extendería a avogados e procuradores, pero creo que se ausentaron. Mostrar o noso apoio e a nosa solidariedade con estas traballadoras que están levando unha loita tan desigual enfronte dunha patronal absolutamente insensible, que non amosa o máis mínimo interese en desbloquear a situación e que teñen incluso a desfachatez de presentar peores propostas cada vez que teñen reunións.

Cun empresariado local que non ten ningunha capacidade de influencia e cunhas multinacionais con sede en Madrid que, así están demostrando, teñen nulo interese nas condicións das súas traballadoras, que están soportando ademais unhas condicións que todos sabemos, pero das que me gustaría resaltar tres.

Xa se dixo, soldos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional. O peor convenio colectivo do Estado, o da limpeza, con moita diferenza, moi por debaixo da Coruña e de Pontevedra, etc., e obrigándoas a ter que simultanear o traballo en varias empresas para con moita dificultade e moito esforzo poder chegar sencillamente chegar a fin de mes.

Esta é a realidade, esta é a situación e a todos nos debería... Pois, a todos nos debería de implicar. Por isto, a nós sorpréndenos, e teño que dicilo, a falta de compromiso e a demagogia que neste aspecto está mostrando tanto o Partido Popular como a Xunta de Galicia, que resultan non entendibles, porque é a práctica habitual, pero si absolutamente inxusto, cunhas posicións tanto do señor delegado da Xunta en Galicia, como do propio presidente do partido, aquí presente, señora Candia, que non son as correctas, e voulles explicar o porqué.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

En primeiro lugar, o delegado territorial trasládanos a máxima presión posible a este concello, enviándonos unha misiva incendiaria na que nos anuncian as sete plagas bíblicas, infeccións, xérmenes, aire contaminado, epidemias... Se non actuamos nos colexios no sentido que eles nos propoñen.

Ou o que é o mesmo, estannos dicindo que hai que subir os servizos mínimos, ou o que é o mesmo tamén, na práctica o que están facendo é boicotear o dereito á folga destas traballadoras.

E claro que as folgas molestan e claro que causan prexuízos, pero ninguén convoca unha folga alegremente sen ter motivos e cando se lle cerran todas as portas como é esta ocasión.

E, logo, a señora Candia que primeiro se apresura a convocar unha reunión cada vez que sabe que se reuniron coa alcaldesa, por tanto cun tufillo de politizar o problema e sacar rédito político e logo, señora Candia, ven aquí pedíndonos que o Concello impulse un convenio colectivo propio. Cun convenio colectivo propio, nada menos. A sabendas de que iso só serviría para dividir ao colectivo, para debilitalo, para que tivesen menor forza... Porque como debería saber, os convenios colectivos, canto máis pequenos, menos forza para a parte social e máis forza para os empresarios como é o caso. Nada novo, a típica política "divide e vencerás".

E, mire, esa actitude só pode responder a dúas cousas: ou un profundo descoñecemento do funcionamento dos mecanismos das relacións laborais ou sinxelamente que non lle interesa o tema ou ao mellor incluso as dúas cousas.

E chegados a este punto, sabe que unha das poucas solucións que se poden plantexar pasa por esa mediación. Esa mediación é competencia da Xunta de Galicia. É a responsabilidade da Xunta de Galicia, ten mecanismos para facelo. Pero vostedes non deron o máis mínimo paso nese sentido e incluso teñen os traballadores agardando dende hai oito días a que se dignen a contestarlle e, mentres tanto, o que tratan é de pasar de ser percibidos e de trasladarlle o problema a outros, cando vostedes tamén os teñen en centros que dependen da súa xestión, por exemplo, nas Gándaras. Aí tamén haberá problemas de infección, de xermes, de pandemia... E non vexo a vostedes que non fagan nada, malia que nos consta que hai queixas tanto de usuarios como das propias familias.

Pero dende esa situación e desas posibilidades que se nos abren e que son competencia da Xunta faleilles máis...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o Partido Popular, señora Carballas.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Buenos días, gracias de nuevo, la alcaldesa. En primer lugar, quiero saludar a los y las profesionales del sector de la limpieza, mostrarles todo mi apoyo y el de mis compañeras. Os apoyamos, os estamos apoyando. Saludar también a los vecinos y vecinas de Rubias y Pedreda. Bueno, desde el grupo municipal del Partido Popular, lo decimos alto y claro: el apoyo a este sector es fundamental y prioritario. Las trabajadoras y trabajadores del sector de la limpieza realizan una labor fundamental para garantizar la seguridad e higiene tanto de los espacios públicos como privados. Es un trabajo que requiere dedicación, experiencia, tiempo y profesionalidad. Es un trabajo duro, muy duro. Es un trabajo sin horarios, un trabajo que no es agradecido. Detrás de cada jornada laboral, hay un día de lucha y entrega que no vemos. Detrás de cada trabajadora y de cada trabajador, hay una persona, hay una familia, hay unas circunstancias y hay una historia. Durante la crisis sanitaria del COVID, estas y estos profesionales demostraron una vez más su responsabilidad. Se pusieron en primera fila de batalla y jugaron uno de los papeles más importantes: protegernos y garantizar nuestra seguridad día tras día. Durante la pandemia, en los momentos tan difíciles y tan duros que vivimos, ellas y ellos fueron servicios esenciales. Ellas eran las que salían de casa todos los días cuando nadie se atrevía a salir de casa. Fueron momentos muy duros, lo pasamos muy mal. Personalmente, yo nunca olvidaré el sentimiento que sentía cada día por tener que salir de casa, porque yo también era servicio esencial. Recuerdo no atreverme, con perdón, ni tan siquiera a ir al baño, y en toda la jornada laboral, por miedo a coger el COVID. Recuerdo el no querer tocar nada por miedo a que lo hubiera tocado un compañero.

Y, sin embargo, ellas, ellas estuvieron limpiando, tocando, desinfectando cada día, cada dependencia. Estuvieron protegiéndonos ellas, sin tener nada, sin tener ellas mismas con lo que protegerse. Estuvieron limpiando sin medios. Gracias por protegernos, gracias por haber estado ahí.

Lamentablemente, muy lejos de ser reconocido, este sector, como bien dijeron mis compañeros, es un sector muy precarizado. Un sector en el que el 95% de sus trabajadoras son mujeres y un 80% de ellas con jornadas a tiempo parcial. Trabajadoras que se ven obligadas a trabajar en tres o cuatro sitios y que ni así llegan a la jornada completa, y desde luego, con salarios, ya no que estén por debajo del salario mínimo, sino que están muy por debajo de lo que se merecen. Insisto, salarios muy por debajo de lo que os merecéis. Un trabajo durísimo, un trabajo que os provoca muchas enfermedades profesionales. Esas trabajadoras se vieron obligadas a ponerse en huelga indefinida desde el pasado 16 de octubre, ante la negativa de poder negociar un convenio colectivo.

Convenio colectivo que lleva vencido desde finales del año 2021 y que sería, y qué seguiría vencido indefinidamente, si no fuese porque estas trabajadoras, estas

luchadoras, estas guerreras, se pusieron en huelga y se pusieron en huelga con el único objetivo de reivindicar lo que se merecen, de reivindicar unas condiciones laborales dignas y de conseguir una mejora salarial. No están pidiendo nada que no se merezcan, no estáis pidiendo nada que no os merezcáis. Estamos hablando de más de 1800 trabajadores y trabajadoras que lo único que quieren es luchar por sus derechos. Comparto con mis compañeras y con mis compañeros, estoy completamente de acuerdo, que el trabajo que realizáis es imprescindible y, en la mayoría de los casos, desgraciadamente, invisible. Ahora habéis alzado la voz juntas, unidas, y lo único que queréis es luchar por lo que os merecéis, porque estáis en una situación muy precaria, ante unas patronales, las cuales la mayoría son multinacionales. No podemos permitir que cuando se sienten a negociar, ofrezcan una subida salarial indigna, dejando las tablas por debajo del salario mínimo. Lleváis 46 días en huelga, 46 días sin cobrar, con el esfuerzo que eso significa, ya que muchas de vosotras estáis solas. 46 días pasando frío, bajo la lluvia, día tras día, solo para reivindicar lo que es vuestro, solo para reivindicar lo que os merecéis, y que nadie os esté dando. Estáis siendo un ejemplo, un ejemplo de lucha, de unidad, de humildad. Hace 46 días empezasteis vuestra pequeña gran revolución, y por eso debemos dar ejemplo desde las administraciones. No nos quedemos en palabras, vayamos a los hechos. Seamos ejemplares. Nosotros, desde el Grupo Municipal...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Finalizou o seu tempo... Finalizou o seu tempo. Empezamos a segunda rolda de intervencións co grupo propoñente. Tres minutos, señora López.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** A verdade é que quedo totalmente abraiada co que acabo de escoitar, totalmente abraiada. Porque, mire, que veñan aquí a facer ese discurso que a priori poderíamos compartir todo e logo despois que estivesen boicoteando e que estean boicoteando todo proceso agora durante todo este procedemento, fai falta ser, sinceramente, un pouquiño impúdico. Un poquito impúdico.

Imos recordar, e vostedes que teñen acceso directo, quen lle é a representante máxima do grupo Eulen, co que están en conflito estas traballadoras e os cales se negan a asinar e a sentarse cos traballadores. Señora Micaela Núñez Feijóo, imaxínome que a todos e a todas lles soará. Pois esta señora, forma parte do grupo Eulen. Esta señora forma parte do grupo Asper. É a irmá do seu xefe. Que problema teñen? Por que non falan con eles e se sentan a negociar coas traballadoras. Por que veñen con este discurso aquí? Que, sinceramente, é un pouco vergoñento despois de saber todo o que levan facendo vostedes. Non os vin

a ningunha de vostedes e ningunha das concentracións destas traballadoras. Onde estaban? Que pasa? Din aquí unha cousa... Pero, claro, aquí dentro, que non saia fóra, non sexa que vaíamos molestar o xefe.

Ese é o tema. Iso é o que está facendo. Un poquito vergoñento. De verdade, sinceramente, non esperaba isto de vostedes. Porque vostedes estaban na reunión que tiveron o día 15 coas traballadoras. Ás traballadoras dixéronlles que non presentasen a moción e que elas representaban aos 1800 traballadores, non a 150. E seguiron... Non, non. E seguiron e continuaron así. Non llo dixeron. Iso foi o que presentaron, o martes. Señor Ameijide, vostede estaba aí, na Deputación.

150 traballadoras. Neste caso das Deputación. Aquí en Lugo querían facer iso. 150 traballadoras que foi coas únicas coas que se reuniron.

Pero, ante todo, o dito, dende o grupo municipal do BNG de Lugo solicitamos ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro, amosar o apoio ao persoal do sector da limpeza da provincia de Lugo na súa loita por un convenio digno. A instar ás patronais CEL e ASPER a manter unha actitude negociadora, áxil e dialogante, que facilite por medio da mesa de negociación ese poder chegar a un acordo entre as partes.

Isto é o que queremos de vostedes, que apoiem ás traballadoras de forma real, non soamente en discursos totalmente baldíos, que é o que acabamos de escoitar agora.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas de novo, alcaldesa. Mire. señora portavoz do Partido Popular, créame que as traballadoras coñecen perfectamente a situación de inxustiza que están padecendo. Non fai falta que vostede lla describa con ese detalle porque a están sufrindo.

Como todos sabemos tamén que chegado este punto, como dicía na primeira intervención, é fundamental acudir a esa mediación para tratar de desbloquear o conflito.

E esa mediación quen ten, como lle dicía tamén, as competencias e a responsabilidade é a Xunta de Galicia. Para que teñen senón ese Consello Galego

de Relacións Laborais. Por que non o poñen a funcionar e o poñen a disposición das traballadoras? Pero, ademáis, de oficio. Non tiña que ser necesario se realmente estivésemos preocupados, como dicimos, de que o tivesen que aprobar unha assemblea de traballadoras e traballadores.

Póñanse a traballar, como dicía, insten á Xunta, exíxanlle á Xunta que poña a disposición ese Consello de Relacións Laborais. Porque, mire, isto non lle é un tema de politizar, nin de estratexias políticas, nin de farrapos de gaita, que se di na miña vila.

Este é un tema de todos á unha, de tratar de axudar a estas traballadoras nesa situación. Pero, claro, cada un na medida das súas competencias.

Miren, elas soamente piden algo tan revolucionario e tan imposible de conseguir que é un convenio xusto, un convenio xusto, cuns salarios xustos para poder levar o pan e os salarios ás súas casas e ás súas familias.

Se realmente están preocupados exíxanlle á Xunta, porque se non recordo mal levan oito días esperando a que a Xunta de Galicia lles conteste á petición de mediación, e non o tiveran a ben, senón que adiaron a data e creo que hoxe é o último día, pero ata o día de hoxe non tiveron contestación.

Por que se produce iso? Onde está o interese, onde está o compromiso? Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** A mí, la verdad, es que me parece increíble que traten de sacar rédito político a esta situación, esta situación que están viviendo las trabajadoras. ¿Dónde estaban ustedes en el año 2021 cuando venció el convenio colectivo? ¿Dónde estaban? Y, señor Fernández, yo creo que no todo vale, no. Aquí, mire, por ejemplo, usted señala que las empresas de limpieza no pueden competir con las grandes multinacionales, entonces, bueno, yo creo que el Ayuntamiento puede presentar unas bases ponderadas para que las empresas de Lugo puedan competir cuando se presentan a los contratos de la limpieza. Llevan ustedes más de 20 años gobernando y no han hecho nada. Ahora mismo están en el proceso de licitación del nuevo contrato de la limpieza, pueden usted aprovechar y hacer algo. Seamos ejemplares, no.

Yo creo que debemos apoyarlas independientemente del color o el lugar. Como ha visto en mi intervención, yo no eché valores fuera, me centré en un apoyo total y prioritario al sector, pero bueno, ya que ustedes quieren tratar de echar balones fuera, yo les puedo sacar aquí esto. ¿Sabéis lo que es? Son los pliegos del contrato del programa pedagógico de apoyar a la conciliación, el programa "Aprende Xogando" del Concello de Lugo, concretamente de la Consellería de Mujer e Igualdad, del servicio de igualdad. El 26 de mayo de 2023, ustedes publicaban este Pliego de Cláusulas Técnicas Administrativas y el gasto, las condiciones económicas, aquí el salario que ustedes pusieron era tan, tan, tan, tan ajustado que estaba por debajo del salario mínimo. En mayo, hace seis meses, ustedes publicaron un salario de 14.585 euros, cuando el salario mínimo eran 15.120. 500 euros por debajo. Ustedes, sí, los que están aquí, el gobierno del PSOE y del BNG, que ahora vienen queriéndonos dar lecciones porque los derechos, la igualdad y la violencia contra la mujer, ya se lo dije una vez, no se predica sino que se practica.

Y se practica en situaciones como esas.

Ustedes, los dos, PSOE y BNG, votaron en Junta de Gobierno la aprobación de estas bases, la aprobación de los gastos, de los gastos tan ajustados que, como, repito, estaban por debajo del salario mínimo. Y no es que estuvieran solo por debajo del salario mínimo, es que encima eran salarios para cuatro años y para esos cuatro años no incluían actualización de costes. Es decir, publicaban para un único importe, un único salario para cuatro años de servicio. Ustedes, señores del PSOE y del BNG, ¿cómo pueden publicar un pliego con esas condiciones y ahora venir aquí de salvadores del mundo? Y eso lo hizo la Concellería de Muller e Igualdad, el servicio de igualdad. El Concello de Lugo permitió unas cláusulas abusivas, unas condiciones económicas tan ajustadas que eso después se refleja en las trabajadoras, en los trabajadores y les aboca a la precariedad. Incluso una de las empresas decía: *que necesitaban saber cómo puede ser que la empresa cumpla una normativa laboral si no la cumplen los pliegos publicados en su oferta*. Así que, por favor, actúen.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo, señora Carballas. Pois última quenda de intervención para o grupo proponente, un minuto.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** É un orgullo para todos nós e todo traballo que levades facendo durante todos estes 46 días. Sodes un exemplo para toda a nosa sociedade. Seguíde así e eu espero que isto remate canto antes, porque as reivindicacións que vos estades facendo son totalmente xustas, son reivindicacións de mínimos. Estamos falando dunha negociación, pero nin sequera

poderíamos chamarlle negociación, porque non hai nada que negociar, porque o único que estades pedindo é que se cumpla a lei.

Pero estades facendo historia. E como digo, sodes un grupo de traballadoras moi loitadoras. Mil oitocentos traballadores afectados, e, como ben sabedes, a loita é o único camino. Felicidades traballadoras.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois en primeiro lugar darlles a benvida a todos e a todas, os que xa saíron tamén e aos que terán despois máis protagonismo con outro tema a debatir e de maneira especial neste punto ás traballadoras do servizo da limpeza.

Escoitar á señora Carballas ás veces facendo propostas que son ilegais, que incumprirían distintas normativas entre elas aquelas que atenden materia de emprego, onde ten as competencias a Xunta de Galicia, pois a verdade é que é sorprendente, como así o foi a súa intervención, facendo un recoñecemento pola súa labor que fixeron durante a pandemia.

Recoñecemento que este concello xa lles fixo, facéndolle entrega da medalla de ouro da cidade. Evidentemente haberá que recordar sempre aqueles anos difíciles onde estiveron ao pé, o sector e tiveron un recoñecemento o servizo da limpeza, que lle fixo entrega este concello, onde evidentemente non poden ser nominativas, pero onde están todos e cada un dos traballadores do servizo da limpeza, recoñecidos con este recoñecemento, igual que tiveron os servizos sanitarios, farmacia e alimentación, polas traballadoras que estaban tamén detrás dos caixeiros e se fixera entrega desa medalla de ouro da cidade. Máis aló de seguir recordando aqueles difíciles momentos e a labor tan importante que se fixo, hoxe este pleno non é para facer, como digo, ese recoñecemento, salvo a ese traballo, que xa o fixo o Concello, senón de seguir reivindicando unhas esixencias xustas e que ademais compartimos tal e como xa temos trasladado nese eido, pero está moi ben por parte do Partido Popular que nos agrada que se sume, pero non só chega con levantar a man hoxe neste pleno, senón aló onde teñen competencias de esixir que se execute, e son as competencias en materia de emprego, que son as competencias tamén en mediación e, polo tanto, a Xunta de Galicia ten moita responsabilidade e non vale que o grupo municipal do Partido Popular levante a man, pero non teña xa ese altavoz na Xunta de Galicia para esixirle á Xunta Galicia que esixa as súas competencias e darlle solución ao problema.

Porque, como moi ben se dicía, no transcurso do debate, pediron o xoves pasado 23, esa mediación onde teñen por lei que contestar en tres días e pediron un prazo de prolongación para contestar que esperemos que sexa o final positivo, esa

contestación se poida facer uso desa figura de intermediación, de mediación, e poida achegar a bos términos.

Pero a verdade é que mentres que o Partido Popular aquí di unha cousa, o delegado da Xunta de Galicia, o que representa ese órgano competente para dar solución a moitos deses problemas, nos mandaba como tamén moi ben se dixo unha carta case culpabilizándonos e esixíndonos que actuásemos ante os gravísimos problemas de saúde que se estaban dando.

Pero é curioso, e quero recalcalo novamente, porque se os nenos e nenas da nosa cidade son un colectivo moi vulnerable, non o son menos os maiores da nosa cidade, e o centro das Gándaras está, pois, nunhas situacións non de normalidade, porque senón, evidentemente, non estaríamos dando conta do servizo que fan as traballadoras e traballadores do servizo de limpeza, e evidentemente, non pode estar nas mesmas condicións, pero que o centro das Gándaras tamén está nunhas condicións que podan rozar esa insalubridade da que falaba o delegado da Xunta, pero diso non da conta nin se preocupa, nin lle preocupa, malia que si sigue habendo e hai queixas nese eido, pero aí está a presión e o dereito a manifestarse que teñen as traballadoras para darlle resposta a esta situación. E non só contentos cos escritos que, por certo, este tema sacámolo na reunión que tamén se fixo mención neste día que tivemos co presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda, e ata o señor Rueda lle deu un tirón de orellas ao delegado da Xunta de Galicia por esa carta incendiaria que mandaran.

Cremos que ao final o señor Rueda tamén ía ter esa delicadeza porque ata parecía que empatizaba tamén coa problemática, que ía ter esa delicadeza de cando menos achegarse a visitar, a falar, a conversar, para escoitar, porque é fundamental a escoita para ás veces coñecer ben os problemas, pois coas traballadoras e traballadores, que estaban alí concentrados, que nós nos achegamos a xunto delas, despois de que tivéssemos xa un primeiro encontro e mantivemos despois outro seguinte encontro.

E seguiremos ata intentar dar solución, porque non nos imos quedan só con levantar hoxe a man neste pleno, que levantaremos gustosamente, porque compartimos todas e cada unha das reivindicacións que están a facer, senón que seguiremos facéndolle un seguimento para que poidan acadar ese obxectivo que non é outro que pedir un convenio xusto.

E que non é outro, e esta frase non é menor, que o que están pedindo é o cumprimento da lei, que deberíamos as administracións, sobre todo aquelas que teñen a competencia, esixir que se cumpra a lei, e se cumprise a lei, ao mellor mellor estaban nas súas casas e nos seus traballos, e non aquí reivindicando o que nós hoxe imos compartir por unanimidade, pero, como digo, haberá que facerlle

seguemento despois para que se cumpra e se materialicen esas reivindicacións que están facendo.

Así que esperemos que con esta unanimidade, que a Xunta de Galicia que lle chegue o altavoz á Xunta de Galicia e que o grupo municipal do Partido Popular coa súa presidenta á cabeza, fale, porque poden falar, porque ademais teñen tamén dereito a voz e voto no Parlamento de Galicia, dúas das aquí presentes, que falen alí e que leven propostas e que con esta unanimidade de aquí se traslade alí e se lle dea solución aos problemas. Iremos proceder a votar a proposta do día e de hoxe.

10/145 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 287/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ELABORE UN PLAN DE MEDIDAS PARA A DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DA CIDADE E IMPULSE A MESA DE COMERCIO COMO CANLE DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E PROPOSTAS (Exp. 2023/G004/001010).

Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“O Grupo Municipal de Lugo do Partido Popular ven de manter diversas reunións con distintas asociacións representativas do comercio de proximidade co fin de intercambiar impresións sobre a súa situación e problemática actual.

As reivindicacións do sector son múltiples e de diversa tipoloxía: demandas froito dos cambios nos hábitos de compra da sociedade -que tanto ten prexudicado ao comercio retalista en xeral-, así como demandas específicas da nosa cidade, de Lugo, especialmente derivadas da falta de apoio específico da administración local ao pequeno comercio así como do xeito no que se están desenvolvendo as obras no casco histórico da nosa cidade e os problemas derivados dos seus graves atrasos.

No seo destas reunións, xurdiron unha serie de interesantes propostas que sen dúbida redundarán en apoiar e fortalecer ao sector do pequeno comercio.

A maiores, neste momento, aproxímanse as máis importantes campañas comerciais, como o Nadal e as *rebaixas de xaneiro*, polo que todas as administracións e partidos políticos temos a responsabilidade de unir esforzos para apoiar ao sector e establecer medidas que lle permita sobrevivir ás ameazas que lle acechan, globais e locais, e que en definitiva nos leve a que voltemos a mercar na tenda física.

Do mesmo xeito, o Concello de Lugo dispón da Mesa de Comercio Local, unha infrautilizada canle de intercambio de información e propostas que debe

aportar solucións a temas xerais ou puntuais do comercio local, pero que debe estar dotada de ferramentas que permitan a participación activa dos seus membros con carácter permanente e na que se teñen que ver representados os diferentes colectivos representativos do comercio da cidade.

En base ao exposto, este grupo municipal presenta esta proposición en positivo, co único fin de apoiar ao sector e trasladarlle ao goberno local unha parte das súas demandas máis recentes.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Posta en marcha de medidas de apoio ao comercio de proximidade que contribúa a dinamizar o sector e a fomentar o emprego local a través de:

1. Establecemento dun programa de bonos que incentiven a compra nos establecementos físicos da cidade, seguindo o modelo doutras cidades como Ourense ou Santiago de Compostela, e doutras administracións como a Xunta de Galicia, e que funcionaron con notable éxito.
2. Posta en marcha de axudas destinadas ao relevo xeracional dos comercios polo miúdo
3. Compensacións económicas e/ou bonificacións fiscais aos establecementos prexudicados polas obras que se están desenvolvendo no casco histórico e que, segundo información recente do concello, semella que algunhas delas van ampliar a súa duración e, por tanto, ampliar o prexuízo económico.
4. Reactivación e impulso da Mesa de Comercio Local como canle de intercambio continuo de información e propostas para o sector.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois por parte do Partido Popular, si? Pois cinco minutos, señora Sanz.

Porque impulsar un plan integral de protección á infancia é moi xenérico. E eu esperaba que nos desgranaran algunha medida do que con isto pretenden, porque se non o saben hai moitos protocolos para a protección da infancia.

É posible que incluso demasiados e en moitos deles o Concello é parte dese protocolo e nós colaboramos coa administracións que teñen neste caso as competencias da tutela de menores, por exemplo, e así, por exemplo, existe o protocolo de absentismo, no que o Concello colabora coas entidades educativas.

Por tanto, fáltanos un pouquiño esa concreción nesta medida. Evidentemente, concordamos todos con que con que se non coidamos da nosa infancia, se non apostamos pola nosa infancia e adolescencia, non temos futuro como Concello, como comunidade autónoma, como país, como humanidade.

Pero neste caso dudamos de cal é o propósito último deste plan. Para que? Para que o queremos facer? Que alcance tería, que profundidade e que custo? Porque tamén é moi importante. Porque, volvo recordar, a protección de menores é unha competencia da Xunta e non sei se nos están pretendendo cargar outra competencia da administración autonómica.

Evidentemente, a máxima colaboración. As concellerías implicadas nisto, como podemos ser Educación, Xuventude e Benestar, estamos coordinadas e estamos coordinados con profesionais da propia administración autonómica, nomeadamente a educativa, na que sempre estamos coa man tendida. E, de feito, xa digo, repito, hai protocolos nos que está establecido que así temos que facelo e todo o que non está protocolizado, porque evidentemente danse situacións, ademais, nunha sociedade que avanza e que se cambian moitos paradigmas e se dan situacións que non estaban recollidas nin protocolizadas en ningún lado e hai colaboración igual.

Entón, botamos moito en falta nesta proposta que nos pidan algo concreto, porque nós non podemos votar a favor de simplemente unha vaguedade, de hai que defender a infancia.

Aí supoño que estamos de acordo, pero non podemos asumir un compromiso con esa vaguedade.

Hai entidades sociais no Concello de Lugo que traballan no eido da infancia coas que colaboramos e hai asociacións, hai entidades deportivas que ás veces son as que detectan problemas e os poñen en coñecemento. Hai moitos tipos de desprotección na infancia e na adolescencia.

Hai menores con problemas propios deles, hai menores que veñen de familias con problemas. E temos unha rede de protección social neste concello que eu creo que non desmerece de ningún outro concello.

Temos unha axudas de emerxencia social, temos uns servizos sociais que funcionan e que, evidentemente, cando hai menores implicados, digamos, hai unha alerta a maiores, que se pon a funcionar.

E, evidentemente, tamén hai familias nas que a familia é o problema para o menor e nas que moitas veces hai que colaborar con forzas e corpos de seguridade, tanto locais como estatais.

Entón fáltanos moito iso, a ver se na seguinte intervención poden explicarnos un pouco que se pretende, pero, evidentemente, con esta textualidade non vemos moita posibilidade de votar a favor, aínda que concordamos con que calquera medida que se poida aplicar para a protección da infancia e que se poida propoñer sexa nun pleno ou sexa pasando por unha concellería, se é viable, imos aplicala. Moitas grazas.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Bueno, estoy muy satisfecho con su respuesta. Podemos ofrecernos nuestra colaboración, nuestra ayuda, incluso pedir ayuda a otras instituciones como la Xunta de Galicia, que conocerá usted la cantidad de programas y protocolos que tienen para estas cosas, pero considero que la redacción del plan son ustedes los que si se aprueba deberían llevarla a cabo, aunque nosotros voluntariamente nos presentamos para poder hacerlos también si quieren.

¿Por qué un plan integral de protección de la infancia? Esto no es una proposición caprichosa de este grupo municipal. Si cualquiera de ustedes visita un centro social y escucha a sus trabajadores, lo más probable es que entiendan, como nosotros, la

urgencia de lo que estamos pidiendo hoy aquí, porque los servicios sociales necesitan una herramienta que actúe en todo el ámbito del problema que estamos tratando.

Ojo, que tenga una respuesta coordinada, que contemple un sistema de prevención que detecte los problemas antes de que sucedan, que si suceden tengan una respuesta rápida y contundente, y lo más importante, que sea duradero en el tiempo, no como otros planes que están en el cajón.

Ustedes se alejan del problema, justificando que ya existen políticas destinadas a ello, pero son políticas que, a la vista está, no dan resultado.

Sino entonces por qué nos advierte con tanta preocupación de la necesidad de un plan para atajar estos problemas. Es aquí donde hago referencia a la escucha a la que se refería la alcaldesa en la anterior intervención.

Evitar la realidad no es más que ponerse una venda en los ojos y el perjudicado siempre es el mismo, el más vulnerable.

Señor concejal, estamos hablando de un tema especialmente delicado. Estamos hablando de niños y de niñas. La realidad es la que es. Ustedes tienen en su mano el poder de intentar cambiarla, aprovechen esta oportunidad y actúen. No esperen a que otros lo hagan y tampoco declinen sus responsabilidades en otros.

Y les voy a repetir lo que les dije antes, no se trata de un debate ideológico, no se trata de una discusión entre ustedes y nosotros, se trata de algo mucho más importante. Si un solo niño o niña es víctima de violencia, de desamparo, de protección, víctima de trata de seres humanos, víctima de explotación sexual, un solo niño, merece una respuesta contundente por nuestra parte.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, segunda quenda para o portavoz do Goberno, o concelleiro Rivas.

- **FELIPE RIVAS JORGE:** Grazas, falamos de protección á infancia. Miren, a Administración Autonómica vén de soportar o martes pasado unha folga do seu ensino, dos seus profesores e mestres, que o único que demandan, a parte dunha mellora das súas condicións laborais, que tampouco é baladí, o que demandan é máis tempo para atender ao seu alumnado. Unha parte moi importante, evidentemente, e niso concordamos, nos problemas da infancia é a detección.

Ás veces os nenos e nenas non manifestan, como pode facer un adulto, os problemas que teñen. Poden ser vítimas de calquera destas situacións que concordamos que non deben producirse e poder ou saber expresalo correctamente.

Quen máis tempo pasa con eses nenos e nenas, a parte das súas familias, en ocasións son os docentes. Os docentes levan tempo pedindo que lles deixan tempo para traballar co seu alumnado e van reducir as ratios máis ou menos para 2040 ou así.

Entón, volvo repetir o mesmo. Ás competencias, e ás veces é moi jorobado abocarse a isto, pero as competencias non son do Concello. Nós gastamos varios millóns de euros ao ano en competencias impropias. Se estamos falando de coordinación. De acordo. Coordinémonos. Iso tamén implica un gasto laboral por parte do Concello, pero o que se está producindo. Por iso non acabo de entender a fundamentación de pedir unha cousa que se está facendo. As traballadoras de servizos sociais deste concello, entréganse en corpo e alma cando hai un menor por medio.

Sabémolo, e eu teño a experiencia de telo visto. Entón, estanse dando solucións e, evidentemente, o problema grande pode ser a detección desas situacións. Si, poden selo. Quen pode axudar moitísimo? A administración educativa. Na administración educativa, os seus profesionais están pedindo ter máis recursos tamén para isto. Para poder detectar e acompañar a eses nenos.

Non, non é o Concello, non é o Concello quen ten que cargar coa responsabilidade. Si coa cooperación. E niso garantímola, pero non coa responsabilidade de protección da infancia, como non se están pedindo. Nada máis.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo proponente, un minuto.

- **GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY:** Les voy a leer algo:

"El presente Plan Integral Municipal de Infancia y Adolescencia de Lugo nace de nuestro compromiso firme de apostar por las políticas de infancia a nivel local y con la finalidad de trabajar coordinadamente para aquellos niños, niñas y adolescentes lucenses, crezcan y se desarrollen como ciudadanos e ciudadanas de pleno derecho. Se trata, en definitiva, de hacer de la ciudad de Lugo una ciudad amiga de

la infancia donde los derechos de los niños, niñas y adolescentes se vean cumplidos".

¿Le suena este texto? Efectivamente, le tiene que sonar. Son palabras que José López Orozco pronunció en el año 2011 en este mismo salón. Demuestren que sus principios no son meras palabras. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois procedemos entón a votar a proposta.

13/148 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 290/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A VALORAR O EDIFICIO SITO NA RONDA DA MURALLA 131 COMO SEDE DA COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL EN LUGO (Exp. 2023/G004/001013).

Vista a antedita proposición cuxo teor é o seguinte:

“A comisaría da Policía Nacional de Lugo é un edificio con máis de 50 anos de antigüidade que co tempo e a falta de actualización foi quedando obsoleto e limitado en espazos.

Foi xa no ano 2010 cando o Partido Popular propoñía en pleno a “constitución dunha mesa de traballo que teña por finalidade realizar un estudo serio sobre a viabilidade dunha residencia de anciáns, asistidos e non asistidos, así como calquera outro uso que se considere máis axeitado nos terreos e edificacións do actual Hospital Xeral non ocupados polos usos previstos na actualidade ou no futuro pola Consellería de Sanidade”, opción que non referendaron ningún dos grupos que hoxe conforman o goberno da nosa cidade.

Ao longo destes anos o Partido Popular sempre apostou por levar todas as dependencias da Comisaría de Policía ao edificio de hospitalización do antigo Hospital Xeral Calde, ou se non fose posible a súa recuperación (a valoración dos técnicos da Dirección General de la Policía) a construción dunha edificación que albergase ditas instalacións, votando favorablemente a iniciativa de C’s para “instar ao goberno de España a incluír nos PGE 2022 a nova comisaría de Policía Nacional” (unicamente votou en contra o Grupo Municipal do PSOE).

A maiores disto, a Comisaría da Policía Nacional de Lugo foi un tema moi presente no Hemiciclo do Senado, onde o Goberno central respostou aos senadores lucenses do Partido Popular que non hai ningún tipo de proxecto, nin estudio de viabilidade para poñer en marcha unha nova Comisaría de Policía en Lugo.

Neste intre procede tomar decisións orientadas a dotar á Policía Nacional dunhas instalacións axeitadas ás súas necesidades e a opción que poñemos sobre a mesa daría lugar a unha comisaría espaciosa, moderna e tamén sostible, xa que empregaría un edificio que a día de hoxe está infrutilizado.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Demandarlle ao Ministerio de Interior a necesidade de impulsar unha nova comisaría para a Policía Nacional de Lugo valorando, como posible alternativa para a súa localización, o edificio sito na ronda da Muralla, 131.
2. Instar á Xunta de Galicia para que, unha vez acordado o primeiro punto, transfira ao goberno central os dous pisos da súa propiedade que se atopan no citado inmovible, así como condicionar este traspaso a que, unha vez que o Ministerio acepte esta cesión, acondicione o edificio cos servizos propios dunha comisaría do século XXI.
3. Que no caso de non fructificar esta opción, o goberno local acadará de xeito inmediato unha nova ubicación NO BARRIO da RESIDENCIA ou, no seu defecto, NA ZONA NORTE DA CIDADE para impulsar a construción dunha nova Comisaría da Policía Nacional, cunhas infraestruturas e espazos suficientes para prestar servizos a cidadanía e mellorar as condicións laborais dos axentes e dos usuarios.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. por parte do do grupo propoñente, señora Candia, cinco minutos.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pois moi bo día a todas e todos e moitas grazas. Xa case liderando ranking de persoa citada despois de Xunta de Galicia. Creo que no seguinte pleno xa pasarei a ser a primeira.

Tomo a palabra para defender o que creo que é unha infraestrutura necesaria para a nosa cidade. Que Lugo necesita unha nova infraestrutura para a Policía Nacional ninguén o dubida. Dende o punto de vista dos propios traballadores que fan uso dela, tanto Policía Nacional como o resto de traballadores, necesitan uns espazos para prestar o servizo de maneira razoable. Con taquillas, con duchas, con accesibilidade, con privacidade... Díxose en repetidas ocasións, en reunións públicas e privadas, que os usuarios non poden tampouco nin prestar e presentar unha denuncia garantindo o básico para elo que é a intimidade, a confidencialidade, pois un espazo seguro tamén é algo indiscutible por parte de todos, incluso desde o punto de vista económico, porque todos sabemos que se está pagando por alugueres, por exemplo, onde se dá o servizo do Documento Nacional de Identidade, que de ter unha infraestrutura dunhas dimensións axeitadas, pois sería máis eficiente e todo creo que quedaría perfectamente definido.

Creo que é un debate aceptado por todos. Creo que incluso tamén é un debate o compromiso de todos os ministros que dende o ano 16 polo menos ou se cadra un pouco antes. Digo esa data porque aí apareceu con nomes e apelidos nos orzamentos do Estado e había un compromiso con esta cidade de que esa infraestrutura fose unha realidade.

Por agora, pois todo iso quedou efectivamente no papel e esa partida orzamentaria, con nomes e apelidos, desapareceu no ano 18, pero si nos consta por cartas que o propio ministro Marlasca dicía que esta infraestrutura estaba incluída dentro do Plan de Infraestruturas de Seguridade do Estado.

É dicir, é indiscutible que se necesita por parte de policía, usuarios e políticos da cidade. É indiscutible que o goberno do Estado ten ese compromiso. Eu quero dicilo así, todos, indudablemente, Partido Popular, que non goberna dende o ano 18, creo que non é necesario recordar como foi desaloxado do goberno, como o propio presidente Sánchez, que goberna dende 18 e acaba de renovar sendo moi xeneroso coas necesidades doutras comunidades autónomas, como aquí tamén se dixo... Creo que todo iso está claro. Parece que o que falta é unha ubicación. Pois ben, máis alá e despois de escoitar que neste concello as empresas non cobran porque non saben presentar as facturas, que o comercio non quere subvencións, senón que non sabe moi ben como facelo e prefire que se lle oriente.

Todo iso, que nos viñeron dando leccións de todo, porque hai que recoñecer que vostedes son os mellores en todo e, por iso, evidentemente, perden constantemente as eleccións.

Hoxe traemos unha proposta de maneira absolutamente construtiva e con moitas alternativas, cun obxectivo, que ese compromiso se materialice e realmente sexa unha realidade e Lugo non teña máis pero tampouco menos que outras provincias.

Vou ler exactamente a proposta e demandar ao Ministerio a necesidade de impulsar unha nova comisaría e aí vén a nosa proposta, valorando como unha posible alternativa para a súa ubicación o edificio de rolda da Muralla número 131.

Se esta proposta é aceptada que se inste á Xunta de Galicia para que ceda as dúas plantas que neste momento están, entendemos, infrautilizadas, e que permita dende o punto de vista técnico ter unha comisaría propia ao século no que estamos, que no caso de que esa ubicación tecnicamente non sexa posible, ou consideran politicamente, que aposten por outra ubicación na zona norte da cidade, no barrio da Residencia. E imos un paso máis, enmendamos a nosa proposta apuntando por dúas posibles ubicacións, que, evidentemente, este grupo tamén apoiaría, como pode ser a zona do Castiñeiro ou Abella.

Todo elo cun único obxectivo, que pase de seren palabras a feitos, que se avance na redacción dun proxecto e que se lle dea resposta a unha demanda que, como digo, creo que había unanimidade política, onde todos indubidablemente teñen moito que dicir, pero o que queda, e mirando ao presente e ao futuro, é moito por facer.

É triste que miremos a Ourense con envexa polo AVE, pero é que tamén miramos con envexa polas infraestruturas que teñen en materia, por exemplo, de Policía Nacional e da súa comisaría.

Entón, creo que debemos deixar de ser o vagón de cola e creo que neste momento temos todos os ingredientes para conquistar un acordo unánime que así se traslade ao Ministerio.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do goberno, a concelleira... Si, por parte do partido do Bloque Nacionalista Galego, o seu portavoz, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Hai cousas que me sorprenden co tema da Comisaría e o Partido Popular. Eu lembro aló pola primavera de 2011 nunha campaña das municipais, o Partido Popular falar xa da comisaría, de esixirlle ao goberno do Estado a Comisaría.

Estou falando da primavera do 2011. Houbo un tal Mariano Rajoi, que foi presidente do Goberno, nunhas eleccións do 20 de novembro de 2011, que foi presidente do goberno central durante sete anos, pero que nin a primeira pedra da comisaría. É máis, durante ese tempo a comisaría estivo dando voltas por todo Lugo, a súa ubicación, e ao final, pois non se soubo nin para onde ía ir.

Pero logo aquí aparece esta proposta no día de hoxe que a min paréceme realmente sorprendente na ubicación que se quere levar. Por varias razóns. Ademáis comentaba a voceira do Partido Popular que o que Lugo tiña que ter era unha comisaría moderna. E unha Comisaría moderna ímola levar a un edificio antigo, un edificio antigo que eu por circunstancias vitais coñezo bastante ben. Que, home, non sei o que precisa unha comisaría, pero a min me dá que ese edificio non encaixa nin mellora nada practicamente do edificio actual.

Pero é que eu ademais véxolle que aquí hai outro punto por detrás, que é onde pode tamén estar a cuestión, que é todo o que se intentou durante anos, mentres gobernou o Partido Popular no Estado de desmantelar a Delegación de Fomento en Lugo. Como se foi desmantelando para algo que todos os traballadores e traballadoras do propio Ministerio saben que o que se quere é pechar a delegación en Lugo para centralizar en Coruña.

Posiblemente estea detrás tamén esta cuestión de levar a comisaría para ese edificio, para liquidar o Ministerio, a Delegación de Lugo, precisamente da súa ubicación actual.

Polo tanto, eu non sei que se busca aquí. Levar un edificio antigo, un edificio que agora mesmo ten usos, que ten unha delegación dun Ministerio que está alí asentado e non lle vexo ningún tipo de beneficio práctico.

Aquí agora fálase dunha enmenda de engádega da posibilidade de levarla á zona do Castiñeiro, á Abella, pois aquí péchase a cadratura do círculo. Marabilloso. Non hai uns terreos aí que ten a Xunta de Galicia, que non sabe que facer con eles, que ía construír vivenda e que agora se quere levar...? Pode darllos ao Ministerio do Interior e que constrúa aí a comisaría, non? Eu creo que alternativas hai bastantes para min esta de levalo ao antigo edificio de obras públicas paréceme a máis rocambolesca. Sen lugar a dúbidas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi moitas grazas. A portavoz do Partido Socialistas, señora Alvarellas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Mire, señora Candia. Eu non sei se é a máis citada, que o dubido. Durante todo iso, como di vostede despois da Xunta de Galicia, o que é é a menos escoitada, porque falar non fala nada. Será voceira do Partido Popular, pero aquí, esta é a duodécima proposición e é a primeira vez que a oín falar. Polo tanto, non sei se é a máis mencionada, pero desde logo, a que menos fala desde logo.

Dito isto, o primeiro que queremos dicir, estando de acordo en parte co que di o meu compañeiro de goberno de goberno porque creo que hai varias cousas que hai que matizar.

Estamos de acordo coa necesidade de que a Comisaría da Policía Nacional dispoña de novas instalacións acordes coas necesidades que ten este corpo, porque somos conscientes que unha mellora nos equipamentos redundará igualmente nunha mellora da prestación dos seus servizos e, por tanto, na seguridade e protección dos nosos cidadáns.

A implementación de novas dotacións é sempre unha boa noticia para a cidade, porque máis aló do cometido que desempeñen nela, son tamén un revulsivo para toda a zona na que se asentán.

A este respecto, o posicionamento do Partido Socialista sempre foi o de apoiar as reivindicacións do colectivo veciñal que durante moitos anos, agora parece que se olvidaron, reclamaron a súa creación esta nova comisaría na contorna da Residencia, onde xa foi anunciada, como dicía o compañeiro Rubén Arroxó, a súa construción polo anterior presidente da Xunta no ano 17.

Pero non só foi anunciado, senón que o propio Núñez Feijóo así llo trasladou a quen naquel momento era ministro do Interior, Juan Ignacio Zoido, nunha reunión mantida ese mesmo mes dese mesmo ano. Entre a Secretaría de Estado e Seguridade e o conselleiro de Facenda e que tiña como obxectivo facer unha avaliación desa posibilidade para comezar os proxectos de construción. Unha proposta, por certo, que dende o Concello se valoraba con cautela debido ás promesas da Xunta para revitalizar a zona que xa viñan do ano 2011, pero naquel momento non se vía nada.

Porén, apelando á sinceridade daquela promesa feita pola Xunta para asentar a nova Comisaría de Policía na parcela que hoxe ocupa o Centro Integral de Saúde da Residencia por non haber, non houbo nin estudos previos. Non houbo nada, o máis cerca que estivo ese barrio de contar coa futura Comisaría foi un bosquejo, un borrador de debuxo que ensinou ao señor Núñez Feijóo, durante o acto de presentación dese proxecto inicial, e finalmente non se materializou como anunciaba.

E, de feito, cómpre tamén lembrar aquí que no momento de cambio de goberno en pleno debate da moción de censura, cando se vía perdido o señor Rajoy, foi a propia Xunta de Galicia, isto hai que recordalo, a que aprobou deixar sen efectos os acordos que adoptara previamente para a retrocesión ao estado do Vello Xeral, algo que resultaba imprescindible para ampliar os usos non sanitarios do complexo, incluída a comisaría. Porque como sabedes, o chan é do Instituto Nacional da Seguridade Social e só podía cedelo para usos sanitarios.

E o que fixeron, "coa lealdade de sempre" do Partido Popular cos veciños de Lugo, tirar abaixo todo para que non se fixese.

Durante anos posteriores solicitamos moitas veces información á Xunta para que explicase cal era o terreo que se ía ampliar na residencia. Nunca chegou esa resposta. Non só non chegou, senón que un día Lugo se atopou con que xa non había terreos no CIS para facer este espazo. A residencia de maiores que estaba prevista xa ocupaba todo. Polo tanto, non fixeran nin os cálculos, obra, por certo, é de xustiza recoñecer, que executa Amancio Ortega.

E o chan é do Instituto Nacional da Seguridade Social, e como di nos seus informes a Valedora do Pobo, concretamente no ano 2021, Amancio Ortega é o salvador da Xunta de Galicia ao paliar o déficit de residencias de maiores nas zonas urbanas.

Esa era ata o momento a realidade do compromiso do Partido Popular coa comisaría e coa Residencia, un barrio que, señora Candia, vólvoa a mencionar, menciónome a min mesma, xa somos veciñas do barrio da Residencia vostede e máis eu. E iso que vivimos na rúa da Raíña e ao lado da Subdelegación do Gobierno. Porque parece que se vai estirando como un chicle. Dentro de pouco xa somos todos veciños da Residencia.

Voume acordar do meu compañeiro, que creo que ten que levar un mapa, que prometiches un mapa en plena campaña, que hai que entregarlle un mapa para saber ata onde chega o barrio da Residencia.

Pero isto é o que temos ata este momento, pero máis alá diso, o que queremos dicir é que nós xa fixemos dúas propostas. Xa hai tempos e as están valorando como son o Castiñeiro... Non veñan agora para despois dicir, "nós tamén as propuxemos". É que é un pouco vergoñento encomendarse a si mesma para subirse a un carro porque, como dicía o compañeiro Rubén Arroxó, o que provoca...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda de intervencións. Señora Candia, tres minutos.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Señora Alvarellos, eu creo que se pode argumentar e debater sen faltar nunca ao respecto. Certamente, nese debate nunca me van atopar, nin cando falo nin cando estou en silencio.

O que é unha realidade é que o barrio da Residencia mira ao futuro con esperanza e ilusión, porque o que eran promesas hoxe son feitos e o que eran partidas orzamentarias hoxe son os servizos. E mal que lles pese, foi grazas a unha palabra dada e cumprida pola Xunta de Galicia. Esa administración que constantemente están denostando e que segue sendo a garantista dos principais servizos nesta cidade.

Señor Arroxo, o Partido Popular ten perfectamente claro con esta proposta o que quere, o señor Rajoy non governa o noso país dende o ano 18. Como ben apuntaban todos os compromisos do barrio da Residencia, cumpríronse. E o Concello de Lugo, do que vostede ben é certo que moitas veces actúa e outras veces se pon de perfil, foi incapaz de propoñer unha ubicación para a construción desa comisaría.

O Partido Popular quere unha nova comisaría para Lugo. Vostede tamén? Pois se vostede tamén paréceme imposible que de todas as propostas que lle pon esta enmenda non lle encaixe ningunha, porque é o que se busca, que este debate non quede no caixón, que ese compromiso se cumpra, non como o acordo plenario de hai uns anos, onde todo o mundo estaba de acordo, pero tampouco se avanzaba.

Esta proposta non se mete con ninguén. Está a favor de todo o mundo. O barrio do Castiñeiro, xa os propios veciños o propuxeron cando se manifestaron, e este grupo o apoiou, en que alí non se fixese vivenda pública. Que tampouco queremos renunciar a que se faga en Lugo, pero non alí.

E naquel momento se lle contestou por parte desta administración que era imposible urbanisticamente. Se agora lle encontraron encaixe, tamén nos vale como ubicación, pero que non lle pareza mal que propoñamos dunha maneira que sexa difícil que vostedes digan que non.

Se non lles gusta o edificio da Ronda da Muralla, díganlo. Non pasa nada. Sabemos que ten apoios e sabemos que podía ser unha iniciativa a estudar. Parece increíble que defendan unha cidade verde sostible e ao mesmo tempo estean en contra de rehabilitar inmobles e que pretendan construír un novo se hai algún que poida ser aproveitable. Non a calquera prezo nin que sexa unha chapuza, que sexa unha infraestrutura propia do século XXI.

E se ese non lles vale, vaian vostedes ao Castiñeiro ou a Abella. Iso si, na zona norte, porque aínda que o ignoran, seguimos decindo que ten uns graves problemas de seguridade e hai unha grande demanda veciñal que reivindica que na zona norte quede esa infraestrutura.

E dígollo ben, sen dicir que vostede non sabe, sen dicir que vostede non se entera. Dígollo porque a respecto como o concelleira e como compañeira, como respecto ao resto da corporación. Estamos aquí para sumar, mal que lles pese, falando ou caladas.

Representamos a unha parte moi importante desta cidade e seguiremos traballando, gústelles máis ou gústelles menos, con educación e con respecto.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois segunda quenda para o portavoz do BNG, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Eu creo que se estivo a unha frase é dicir que que non haxa comisaría en Lugo é culpa do Concello de Lugo. Cando, efectivamente, Mariano Rajoy non é hoxe o presidente do Goberno central, pero foi sete anos e falaba... E o propio Partido Popular falaba e prometía a Comisaría de Policía no barrio da Residencia, antes incluso de que Mariano Rajoy fose presidente do goberno.

E, oia, alégrome de que a Xunta fixese o que tiña que facer no barrio da Residencia. Tardou catorce anos, estivo catorce anos prometendo. Despois fixo. Home, supoño que en catorce anos si que dá tempo a facer algunha cousa. Polo tanto, de cando en vez se acordan de Lugo. Cada década e media.

Efectivamente, eu creo que iso, aquí todo o mundo sabe que se necesita unha comisaría nova, xa se leva tratando moitísimos anos, pero volvo ao mesmo, se a Comisaría nova vai ser nun edificio vello, nun edificio que eu creo que non vai cumprir as características que ten que ter unha unha Comisaría.... E, por certo, o que decía a compañeira Paula Alvarellós, o edificio de obras públicas está na Ronda da Muralla. Está no centro da cidade, non está nin no barrio do Castiñeiro nin no barrio da Residencia nin na zona norte, como se propón dende o Partido Popular. Entón, polo tanto, o que haberá que facer, o que lles haberá que facer será un edificio novo, un edificio que cumpra as características e no lugar adecuado.

Lanzar así ideas que se lle poden ocorrer a un día tomando un café pola mañá, pois creo que non é o máis acaído para ter un proxecto de cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Socialista, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois creo que non lle faltei ao respecto. Nunca o faría, nunca o faría, nunca lle falaría con mala educación, porque aí si que non me encontra a min. Nunca ninguén lle poderá dicir que lle falei con falta de respecto, con falta de educación. Iso é o primeiro que quero dicir. O que pasa é que oír verdades doe e entón sáese así: "insultoume, faltoume ao respecto". Porque oír verdades... Eu non lle faltaría nunca ao respecto. Iso é o primeiro que quero dicir.

Pero o que quería dicir é que esa proposta. Aquí hai dúas propostas: a alcaldesa xa trasladou ao Goberno, concretamente ao Partido Socialista, trasladoulla hai tempo xa o antigo comisario actual, que o do barrio do Castiñeiro ás inmediateiros da Avenida de Breogán.

E vós? O voso grupo ten outra proposta. Unha proposta descabellada. E non coñecer para nada, como di o señor Rubén Arroxó, non coñecer para nada un edificio. Ademais, como se chama isto, disparar con pólvora de rei. Eu teño dous pisos nun edificio de cinco plantas. Como eu non os teño ocupados, propoño isto. Disparar con pólvora de rei.

Por certo, na propia proposición falan diso. Edificio infrautilizado. Como teñen moitos edificios infrautilizados: APSNAIS, como teñen, por exemplo, o antigo Calde, coas necesidades que hai nesta cidade... Teñen alí dous pisos completamente baleiros e aínda o recoñecen e non ofrecen a ninguén coas necesidades da sociedade... Xa non digo asociacións... Mil cousas que se poden ofrecer. Pero o resto e tal...

Sabe que aí dentro hai 69 traballadores? Voulle dicir, mire. En Telecomunicacións, oito; en Costas, once, en Estradas 22; na Confederación Hidrográfica Miño-Sil, 28. 69 traballadores.

Infrautilizada para vostedes, pero alí están eses traballadores. Que facemos con eses traballadores? Haberá que buscarlles outro...

Quere... Ou sexa, imos rehabilitar un edificio para sacar a 69 traballadores para metelos onde? Na oficina... Onde está hoxe a Comisaría? Iso é que non coñecen ese edificio. Eu coñezoo porque son case 30 anos de profesión e baixei moito alí.

Moito alí. E pasei moitas horas alí. Iso é imposible. Ou sexa, hai que baleirar dos edificios. Esa sostibilidade que se plantexa.

Hai que baleirar dous edificios. Entretanto haberá que alquilar un edificio para meter aos 69 traballadores... Descabellado, descabellado.

Isto non é mala educación, señora Candia. Eu non a estou insultando. Non lle estou faltando á educación. Simplemente estoulle dicindo que está facendo unha proposición absolutamente descabellada, pero deuse de conta. Deuse de conta que era descabellada.

Por iso se enmendou a sí mesma no último momento para dicir: "Non, eu tamén propoñía o Castiñeiro ou a avenida de..."

A ver, hai que saber recoñecer, señora Candia, hai que saber recoñecer. Ríase pero hai que saber recoñecer. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para a portavoz do Partido Popular, señora Candia.

- **MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** O importante é que recoñecemos que se necesita unha nova oficina para a Comisaría.

Eu pódolle garantir que non é unha proposta descabellada. Non podo ter a certeza se é tecnicamente imposible, porque para iso se insta ao Ministerio. Para iso, o equipo de arquitectura queremos que faga a visita e que faga a proposta. Igualmente as dúas parcelas que vostede cita. Se efectivamente dende o punto de vista técnico e urbanístico pode ser unha ubicación axeitada.

Pero o que é o importante?, que como dicía dende o ano 18 goberna este país o Partido Socialista e que grazas a esta proposta tan descabellada volvemos outra vez a poñer no centro do debate, unha infraestrutura á que dende logo, o Partido Popular non está disposto a renunciar. E se isto serviu, aínda que descalifique, para volver a instar ao Ministerio a que cumpra con Lugo, que bastante esquecidos nos ten, esa énfase que pon coa Xunta de Galicia, con todas aquelas institucións nas que non goberna o seu color político, tena co Ministerio, seguro que chegaremos a bo porto, así que eu prégoles que antes de votar en contra, lean o que se propón e non desacrediten unha proposta que vén moi consensuada e moi analizada.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas, finalizou a súa quenda.

É certo que dende o ano 2018 goberna o Partido Socialista, que entreou cunha moción de censura para acabar coa corrupción manifesta que había naquel momento, por parte de quen ostentaba o goberno que, por certo, o señor Rajoy levaba dende o ano 11, como ben se dixo, porque ás veces dá a sensación de que acaba de vir e leva moitos anos vostede xa no mundo da política, señora Candia. Creo que se non recordo mal, dende o ano 2003. E a parte naquel momento ao mellor só tiña responsabilidades no Concello de Mondoñedo, pero despois foi asumindo responsabilidades con carácter provincial dende a Deputación, en temas orgánicos e incluso liderando o Partido Popular na provincia dende hai moitos anos e previo a isto tamén con responsabilidades dentro do Partido Popular a nivel provincial.

Esta é unha demanda que xa vén de vello, como dixo que viña aquí en aras a sumar e tal... Lástima que non se acordase de sumar en todos estes anos anteriores, porque tampouco a vimos nunca mostrase a favor disto, malia que, como moi ben dixo, fora e o señor Barreiro quen falara desta comisaría e quen puxo a ubicación, porque foi o señor Barreiro de levalo para o barrio da Residencia, unha vez que quedaban eses espazos baleiros desas promesas, porque tamén compartimos, que ao final se están materializando, pero cantos anos despois? Por que temos que esperar sempre os lucenses anos e anos para materializar os proxectos?

Dende o ano 2011, que ademais se sabía con anterioridade que desde o ano 2011 deixaban de funcionar todos os centros sanitarios ubicados no barrio da Residencia polo traslado ao HULA, estamos vendo como no ano 23 ao final de ano abrimos as portas porque creo que o señor Rueda foi cauto aí e dixo "non imos inaugurar nada ata ver se funciona ou non funciona porque de feito as deficiencias así estamos vendo agora como pois se quedan sen luz o outros tal".

Por esa premura en carácter preelectoral querer poñer en funcionamento os distintos funcionamentos.

E tamén lle din unha cousa. Se esperamos preto de 14 anos podemos esperar un mes máis, pero que se abra con total garantías e seguridade, como debemos de facer e actuar desde as administracións.

Pero dicíalle que, dende o ano 2011 que goberna o Partido Popular xa se falaba dende o 11 ao 18 non se fixo absolutamente nada, malia que eses espazos da Residencia xa estaban baleiros. Pero non se fixo absolutamente nada. Nun acto de precampaña naquel momento por parte do señor Feijóo fixéronnos esa presentación desa infografía, que algunha parte se está cumprindo e outras non.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Os drons non están en funcioanmento... Ben, a Comisaría desapareceu de alí. Iso non foi decisión nosa. Quen distribuiu eses espazos foi a Xunta de Galicia, como moi ben se dixo.

É certo que poñía unha partida de 500.000 euros, pero isto si que é un déjà vu, porque cando ves esas partidas porque... 100.000 euros eran inicialmente, que era para proxectos segundo expoñía o señor Barreiro.

É un déjà vu os orzamentos da Xunta, os 500.000 euros ano tras ano do plan Paradai, que seguen sen executarse cando se poden executar xa, pero seguen sen executarse.

Tamén é certo, ou non é menos certo que vostede dixo que iso non era prioritario para vostede nin para o seu partido a finalización do Plan Paradai, despois de empezar no ano 99.

Co cal non vale de nada, porque desde que eu son alcaldesa, eses 500.000 euros aparecen todos os anos nos orzamentos para inflar cifras e dicir canto investimos en Lugo, pero que despois non se materializan nin se executan.

Polo tanto, esa ubicación da Residencia foi unha ubicación que deu o Partido Popular e o propio Partido Popular descartouna.

E ante esa situación, estamos agora noutro momento que é buscar unha posible ubicación, pero non se confunda, señora Candia, estes temas xa estaban en axenda e xa estaba na axenda política. De feito, eu xa tiven reunións co comisario saínte, con Chema, tiven xa conversas co comisario provincial entrante, co señor Romera. E xa lle puxemos tanto ao saínte como ao entrante estas alternativas enriba da mesa. E puxemos o do Castiñeiro porque imos facer esa permuta coa Xunta de Galicia porque imos poñelo nós a disposición, cando o puido ter feito vostede directamente como alternativa, agora que se suma esta engádega á nosa proposta pois parécenos moi ben, pero xa o puido facer directamente, incluso como a permuta, aínda non está materializada, xa o puido facer vostede directamente, pero non, queren non perder valor patrimonial.

Pero nós, por aras de buscar unha ubicación para a nova Comisaría, pois perdemos ese valor patrimonial, porque o poñemos a disposición dos cidadáns, co cal non se perde.

E a Xunta podía ter ese mesmo criterio. Está a tempo, dado que esta engádega vai nesa liña pode se quere e ademais podía facela de maneira inmediata. Mañá mesmo poñela a disposición do Ministerio pois eses terreos e así xa non teríamos que formalizar previamente esa permuta. Co cal é unha oferta que lle lanzo se ten

realmente esa vontade e así axilizaría tamén tempos nese eido, senón en todo caso este concello, tal e como se comprometeu, porá a disposición.

Porque, evidentemente, non compartimos a ubicación do edificio existente porque, como moi ben lle dixó, ou moi ben se lle dixó aquí no pleno, é dicir, os únicos pisos que están infrautilizados son os que dependen da Xunta de Galicia.

Os que dependen do Ministerio teñen actividade e teñen oficinas que están en funcionamento, co cal xa esa proposta está condicionando a terceiros, co que supón despois... Non empezariamos esa rehabilitación ata non sabemos cando porque primeiro hai que buscar unha nova ubicación. E xa digo, coa súa proposta está afectando a decisións de terceiras administracións, mirado tamén por outra banda, como fixeron tamén co cuartel de San Fernando cando quixeron desviar a conversa e empezar a falar dun Parador Nacional aí onde hai unha demanda social para realizar o cuartel de San Fernando. O Museo da Romanización no cuartel de San Fernando.

Pero, en todo caso, máis aló desa afectación a terceiros, que, evidentemente, non compartimos, porque terá que ser a quen lle corresponde entón quen tome a decisión, é unha pena que teñan edificios infrautilizados como poden ser eses pisos, como pode ser o propio centro de APSNAIS, que, por moito que lle pedimos que o dedique incluso para asociacións no ámbito social, pois teñen infrautilizado e non fan nada cando teñen, aí si, a única competencia vostedes, para poder darlle esa solución.

Pero as necesidades, son necesidades de espazos suficientes, acondicionados para... Non só a inmediatez, senón a futuros o propio aparcamento, que xa están falando que se viñan para aí terían que utilizar o que están utilizando dependente neste momento da Deputación Provincial, ou a propia galería de tiro, que é algo que demandan, porque carecen dela. E de feito temos un convenio asinado coa Policía Nacional para que poidan facer uso da galería de tiro da nosa Policía Local, e alí sería moi complicado, pois, ao mellor albergar unha propia galería de tiro.

Polo tanto, cando falamos de infraestructuras novas, plantexar unha idea ou un proxecto que xa nace mermado e xa nace con deficiencias, pois a verdade que non sería o máis competente. Comparto tamén o que dicía. É certo que as instalacións de hoxe da Policía Nacional non cumpren coas necesidades, e créanme tamén que as coñezo ben, por desgracia, non no ámbito profesional coma a miña compañeira, pero si no ámbito persoal, onde tiven que pasar unhas horas nun calabozo tamén por certos anónimos que foron aparecendo por certas cuestións que saíron e se puxeron enriba da mesa, que coñezo ben as dependencias nese eido e ata ese punto. E non cumpre coas condicións que necesita hoxe unha comisaría moderna e de futuro.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Polo tanto, non nos corresponden a nós tomar a decisión. Se o propio Ministerio porque lla farán chegar igualmente, o ve viable, nós non temos nada que dicir. Para nós, para o Concello de Lugo non é a situación idónea por distintos motivos xa mencionados e, polo tanto, nós seguiremos coa nosa proposta de poñer a disposición terreos que temos en Abella ou os que teremos en futuro no Castiñeiro, a non ser, reitero, que xa a propia Xunta de motu proprio, por iniciativa e porque realmente está comprometida coa comisaría, lle faga o ofrecemento directo e, polo tanto, formamos trámites e os veciños de Lugo tamén llo agradecerán.

Imos entón votar a proposta do Partido Popular.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

TESOURERÍA

14/149 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2023.

En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de outubro de 2023, coa numeración 115/2023 a 124/2023.

Do 01 ao 30 de outubro de 2023 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2023/T030/000118	Resolución Tesourería Retroacción procedemento constrinximento MARCOS LÓPEZ MOSTEIRÍN IBI/23	2023/115	09/10/2023
2023/T030/000119	Resolución Tesourería TORRE DE NUÑEZ CONTURIZ SL: Deixar sen efecto providencia de constrinximento liquidación 11271823 do ICIO e Taxa pola prestación de servizos urbanísticos	2023/116	10/10/2023
2023/T030/000120	Resolución Tesourería Manuel Rodríguez Vázquez: Deixar sen efecto providencia de	2023/117	13/10/2023

	constrinximento e dilixencia de embargo SS Taxa pola prestación de svos de mercados 2016-2018		
2023/T030/000121	Resolución Tesourería Recurso reposición providencia de constrinximento TALAL INVESTMENTS 2016 SLU IAE 2019 e 2020	2023/118	17/10/2023
2023/T030/000122	Resolución Tesourería Recurso reposición dilixencia de embargo HIMAFEL SA en relación Taxa de auga 2021/22	2023/119	18/10/2023
2023/T030/000123	Resolución Tesourería Recurso reposición providencia de constrinximento Mª PILAR NUÑEZ PARADA taxa auga	2023/120	20/10/2023
2023/T030/000124	Resolución Tesourería OSTEOMAS: Deixar sen efecto providencia de constrinximento da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas e declaración responsables nas aperturas de establecementos en Estrada da Granxa, 38 Bx 4, nº recibo 10815999	2023/121	20/10/2023
2023/T030/000125	Resolución recurso reposición dilixencia de embargo ANGEL LOPEZ LUGILDE (IAE, 1T/2018)	2023/122	25/10/2023
2023/T030/000126	Resolución Tesourería recurso de reposición providencia de constrinximento MANUEL MENDEZ RODRIGUEZ (Liquidación 11158087 do Expte. 2022/I010/000043)	2023/123	25/10/2023
2023/T030/000127	Resolución Tesourería ZAIRA DAPENA CASTRO: Deixar sen efecto providencia de constrinximento recibo 10805645 da Taxa da Escola de Música 1T Curso 2021/22	2023/124	26/10/2023

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**15/150 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE
CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023.**

Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, **DÁSELLE CONTA** ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao terceiro trimestre de 2023 emitido pola Tesoureira Municipal en data 31 de outubro de 2023 e que literalmente di:

“ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

- *Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debida comercial no sector público.*

- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).*

- *Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL).*

- *Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*

- *Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira -LOEYESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica

9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do periodo legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramente de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o deveño automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de setembro de 2023, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No terceiro trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 1.298 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 17.467.156,27 euros. De ditas facturas, 697 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 9.694.845.49 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 53,70% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 55,50% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No terceiro trimestre do ano 2023 realizouse o pagamento de 1.298 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 17.467.156,27 euros. De ditas facturas, 601 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 7.772.310,78 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 46,30% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 44,50% do total pagado.

3. Período medio de pago.

O período medio de pago (PMPE) é de **72,11 días**.

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de setembro de 2023 1.718, que representan un importe global total de 11.573.217,47 euros.

Das anteditas facturas, 700, 4.525.028,52 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 1.018 restantes, 7.048.188,95 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **132,80 días**.

6. Xuros de demora.

Durante o terceiro trimestre de 2023 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

Periodos de PMP incluídos	PMP (días)
Xullo 2023	18,80
Agosto 2023	15,77
Setembro 2023	10,22

CUARTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

QUINTO. Os datos do terceiro trimestre 2023 seguen a reflectir unha ralentización no procedemento de tramitación das facturas que levou a un empeoramento dos datos e a un incumprimento de novo dos prazos de morosidade trimestrais; neste trimestre o PMPE se incrementa, aumentando tamén o PMPP respecto ao trimestre anterior.

A porcentaxe do número de facturas pagadas dentro do prazo legal mantense similar e o importe total pagado en prazo diminúe respecto ao trimestre anterior, acadando un total de 691 facturas por un importe de 9.694.845,49 euros.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno

da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como unha melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas. Sen embargo, **a situación actual do contrato, vencido e en reparo,** está a alterar de novo os datos de morosidade.

Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente.**

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días, o que pon de manifesto que durante o terceiro trimestre de 2023 non existiu un problema de liquidez nin imposibilidade financeira ningunha que impedira poder afrontar os pagamentos municipais dentro do período medio de pago. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a aprobación das facturas ata o seu pago efectivo, o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.**

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas.

SEXTO. Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no terceiro trimestre de 2023 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade”.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

16/151 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023.

En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2023, remítese información ao Excmo. Concello Pleno da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2023, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, segundo anexo que obra no expediente.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

17/152 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2023/G004/000999).

En conformidade co informe do vicesecretario accidental, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 11 de outubro de 2023, coa numeración 8935/2023 a 10300/2023, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2023.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 278/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE IMPULSE UN PLAN DE CARREIRA PROFESIONAL PARA OS MÚSICOS DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA.

Visto o escrito presentado polo referido grupo que é do seguinte teor:

No mes de setembro deste ano o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba unha iniciativa a pleno para que o concello de Lugo impulsara un plan de carreira profesional para os músicos da Banda Municipal de Música e estableza un complemento transitorio para os mesmos.

Dous meses despois da celebración desta reunión plenaria o mesmo grupo municipal eleva a pleno un rogo para solicitar que se adopte dito acordo.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Señora Candia, si. Tres minutos

-**MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ben, como seguro recordarán, no mes de setembro este grupo fixo unha proposta para a que tiña un obxectivo claro: a recuperación da banda, pero máis importante, se cadra, era o recoñecemento dos dereitos económicos dos compoñentes da mesma, non?

Nese pleno, e hoxe reproducíoo, pedíamos que se impulse un plan de carreira profesional para os músicos da banda municipal e que estableza o complemento transitorio para os mesmos.

Dous meses despois desta celebración de pleno, non houbo ningún avance nin teñen ningunha información positiva ao respecto. Si me gustaría facer unha matización, toda vez que hoxe no punto 1 da orde do día aprobamos a acta dese pleno do mes de setembro, no que nas valoracións, no discurso final que sempre nos acostuma a alcaldesa a puntualizar as intervencións dos seus compañeiros e a intentar, por suposto, limitar a nosa intervención cando xa non temos marxe, fixo unhas aportacións en donde nesa petición de complemento transitorio os equiparaba á entrega de sobres.

Cónstame, e así ademais nolo trasladaron nas reunións que tivemos cos representantes dos traballadores, que esa comparativa molestou, non? Creo que todos os grupos, incluído o Partido Popular, condenamos todos os actos de corrupción que vostede quixo recordar tamén nesta sesión plenaria, e, por suposto, nos opoñemos á mesma, pero creo que é moi incorrecto equiparar unha demanda dun traballador que pide un complemento ao que considera que ten dereito, intentei explicalo no debate desta sesión plenaria de setembro, e dígoos tamén hoxe, cobran unha cantidade inferior á que lle corresponde por titulación, por responsabilidade e, por suposto, polo posto que están desen pensando, non.

E creo que esa reivindicación, creo que é absolutamente xusta. Poderase aceptar ou non, pero creo que é absolutamente defendible, nunca debe de ser comparada cunha práctica que foi condenada e que todos queremos olvidar da historia dos partidos políticos e da actividade pública a todos os efectos, e creo que non é xusto que se faga esa comparativa cos traballadores.

Aproveito este pleno e toda vez que, efectivamente, primeiro pensei que interpretara mal, pero queda perfectamente recollido na acta deste mes de setembro.

Así que si que lles prego que, por favor, insten un plan de carreira profesional para os músicos da Banda Municipal de Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, o concelleiro de Persoal.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Non deixa de sorprenderme día a día.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Agora tráenos a este pleno un rogo que, leuno ao principio enteiro, agora ao final só leu unha parte, que di que se adopte o acordo de impulsar un plan de carreira profesional para os músicos da banda municipal, que estableza un complemento transitorio para os mesmos. Ten razón que se cumpren dous meses daquel pleno ordinario corresponde ao mes de setembro, na que vostede presentou unha proposición xusto nos mesmos termos.

Pero a que xoga? Non se lembra que alí quedou patente a predisposición desta Concellería de Economía e Recursos Humanos, que despois foi refrendado pola alcaldesa como figura tamén nese acta que vostede menciona, o compromiso do goberno municipal para estudar e impulsar esa carreira profesional? Alí tamén se dixo que para facer iso había antes que dar uns pasos previos cos procesos selectivos que están en marcha e a análise e a actualización da RPT.

Pero se se trata dun problema de memoria o que vou dicir a continuación é todavía máis sorprendente, porque amosou o seu interese en afondar en temas que xa foron tratados e xa foron votados, porque non se lembra que nese pleno se presentou a proposición e a mesma foi rexeitada?

Sabe cal é o argumento? Que unha parte da proposta é ilegal. Que ese complemento non está contemplado en ningún sitio? Pero non me diga que se esqueceu tamén de que nese pleno intentou retirar... modificar e retirar unha parte desa moción en contra do regulamento que rexe o pleno?

É que eu empezo a ler e non sei que pensar. Leo. Hai xusto unha semana na prensa. "El PP pide al gobierno que cumpla con el acuerdo de la banda". "El PP ha aprovechado la celebración de Santa Cecilia, patrona de los músicos, para reclamar al gobierno local que cumpla con el acuerdo del pleno para mejorar las condiciones de los miembros de la Banda Municipal de música". "Este acuerdo, que se aprobó en setiembre, incluye que se impulse un plan de carrera profesional para los músicos de la banda y que se establezca un complemento transitorio para los mismos, según recordó el Grupo popular, dos meses después sigue sin darse ningún paso al respecto".

Ou se trata dun erro dos profesionais da comunicación ou é que vostedes teñen interese en verter falsedades públicamente, porque o único acerto é o feito de que ese acordo non existe.

Ese acordo non existe. E van agora e piden nos mesmos termos que se tome e se adopte ese acordo.

Desde logo, vai ser difícil que nós poidamos poñernos do seu lado cando o que piden segue sendo manifestamente ilegal.

Ademais, xa para rematar a miña intervención, voulle dicir as palabras dunha compañeira súa de partido: "Non todo vale". Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Certo, o acordo non existe porque para iso ten que ser aprobado en pleno, e tal e como se dixo naquel pleno, existe o compromiso como lle acaba de dicir de seguir impulsando a carreira profesional, non así de establecer, entre tanto, ese complemento transitorio, porque estamos falando dun complemento ilegal.

Pode despois facer o símil da corrupción ou da malversación ou de sobres para que nos entendamos todos no eido coloquial, pero a verdade é que legalmente non se pode facer ese complemento transitorio, por moito que sexa lícito que os traballadores queiran cobrar máis polo desemprego da súa función.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 279/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO TRÁFICO RODADO NA PARTE SUPERIOR DO CARRIL DAS FLORES.

Visto o escrito presentado polo referido grupo que é do seguinte teor:

O grupo municipal do Partido Popular, a propósito das imposibilidade de cumprir coa disposición do tráfico rodado na parte superior do Carril das Flores disposta despois da intervención na súa parte superior, onde se eliminou a posibilidade de acceso para os veciños residentes na rúa, formula NOVAMENTE, despois de terse solicitado na correspondente comisión, o seguinte ROGO a PLENO:



Tramo do Carril das Flores, onde se contemplan dous sentidos simultáneos de paso rodado

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023



O tráfico con sentido de subida e baixada non é quen de coincidir a un tempo con dúas ringleiras de automóviles aparcados ás beiras. **Compre solucionar esta imposibilidade, non estando solucionada coas intervencións practicadas.**

DELIBERACIÓN

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Pois vou eu tamén tratar de facer esa labor, igual que os meus compañeiros, de fiscalización e de crítica que o señor o concelleiro Fernández lle otorgou lexitimidade o que é así certo, efectivamente.

Este tema que traemos agora é un tema que xa se ten tratado na comisión correspondente e que non se solucionou, polo que en resposta ao compromiso asumido cos veciños e coas súas demandas traemos agora ao pleno.

A actuación levada a cabo na parte alta do Carril das Flores é unha máis doutras que cargadas de boas intencións, seguro, rematan sendo un problema que antes non existía.

Hai varias que poden incluírse neste grupo. Semella que é un tanto inxenuo que se poida pensar que se o desexamos con suficiente forza acabará sendo realidade, pero a realidade non sempre funciona así.

Gustaríame dicir que unha boa xestión é aquela que, dende o meu punto de vista, supoño que o compartirán, identifica un problema ou unha necesidade. Primeiro unha necesidade real que non ten que ser inventada, que estuda todas as posibilidades que teñen para intervir, que prevé os efectos que cada unha delas pode xerar a posteriori e que escolle a solución que resolve o problema ou satisface

a necesidade, pois posiblemente ou desexablemente sen efectos indesexados, ou no caso de que existan, que sexan os mínimos posibles.

Para a nosa tranquilidade os fabricantes de medicamentos operan dende sempre así. E iso é unha garantía para nós. Neste caso, como noutras intervencións puntuais do goberno local, semella que non se fai deste xeito, non hai unha planificación previa e integral facendo punto a punto illadamente, pois se eran dificultades e problemas que non se prevían nun principio.

Este é un exemplo e tamén me gustaría dicir que tamén me sorprende dende o meu punto de vista non moi afortunadas as palabras da alcaldesa, no derradeiro pleno extraordinario no que amosaba non comprender que unha xestión que reduza o tráfico rodado e o seu aparcamento en vía pública ten que vir acompañada dunha solución para aqueles usuarios que precisan de estacionamento para os seus vehículos que antes o tiñan e que agora deixan de ter.

Quero dicir que non é máxica, que a xestión non é maxia, é xestión. É solucionar un problema sen que necesariamente teña que aparecer outro posterior.

Parecerá increíble que se poida facer así, pero realmente creo que é cuestión de traballo. É cuestión de traballo conseguir que iso se poida acadar e se acade. Neste caso que estamos traballando, elimínouse o sentido do descenso sen prever consecuencias e houbo que modificalo para darlle acceso aos supermercados se non teño mala información.

Despois xurdiu un problema de convivencia de ambos sentidos para acceso aos garaxes e resolveuse cuns bolardos que non eliminaron a posibilidade de aparcarse, co que os usuarios piden con crecente malestar que se desfaga o feito ou, en todo caso, que se prevea unha solución para solucionar os efectos indesexables.

E iso é o que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo, grazas. Por parte do goberno, señor Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Pois, efectivamente, nós non estamos a favor de incrementar coches en zonas que preferimos que teñan menos tráfico e que son a entrada a Lugo do Camiño Primitivo.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Porque todo o seu discurso constantemente é ese. Deixen pasar todos os coches que o mercado se autorregula. Non é certo, hai que ter unha serie de normas para intentar evitar que os vehículos atallen e utilicen isto dunha maneira non acorde co fin desa obra.

É a entrada do Camiño Primitivo, xunto con outras obras que se fixeron nese mesmo Camiño Primitivo, na entrada en Lugo, ás que tamén poden acceder, efectivamente, os veciños, como por aí poden acceder aos vecinos, pero que non é unha zona de atallo.

Entón eu sei que o revisten sempre dunha maneira, pois, que intentan envolver dunha maneira moi boa, pero que están completamente en contra das zonas peonís e das zonas de acceso peonil e por outros métodos diferentes ao vehículo. E levan así todo o mandato. No anterior e neste.

Entón, nós consideramos que unha zona que hai que incluso a futuro e sen esperar moito, descargar de vehículos o máximo posible porque é a entrada en Lugo do Camiño Primitivo.

Agora estanse dando pasos e séguense avaliando as necesidades dos vehículos aí porque si que é certo que unha serie de veciños e garaxes e garantirlles o seu acceso, e así o conseguimos.

Se máis adiante, que se está mirando, houbera que retirar unha fila de aparcamentos, vaise facer e estase valorando de maneira seria, porque o importante é que os veciños non imos destruír os seus garaxes, evidentemente, nin van desaparecer, pois hai que darlle servizo e iso prioritario.

Pero o resto, o resto dos lucenses, e o mellor para Lugo, nós coidamos porque sexa unha zona residencial e de acceso ao noso patrimonio.

Xunto coa Mosqueira tamén agora reformala e peonalizala, que entendo que tampouco queren que por aí se atalle, que o resto dos veciños que non sexan de Lugo, que non sexan veciños dese tramo.

Terase en consideración de todas maneiras calquera mellora que poidamos facer.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 280/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE GARANTICE A COBERTURA DAS PRAZAS DE CONSERXE DE FORMA INMEDIATA.

Visto o escrito presentado polo referido grupo e que é do seguinte teor:

O pasado 24 de maio a Sra. Alvarellos, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, por aquel intre firmaba o decreto de APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO DA CATEGORÍA DE CELADOR/A CEIP. Un decreto que recolle unha relación de 870 demandantes de emprego para esta categoría profesional, como pode comprobarse na páxina web municipal.

Nos últimos tempos o Concello de Lugo ven sendo noticia por ter os centros escolares sen conserxe durante longos períodos de tempo por falta de cobertura de baixas ou xubilacións, o que amosa unha importante falta de previsión polo responsable da área de educación, que en casos previsibles, como pode ser a xubilación dos traballadores dos centros non toma as medidas precisas para que se cubra a praza de forma inmediata.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un **ROGO** a **PLENO** para que se adopten as medidas precisas para garantir a cobertura das prazas de conserxe de forma inmediata.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular, si, señor Vázquez.

- **JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** ...este rogo, debido a que, efectivamente, pois as prazas de conserxes se cubriron. Por unha banda, non sei se coñece a situación que se deu esta mañá no Colexio das Gándaras, onde o pasado luns se incorporou ao centro o conserxe que estaba cunha xubilación e, sorprendentemente, esta mañá se presentou alí unha traballadora para cubrir esa baixa. O cal, pois, non sei, di pouco, polo menos, do que é, pois, a organización.

Pasando ao rogo en concreto, un decreto que recolle unha relación 870 demandantes de emprego para esta categoría profesional, como pode comprobarse na páxina web municipal. Nos últimos tempos ven sendo noticia, como digo, que tanto o Colexio de Rosalía de Castro como o Colexio das Gándaras pois están sen conserxes ou estaban neste caso sen conserxes. Un deles durante un prazo dun mes e algo e outro durante dous meses.

Alegrámonos, obviamente, pois de ter corrixida esta situación en beneficio dos propios alumnos, dos propios pais, dos propios docentes. En definitiva, da comunidade educativa, porque eso fai que, loxicamente, redunde na calidade e na equidade dos nosos alumnos e dos centros.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Dende o grupo municipal animámoslos a traballar para garantir as necesidades básicas para o normal funcionamento dos centros e, dende o grupo municipal presentamos este rogo a Pleno para que se adopten as medidas precisas para garantir a cobertura das prazas de conserxe de forma inmediata cando sexa preciso e non ter que agardar tanto tempo para a cobertura das mesmas en claro prexuízo da comunidade educativa no seu conxunto. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas e grazas. Por parte do Goberno, señor Permuy.

- **ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Si, ten vostede razón. Tivemos un erro. Hai unha mestura entre dous centros, había unha baixa tamén no Menéndez Pelayo que hai que cubrir. Erro que xa está solventado neste momento.

Vou empezar polo final do rogo. Di que se adopten medidas precisas para garantir a cobertura dos postos. Xa o estamos facendo. Outra cousa é que ás veces os prazos se alonguen máis do preciso non sempre, e seguro que non é, por non iniciar os trámites no momento inicial, senón que as situacións poden ser diferentes. Pode haber que facer trámites presupostarios no medio antes de finalizar a contratación, etcétera. Intentamos que sexa o máis áxil posible, pero non sempre pode ser así.

Non fai falta que me recorde que temos bolsas de traballo, pero non só de categoría de conserxes. Nós traballamos todos os días con elas. Hai moitas máis categorías que tamén teñen bolsas de traballo para as substitucións, que, por certo, como no rogo sen mesturan baixas por enfermidade e vacantes por prexubilacións, as bolsas de traballo non poden ser empregadas para os chamamentos para cubrir as vacantes que se producen.

Falan de falta de previsión dos responsables en casos previsibles de xubilacións. Nesta categoría en concreto, neste momento non está prevista ningunha nos próximos anos. Iso si que o analizamos. Hai unha traballadora que está xa en idade de xubilación, que pediu a prórroga, en tanto non solicite con tres meses de antelación cambiar a súa situación, non temos que tomar ningunha medida, estamos pendentes delo.

O resto dos traballadores ningún está en idade de xubilación aínda. Tentamos adiantarnos ás situacións, cousa que no caso das baixas por enfermidade non é posible.

Falaba de que saímos na prensa. Se preguntase, en lugar de lelo na prensa, igual se decataría de que aos tres días de solicitarse a cobertura desa praza de conserxe no Rosalía de Castro por unha baixa por enfermidade, ou todos os pais e nais dos cativos que alí están, reciben unha notificación da directora a través da plataforma Abalar, da que vin algúns pais que ven que iso non é certo e me fan chegar, na que di que vai suspender a partir do mércores e xoves... Vai suspender as actividades escolares, logo que leva meses sen cobertura dun conserxe.

Se me preguntase, pois igual sabería que levamos catro días e poderíalle explicar cales eran os trámites que que estabamos levando.

Creo que a lóxica iría por aí se do que se trata é de mellorar. E xa digo, aínda que están sen cubrir as baixas nos primeiros días, nós tomamos decisións alternativas, como é desplazar a un dos ordenanzas que temos traballando no centro para que faga a apertura e o peche de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Finalizou o seu tempo. Moitas grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 281/2023 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS COMPENSATORIAS PARA OS COMERCIANTES E PROFESIONAIS DO CENTRO HISTÓRICO, CON MOTIVO DAS OBRAS QUE SE ESTÁN A REALIZAR NA ZONA.

Visto o escrito presentado polo referido grupo e que é do seguinte teor:

A anunciada prolongación no tempo das obras correspondentes á repavimentación das rúas do casco histórico vai a coincidir coa campaña de Nadal do pequeno comercio, prexudicando a súa accesibilidade e mesmo a súa visión dende o exterior.

O grupo municipal do PP solicita, mediante o **ROGO** que se presenta ante a **Pleno** que corresponda, a disposición de medidas compensatorias para os comerciantes e profesionais (que tamén serán requiridas no pleno municipal de carácter extraordinario que se ten solicitado).

Unha destas medidas pode pasar pola disposición (nos valados dispostos polas construtoras) de lonas impresas cos logotipos e/ou a imaxe corporativa dos locais que se ven ocultados ou dificultados na súa visibilidade e/ou acceso, de xeito que sexan doadamente identificados e a contorna urbana mellore o seu aspecto.

DELIBERACIÓN

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Non intervén ninguén? Ah, si. Señora Carballas, tres minutos.

- **MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias, alcaldesa. Todos los que estamos aquí somos plenamente conocedores de la situación que tienen los comercios en las calles que están actualmente en obras y por ello no voy a contarlo nuevamente en la exposición de motivos.

En este ruego no estamos siendo repetitivos como se dijo. No es una cuestión de desorden o desorganización porque non se habló antes de ellos. Supongo que es porque no se leyeron la documentación del pleno o a lo mejor ni se molestaron en leerse el ruego.

Lo que pedimos en este ruego es una medida directa, sencilla y fácil de aplicar.

Una medida de poco coste. Una medida que creemos que es justa para los locales que están ocultos tras las vallas por las obras.

Lo que estamos pidiendo es simplemente que se coloquen unas lonas en las vallas con el logotipo, la imagen corporativa o la imagen del escaparate para que la gente que pase por allí pueda ver los comercios que quedan ocultos.

Muchos negocios se pusieron en los bajos precisamente para tener más visibilidad. Los escaparates son la cara visible de las tiendas. Es un posible primer acercamiento con el cliente. Es donde se muestran los productos o los servicios que ese negocio ofrece.

Está comprobado que los escaparates pueden aumentar hasta en un 70% las visitas al interior del negocio y en un 23% las ventas.

La visibilidad de estos escaparates, insisto, ha quedado nula desde hace meses por las vallas. Por ello, traemos este ruego aquí.

Les pedimos una medida sencilla y rápida a aplicar que puede ser muy beneficiosa para los comercios, para el pequeño comercio local.

Desde el grupo municipal del Partido Popular traemos este ruego a Pleno para que tomen en consideración la colocación de lonas con los logotipos o imagen corporativa para que se les dé visibilidad. La visibilidad que les está impidiendo las vallas desde hace meses. Muchas gracias

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, señor Repetto.

- **MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN:** ... pretende colocar diante de los establecimentros. También le pregunto. ¿Que hai comerciantes de primeira y de segunda? Porque también estamos en obras en otros barrios. ¿Qué hacemos? Entónces esa es la cuestión. Lo que yo creo es que no saben ni lo que llevan elevar al pleno. Porque son los mismos puntos. El tercer punto de acuerdo de la proposición es practicamente el mismo, con la diferencia de esa lona de este ruego que eleva al pleno.

Entónces les pido seriedad y responsabilidad a las cuestiones que elevan aquí al pleno. Una firmada por la señora Candía y otra por firmada por el señor Cabarcos.

Bien, por lo tanto como consejo, hace falta una mesa. Está claro, pero una mesa para ustedes para ponerse de acuerdo que elevan y que no y la seriedad y la rigurosidad para este pleno, nada más.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Sen ter en conta que non se dá ningún suposto legal para ningunha indemnización.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 282/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA MEMORIA-PROGRAMA PARA A DECLARACIÓN DA CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA NOS BARRIOS DE A MILAGROSA E FEIJOO.

Visto o escrito presentado polo referido grupo cuxo texto é do seguinte teor:

O pasado día 3 de novembro de 2023, rematou o prazo para a achega, por parte da empresa contratada para a súa redacción, da memoria-programa necesaria para a declaración da contorna residencial de rehabilitación programada (ERRP) nos barrios de a Milagrosa e Feijoo na cidade de Lugo, realizado baixo o amparo do contrato asinado, en Lugo, o 3 de febreiro de 2023, da que o grupo municipal do PP solicitou (pero aínda non obtivo) acceso e copia da mesma.

Dado que o documento xa obra en poder da administración local, e corresponde agora a súa tramitación para a declaración da contorna residencial de rehabilitación programada (ERRP) e unha futura obtención de axudas para a rehabilitación de carácter enerxética das edificacións sitas na devandita contorna, o grupo municipal do Partido Popular, con motivo das expectativas xeradas a propósito das futuras devanditas axudas, formula a seguinte PREGUNTA A PLENO:

Cales son as seguintes tramitacións administrativas para as que se contratou a devandita Memoria-Programa e cales son as datas previstas asociadas a tales tramitacións?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, por parte do Partido Popular, señor Cabarcos, Dous minutos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Ben, esta pregunta contestouse xa case en parte na prensa local de onte e na rolda de prensa que deron antonte porque nós realmente tiñamos solicitado unha copia da memoria-programa que xa sabíamos que estaba en prazo de terse entregado no Concello e non tivemos acceso a ela e seguimos sen ter acceso a ela.

Pero... á raíz da publicación en prensa local, pois algo xa imos sabendo de datos estadísticos que contan nese documento, pero pouco.

Dá a impresión de que se trata dunha fuxida cara adiante, porque realmente vendo a hemeroteca, se volvesen presentar o mesmo que se presentou no ano 2011, 2014, 2015, 2017, pois sería un pouco ridículo.

Entón pois decidiron que en vez de levar a cabo unha tarefa de rehabilitación do barrio da Milagrosa, pois agora imos poñer todo patas arriba a base de infografías que, por certo, tamén me gustaría darlle os parabéns aos fabricantes de pavimentos e infografías e aos creadores de infografías porque están no tempo e no sitio, sen dúbida ningunha.

Entón o que queríamos dicir é que estamos moi pendentes de coñecer os datos diso e tamén as datas e as actuacións previstas, porque sabemos que a renovación de fiestras, illamento de fachadas ou mudas de calefaccións non van ser suficientes para dar satisfacción á expectativa tan grande que se xerou no barrio e que non vai colmarse con esta intervención.

Pero, claro, a aposta dobrouse, non, se triplicou e agora mesmo, agora xa imos levantalo todo, facer soterramentos, prantar árbores por todas partes e mudar o pavimento completo.

Entón realmente as expectativas son moito maiores, así que estamos desexando saber cales son os plans inmediatos, a maiores das infografías, loxicamente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Por parte do goberno, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** ...as seguintes tramitacións administrativas para as que se contratou a devandita memoria-programa. O seguinte vén no Real decreto que a regula. Polo tanto ía remitirille o Real Decreto que regula porque non vou ler e o Real decreto para vostede.

Pero xa vexo que non quere... O que si queiro é matizar unha cousa. Entregouse en prazo o traballo o día tres. Eu contestei a unha solicitude de vostede para velo. Poñíao, como estamos poñéndoo sempre, ou polo menos nos meus departamentos mandouse xa o venres ás 9 da mañá para que non se interrompa o traballo, pero como o servizo de arquitectura na reunión que tivemos cando xa se nos presentou viu determinados erros.

Pediuse que se corrixisen eses erros, comuniquéille ao grupo municipal do Partido Popular que non... Porque fan meter unha serie... Non lle fá dar algo que se fá modificar. E despois volveuse notificar que... Para o venres que vén. Non recordo agora, polo tanto, sempre cumprindo os prazos legalmente establecidos para darlle acceso, que son moi importantes.

Non dicir "non se me deu acceso". Non, foi por unha razón e ademais explicouse e foise advertindo. Entendo que hai un pouco, non sei como... Que escoce un pouco.

Vin na prensa... Non é ambicioso, non é nada ambicioso por parte da voceira... Veña que non e ambicioso e agora parece que é moi ambicioso. Parece que agora incluso é demais. Iso xa se verá. O que está claro é que se presentou un proxecto que contou cun diagnóstico da situación demográfica e social de todo o ER, un programa de actuacións a realizar, a programación máis ou menos temporal que se vai facer. Todo de acordo coa lexislación e no seu momento cando sexa resolto, pois se iniciarán todas as solicitudes por parte dos interesados, que, por certo, son moitos e é un barrio que necesita unha relación moi importante. Por iso somos tan ambiciosos.

Por iso o primeiro que teñen que facer é poñerse de acordo se somos ambiciosos ou non somos ambiciosos porque as contradicións son constantes. Son constantes.

Eu creo que vostede mesmo non sabía, por exemplo, que a proposición anterior a firmara vostede, porque lle vin a cara, señor Cabarcos.

Entón, póñanse de acordo. Moitas grazas.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 283/2023 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A MATROA.

Visto o escrito presentado polo referido grupo cuxo texto é do seguinte teor:

La matrona representa un elemento de valor histórico y cultural para la ciudad de Lugo. La escultura original es una parte significativa de nuestro patrimonio artístico y arquitectónico.

La restauración y la exposición de la matrona no solo contribuirían a preservar nuestra herencia cultural, sino que también enriquecerían la experiencia de los ciudadanos y visitantes, al destacar la importancia de la escultura en la identidad y la historia de Lugo.

A día de hoy, seguimos sin tener información actualizada sobre el estado de la matrona original y les recuerdo que está bajo su administración, por lo que levamos las siguientes a PLENO

Bien, entonces les hago la pregunta directa, ¿dónde está? ¿En qué estado está? Y, ¿qué piensan hacer con esa pieza?.

Repito la pregunta, ¿dónde está?, ¿en qué estado está? y, ¿qué piensan hacer con esa pieza?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Si, señor Gallego.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Si, bos días, señora presidenta. La Matrona representa un elemento de un valor histórico y cultural para la ciudad de Lugo. La escultura original es una parte significativa de nuestro patrimonio artístico y arquitectónico.

La restauración y la exposición de la matrona no solo contribuirían a preservar nuestra herencia cultural sino que también enriquecerían de experiencia la de los ciudadanos y visitantes al destacar la importancia de la cultura en la identidad de la historia de Lugo.

A día de hoy seguimos sin tener información actualizada sobre el estado de la Matrona y le recuerdo que está bajo su administración.

Con fecha del día 18 del 2015 se publicaba que la iban a restaurar. Bien, una vez dicho esto hago la siguiente pregunta y la hago directa: ¿Dónde está, en qué estado está y qué piensan hacer con ella? Y repito la pregunta: ¿Dónde está, en qué estado está y qué piensan hacer con ella? Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do goberno, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Está aquí. Repito, está aquí. Está en dependencias municipais. Repito, está en dependencias municipais. No seu momento... No seu momento restaurarase. Está inventariándose, por certo, restaurarase. Hai moitas cousas para restaurar cando haxa orzamentos determinarase a orde desas restauracións e determinarase. Repito. Está en dependencias municipais a bo recaudo.

Pero o que me sorprende é esa pregunta. Onde está a Matrona? Que importante é a Matrona, que eu non lle vou a quitar valor histórico e artístico, señor Gallego, nin moito menos. Ademais gústame. Concretamente gústame. Porque así xa a ven máis grande, porque normalmente non a vía.

Gústame. Gústame, pero que pregunte pola Matrona e non pregunte por todos os restos arqueolóxicos que estamos recollendo día a día, día a día, día a día. Sabe de quen son responsabilidade eses restos? De recollelos, custodialos... A Xunta! E sabe onde están? Iso si que vostede non o sabe. Quere que llo diga. Mire, a lexislación di que teñen que estar no museo máis cercano a onde se encontraron.

Así empezaron a depositarse no Museo Provincial. O Museo Provincial desbordouse. Entón a Xunta de Galicia mandou que fose no Museo do Castro de Viladonga. Desbordouse.

Nós ofrecemos o Vello Cárcere. Desbordouse. O noso arqueólogo e todos os arqueólogos teñen nas súas casas... Imaxínense. Iso si que é deixadez.

Por iso estamos pedindo continuamente o Museo da Romanización. Os arqueólogos nas súas propias casas.

A Xunta cunha deixadez absoluta, absoluta, das súas funcións e dos seus deberes.

Polo tanto, que pregunten hoxe pola Matroa e non pregunte por todos os restos arqueolóxicos milenarios cun valor incalculable que ninguén se preocupa deles é vergoñento.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Máis de 15.000 pezas almacenadas.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 284/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ELABORACIÓN DO DOCUMENTO REFUNDIDO DO PXOM.

Visto o escrito presentado polo referido grupo cuxo texto é do seguinte teor:

O acordo do pleno do 27 de abril de 2023 en relación ao PROXECTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL incluía no seu punto cuarto: "Elaborar, con posterioridade á realización dos anteriores trámites, un DOCUMENTO REFUNDIDO comprensivo do proxecto aprobado pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) do 29- 04-11 (DOG nº 94 do 16-05-11) e o documento agora aprobado definitivamente ao que fai referencia o parágrafo primeiro deste acordo. Unha vez elaborado será remitido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) para o seu debido coñecemento e oportunos efectos".

Unha vez constatado que a documentación aprobada, que reempraza naqueles ámbitos que sufriron cambios á ata o de agora suspendida, presenta incongruencias coa outra que permanece en vigor, o que conleva que no seu conxunto sexa contraditoria e inconsistente, por elo é necesario e urxente que se cumpra á maior brevidade co punto cuarto do acordo plenario, que tamén se recolle entre as condicións do informe da DXOTU de data 21 de setembro de 2022 no que informouse favorablemente a proposta municipal, para elaborar e remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un DOCUMENTO REFUNDIDO e por elo é preciso coñecer as seguintes cuestións o que se traslada ao PLENO:

- a) Déronse as instrucións ao equipo redactor para que proceda á redacción deste DOCUMENTO REFUNDIDO?.
- b) En que data prevé o equipo de goberno que este DOCUMENTO esté listo e poda ser remitido á Consellería para a súa publicación?
- c) Mentres tanto, como ten previsto o goberno municipal solventar as incidencias que se presenten en relación coas contradicións que presenta o documento aprobado?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do goberno... Señor Cabarcos. Dous minutos.

- **RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Bueno, este rogo é para que dende o goberno municipal se xestione a obriga que ten de que se faga un documento refundido coa aprobación do 5% recente e o resto da documentación.

É un compromiso que xorde da aprobación en pleno, do rexistro e publicación pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e que para os seus propietarios, os veciños e técnicos como podo ser eu, pois é unha garantía para que non haxa confusión e documentación que, de feito, ten contradicións coa que existía. E en si mesmo hai erros que deberían de ser clarificados e postos nun documento definitivo que poida ser de consulta para todos con seguridade.

E iso é o que solicitamos. En que momento podemos ter ese documento?

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois por parte do goberno, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Por suposto, iso está nun acordo plenario e ademais xa o fixemos, que se ía facer ese texto refundido porque é lóxico. O primeiro para nós, porque para traballar no servizo de Arquitectura e Urbanismo necesitan ese texto refundido e se está a elaborar, o equipo redactor xa está traballando con el, recibindo ademais do servizo municipal de arquitectura todas as instrucións precisas para o efecto.

Farase á maior brevidade posible, que este documento refundido, creo que é importante, vostede o sabe, evidentemente. Pero hai xente que non o sabe e convén que se diga. Non é un requisito de eficacia do 5%, porque parece que o texto refundido parece que un requisito de eficacia. Non, o 5% está en vigor, polo tanto farémolo á maior brevidade posible.

Pero tamén quería preguntar, ao igual que pasou coa Matroa pasa aquí. Ui, que preocupación hai agora polo 5%. Durante moito tempo estivemos aguantando pedradas, zancadillas, paus nas nosas... Ata o punto de contacto debido como é a inscrición non se inscribía, e houbo que facer aquí unha reunión. É dicir, hai que inscribir. Porque pode ter unhas consecuencias. Hai que inscribir. E agora mesmo a Directora xeral saíu dicindo: "vaise inscribir inmediatamente".

Despois de todo iso agora teñen unha preocupación... Teñen a ousadía de ata ir a explicalo. Eu vin fotos. Van ata explicalo. Pero non só iso. Van explicar tamén as consecuencias, as bonificacións, por exemplo.

Onte vía no xornal que propoñían facer bonificacións... Eu falaba coa xefa de servizo de Facenda e estaba espantada. Espantada, dicía. Non coñecen a lexislación, a lei de Facendas locais. Están propoñendo algo... Claro, ese é o problema. Van por aí.

"Si, si, vostede pode facer isto. Nada, vanlle bonificar." E despois veñen aquí e dicímoslles. Non, isto non se pode facer por esta lexislación, por esta lexislación... Non. Aviso. Eu sei que vostede non vai, pero ao que vai. Quero advertilo. Quero advertilo, porque é dunha ignorancia ir alí a dicir cousas que non son.

Mire, a pregunta que había que facer, que é moi importante, é por que a Xunta no ano 2012 suspendeu a aprobación de 67 núcleos... 67 núcleos rurais. E resulta que só 12 núcleos deses 67 estaban afectados.

Como lle van explicar iso? Que a Xunta suspendeu 67 cando só 12, cando só 12, como se ve agora no 5% están afectados. Esa é a verdadeira pregunta que hai que facer e hai que informar aos vecinos, pero diso xa nos encargaremos dende o goberno.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 285/2023 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA INCLUSIÓN DO CONCELLO DE LUGO NO PROXECTO ESTATAL VIOGÉN.

Visto o escrito presentado polo referido grupo cuxo texto é do seguinte teor:

Dado que a día de hoxe o Concello de Lugo segue sen estar adherido ao VioGén, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO as seguintes preguntas:

1. Cando se vai incluír á cidade de Lugo no proxecto estatal de VioGén?
2. Cando as vítimas contarán cos recursos e a protección policial axeitadas contra este tipo de maltrato?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do Partido Popular. Si, señora Goás. Dous minutos.

- **AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** No pleno do 27 de xullo do ano 2023 presentamos na Comisión do Grupo Municipal do Partido Popular unha pregunta que realizara o noso grupo noutros plenos noutras comisións de diferentes gobernos, todos eles formados polo PSOE e polo BNG.

O resultado foi o mesmo ao largo de todos estes anos para perplexidade e consternación nosa, non se actúa como debería de facer un goberno que vostedes reivindicán sempre como progresista e como feminista.

Non se protexe ás mulleres nin ás vítimas de violencia de xénero nin aos seus fillos cos mecanismos dos que dispoñemos. Polo tanto, volvemos preguntar: Cando se vai incluír a cidade de Lugo no proxecto estatal do VioGén?

Cando as vítimas contarán cos recursos e coa protección policial adecuada contra este tipo de maltrato?

Cando a plantilla da Policía Local vai ser o suficientemente potente para poder asumir este custo personal de protección das vítimas, mulleres e fillos?

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Por parte do goberno, señora Abelleira.

- **ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** En primeiro lugar, quero empezar a miña intervención lamentando o titular de novo de dúas posibles vítimas no día de hoxe en Valencia e despois direi se é casualidade ou non... En Valencia, de dúas vítimas máis posiblemente da violencia machista.

En primeiro lugar, inventouse unha pregunta, porque a min o que me chegou foron dúas preguntas... Non, non a borro. É que se utilizan... Dúas preguntas ás que vou dar resposta.

A adhesión do VioGén está seguindo os pasos que lle corresponden. Se non o coñecen poden consultalo no Ministerio de Interior, porque despois da solicitude que xa temos realizado, os acordos previos e a formación, faltan unha serie de fases que non dependen en exclusiva do Concello de Lugo, senón de moitas outras administracións e no momento que se finalicen eses procedementos completarase a adhesión definitiva.

A súa segunda pregunta, pois mire, lévame, porque ademais fixo unha introdución que tampouco recolle na pregunta formulada a facerlle outra vostedes.

Cando van abandonar o negacionismo da violencia machista? Porque será nese momento cando as mulleres esteamos máis protexidas. O apoio á ultradereita no seu discurso negacionista, fuxir dos actos reivindicativos, dificultar as medidas de prevención e desatención quitando recursos dos que a ata agora tiñan as mulleres e dende onte o señor Bádenas, de Valencia, non é baladí o que dixen ao principio... De Valencia, que di que a culpa da violencia machista é porque veñen os inmigrantes de fóra a traer esa cultura patriarcal.

En serio?! En serio?! Dende logo que hai que mellorar, porque a situación é sonxorraxe e vergoñenta. Pactar coa ultradereita lexitimiza a violencia e pon en risco a vida das mulleres.

O discurso, ese discurso, ten un efecto directo na sociedade, que o publicita sen pudor, que o normaliza e o peor é que está afondando na mocidade e en tódolos sectores sociais. Que incluso ata nos fan dudar dos recursos existentes.

Fágolle a pregunta: quen ten que protexer ás mulleres?

Están a ser o Xudas das mulleres. Igual así me entenden mellor en termos relixiosos. Negan, apoian o negacionismo e chaman á negligencia, porque din que a pensan, que a desarman, que din entendela, pero para iso hai que ser partícipes do recoñecemento da violencia machista.

Negar a súa existencia é perigoso, porque non soamente causa dor, causa dano e en moitos casos irreparable.

Volvan ao consenso anterior, volvan. Negar a violencia é violencia. Negar, pretendendo argumentar e razoar, é negacionismo e enrocarse nesa idea, como fixo na súa anterior intervención a señora Carballas, que non creo tampouco que fose casualidade, indecorosamente faltando á verdade nun programa de igualdade, xustamente de igualdade, faltou á verdade, xerando manipulación, prexuízos e o peor de todo, invisibilización, creando máis humillación para quen a sofre, máis vergonza, máis desconfianza e falta de credibilidade.

Repararon niso? Porque eu creo que se pensasen niso non estarían sendo cómplices da ultradereita.

E si, volvo ao principio. As mulleres estaremos máis protexidas cando non sexan partícipes do negacionismo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Pasamos entón ao seguinte punto, secretario.

Auséntase da sesión don Antonio Ameijide Osorio.

D) TRÁMITE DE URXENCIA

A Presidencia, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, sinala que como o seguinte asunto (18/153) non se ditaminou na Comisión correspondente, debe prodecerse a votar a urxencia da propia proposta.

Efectuada a votación da urxencia do asunto, acádanse os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

Aceptada a urxencia do asunto, pola unanimidade dos vinte e catro membros presentes, éntrase no fondo do asunto:

18/153 PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS MEDALLAS DE OURO DA CIDADE ANO 2023.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da alcaldesa presidenta, do 23 de novembro de 2023, do teor literal seguinte:

“Exp. 2023/G004/001020: Concesión das Medallas de Ouro da Cidade de Lugo, ano 2023

A Medalla de Ouro de Lugo é a máxima distinción que o Concello outorga a entidades ou á cidadanía. Por iso, o regulamento da súa concesión fixa que deben recibir este galardón "persoas que teñen atribuídos méritos verdadeiramente extraordinarios", o que así se pode considerar na figura das propostas elevadas

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

pola Alcaldía.

Nesta liña esta Alcaldía quere recoñecer a importancia que para o desenvolvemento cultural, identitario, comercial e económico da nosa cidade supón a concesión do título de Festa de Interese Turístico Internacional para a festa Arde Lucus, entregando a Medalla de Ouro de 2023 ás asociacións culturais de recreación histórica participantes na festa e que aunaron o seu esforzo ao do Concello de Lugo ao longo destes últimos 20 anos para conseguir esta distinción.

Dende o inicio do Arde Lucus o número de participantes foi incrementando exponencialmente ano tras ano, pasando de 12.000 visitas nos primeiros anos, a 50.000 no ano 2005, duplicando este número no ano 2006, e rondando os 600.000 visitantes que se estiveron mantendo nos últimos anos.

Unha das características diferenciadoras do Arde Lucus é a participación activa da cidadanía lucense, ben sexa a título individual ou formando parte do tecido asociativo da cidade, que independentemente do sector que representen (educativo, cultural, social, económico ...) contribúen coa festa, estas sinerxías favorecen así mesmo a mesma implicación das persoas visitantes doutros puntos de Galicia, de España e do estranxeiro.

O Arde Lucus foi acadando recoñecementos, premios e condecoracións dende o ano 2009, neste ano, a revista nacional "Fiestas para viajar y conocer", o Arde Lucus alcanza o 4º posto, por diante de festas moito máis veteranas, como as Fallas de Valencia, Carthagineses y Romanos, as Guerras Cántabras, etc.

A partir de abril de 2011, Arde Lucus posee a declaración de Festa de interese turístico de Galicia, alcanzando no ano 2017 o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Nacional.

No ano 2022 otorgaronlle ao Arde Lucus o galardón Tourism Women Friendly dentro da categoría "Destino", promovido pola organización "Mujeres para el Diálogo y la Educación (MDE)", polo protagonismo das mulleres na festa e, en particular, pola visibilidade das mulleres castrexas.

É neste ano en curso, e antes da celebración da súa 22ª edición, é nos prazos mínimos esixidos para poder presentar a candidatura, cando o Arde Lucus acada o título de Festa de Interese Turístico Internacional.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

Así, en cumprimento do disposto no artigo 3 do Regulamento Especial para a concesión da Medalla de Ouro do Concello de Lugo e visto o informe do Instrutor do expediente, esta Alcaldía proponlle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do acordo de conceder as Medallas de Ouro da Cidade as seguintes asociacións:

- Cohors III Lucensium
- Tir Na N'Og
- Asociación de castrexos e romanos de Lucus - LLug "Terra Copora"
- Lugdunum
- Caetra Lucensium
- Civitas Lucensis
- Trebas Galaicas
- Senatus de Lucus Augusti
- Lucus Equites
- Guardia Pretoriana
- Mercenarios Galaicos
- Salesiani Luci Augusti
- Asamblearias de Lucus Augusti
- Vestais de Lucus Augusti
- Clan de Breogán
- Pax Romana
- Ara Roma
- Kertix
- Lucus Icenas Miliatori

O compromiso destas 19 asociacións e dos máis de 900 membros que as compoñen co Arde Lucus, e polo tanto coa nosa cidade, é innegable, así como, a súa contribución á consecución do título de Festa de Interese Turístico Internacional, non só polo traballo que realizan ao longo do fin de semana da festa, senón pola ardua tarefa de investigación que levan a cabo durante todo o ano para que as propostas que se trasladan a cidadanía sexan o máis fidedignas e co máximo nivel e calidade posible.

A proxección acadada pola festa a nivel peninsular e europeo non sería a mesma sen a participación destas asociacións, en festas ou eventos de recreación histórica que teñen lugar por toda España e en varios lugares de Europa.

A nivel nacional as asociacións lucenses levan o nome do Arde Lucus e da cidade a maioría das festas de recreación histórica que se están a celebrar actualmente: Friulio (Friol), Astures e Romanos (Astorga), Natalicio de León, Guerras Cántabras

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

(Los Corrales de Buelna), Cartagineses y Romanos (Cartagena), Terra de Romanos (Montefurado), Vicus Spacorum (Vigo), festa do Esquecemento (Xinzo de Limia), Vulcanalia (Soria), Ludus Bergidum Flavium (Cacabelos), ..

Así e como a eventos históricos e culturais que se realizan en museos e xacementos arqueolóxicos: Festival de Historia Viva (Gilena), Ciadella (Sobrado dos Monxes, castro de San Cibrao de Las (San Amaro),

A nivel europeo cabe destacar a participación no festival de recreación Roman Apulum en Rumanía ou no desfile Natale di Roma, na cidade italiana.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** conceder as Medallas de Ouro da Cidade as seguintes asociacións:

- Cohors III Lucensium
- Tir Na N'Og
- Asociación de castrexos e romanos de Lucus - LLug "Terra Copora"
- Lugdunum
- Caetra Lucensium
- Civitas Lucensis
- Trebas Galaicas
- Senatus de Lucus Augusti
- Lucus Equites
- Guardia Pretoriana
- Mercenarios Galaicos
- Salesiani Luci Augusti
- Asamblearias de Lucus Augusti

- Vestais de Lucus Augusti
- Clan de Breogán
- Pax Romana
- Ara Roma
- Kertix
- Lucus Icenas Miliatori

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois dándolle paso agora ao debate ten en primeiro termo a palabra a concelleira Paula Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa. Como todos sabemos, a medalla de ouro da nosa cidade é a máxima distinción que ten este Concello que outorga ás entidades e á cidadanía, tal e como di o seu regulamento, que establece sempre que se trate de persoas posuidoras de méritos verdadeiramente extraordinarios. Di este regulamento do ano 58.

Neste ano 2023 a nosa alcaldesa, seguindo o articulado deste regulamento, vén a propoñer a esta corporación municipal outorgar estas medallas 2023 a 19 asociacións romanas e castrexas de recreación histórica, pola súa contribución decisiva para que o Arde Lucus fose declarado como Festa de Interese Turístico Internacional.

Como tamén sabemos todos, estas 19 asociacións propostas con máis de 900 membros teñen un compromiso firme non só coa festa en si, senón tamén coa nosa cidade. Traballan de forma infatigable, non só nas festas, senón durante todo o ano. E dende hai máis de 20 anos, recreando con fidelidade as orixes da nosa cidade. O esforzo destes colectivos e o seu traballo de investigación foron determinantes para que se conseguise este distintivo internacional e con el o éxito e proxección a nivel non só galego ou nacional, senón tamén internacional, da nosa festa e, por ende, tamén da nosa cidade.

O que comezou no 2001 como unha aposta decidida deste concello para nun primeiro momento, incentivar o sector do turismo e a hostelería do centro, así como para recuperar o noso pasado histórico, exportando unha imaxe positiva e cordial, non só do municipio, senón dos propios lucenses, non tardou moito en converterse

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refª: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

nunha festa de recreación histórica de referencia, cun compoñente identitario, cultural, lúdico e dinamizador social e económico.

Dende entón e ata o de agora, en que foi declarada Festa de Interese Turístico Internacional, o éxito e proxección do Arde Lucus é innegable, mais a súa consolidación e prestixio vén da man do esforzo, dedicación e cariño de todas as persoas que traballan para que así sexa.

Por elo, este concello quere facer un recoñecemento especial para que, sen dúbida, o ano 2023 sexa lembrado como o ano do Arde Lucus e dos seus artífices.

Como dicía ao principio, a medalla de ouro da cidade é a máxima distinción que dá este Concello que pode outorgar a aquelas persoas que teñan atribuído méritos verdadeiramente extraordinarios en prol da nosa cidade.

E quen mellor, quen pode discutir, que mellor que estas 19 asociacións, estas persoas implicadas, estes veciños e veciñas para ser galardoados coa máxima distinción da cidade.

Esta tarde celebraremos con todos eles este momento tan entrañable e de recoñecemento dunha labor tan nobre e produtiva para a nosa cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Bloque Nacionalista Galego, o seu portavoz, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Eu simplemente moi breve para darlle os parabéns ás asociacións do Arde Lucus por todo o traballo que fixeron durante estes anos, non só na propia festa, senón todo o traballo previo que, dende logo permitiu que esta festa fose un referente. Entón darlle os parabéns e o recoñecemento desta cidade que, dende logo, si que o merecen.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Partido Popular. Si, señor Gallego.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Pues sí. Nuestro apoyo sin fisuras. Estamos de acuerdo en otorgar la medalla de oro de la ciudad a las asociaciones de Arde Lucus y nos sumamos a este reconocimiento.

Es más, en un tema tan relevante como son las medallas de oro de la ciudad, consideramos que deberíamos consensuar los premiados. El grupo mayoritario al que yo pertenezco representa a la gran mayoría de los lucenses y debería tener voz y voto en un tema tan importante.

Si realmente estamos convencidos y sabemos que el trabajo de estas asociaciones es que deben ser apoyadas por su labor, hay que ir más allá. Están bien los reconocimientos, pero hay que hacer algo más. Y FITUR nos brinda una oportunidad inmejorable para hacerlo, para atender sus demandas y demostrar el apoyo sin fisuras del Concello.

Un ejemplo sería incluir la participación de estas asociaciones en la programación de la Feria de Turismo que se lleva a cabo en las instalaciones del IFEMA, al ser esto un evento de proyección internacional y conectar con un público más amplio.

No solo resaltaríamos su labor local, sino que también abriríamos nuevas oportunidades para la promoción turística y cultural de Lugo.

Este enfoque holístico no solo se traduciría en un respaldo más allá de las palabras, sino que también reforzaría el compromiso del Concello con la cultura, el turismo y la prosperidad de la comunidad lucense. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte... Señora Alvarellos. Tres minutos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Voulle ler o artigo 6 do Regulamento de Creación e Concesión da Medalla de la muy amable y muy ciudad de Lugo do ano 1958.

“Estas distinciones serán concedidas por el Excelentísimo Ayuntamiento en pleno, - por eso lo vamos a votar- por votación favorable de la mayoría absoluta legal de los miembros de la Corporación, previa propuesta del Ilustrísimo señor alcalde presidente.”

Bueno, en este caso, alcaldesa presidenta, pero en el año 58 no se podía pedir más.

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1433219958974278851.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2023

Yo, que yo sepa, que yo sepa, señor Gallego, aquí no se recibió ninguna propuesta de su grupo municipal. Que yo sepa, eh. Tendrá que preguntar en otros sitios. Podían hacerlo, podían pedirlo. Podían hacer una propuesta. Que yo sepa, no se recibió absolutamente nada.

Lo hacen en otras cousas como puede ser el pregonero de las fiestas, del San Froilán, y tal. Aquí no hubo ningún tipo de propuesta.

Se utilizó el reglamento del año 58, conforme corresponde. Creo que no hay duda que todos y todas estamos de acuerdo en que se le conceda ese reconocimiento.

Y, en todo caso, sí, lo que recuerdo es que el día 31 de octubre... El día 31 de octubre se comunicó en la Junta de portavoces a la portavoz. Como se nos comunicó a todos, pero la propuesta, según el reglamento, es del excelentísimo presidente alcalde. Es decir, nuestra alcaldesa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ.** Por parte... Non? Pois segunda quenda para o portavoz do Partido Popular.

- **AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Señora Alvarellos. Desde el Partido Popular seguiremos haciendo hincapié en la importancia del apoyo a las asociaciones de Arde Lucus. Más allá de una promoción local, la Feria Internacional de Turismo amplía positivamente y fortalece las oportunidades de demostrar la riqueza cultural y turística de Lugo.

Consideramos que la participación en este tipo de eventos es clave para visualizar y proyectar Lugo en un escenario más amplio.

Nuestro total apoyo y convicción a la propuesta y al reconocimiento de las asociaciones en las medallas de Oro. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Creo que hai unanimidade por toda a corporación de facerlle entrega ás asociacións... Ah, perdón!

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Gallego, desculpe de contestarlle ao de FITUR, pero eu creo que me vou remitir ao que sae e ao que declarou xa o concelleiro responsable da área de Xuventude, pero parece que viven noutro mundo. Porque en Fitur xa leva anos facéndose iso. Precisamente o ano pasado xa foi máis aló. Xa non só foi por Fitur, senón que incluso foi polas rúas. Saiu en tódolos telediarios, en tódalas cadeas, en tódalas revistas... E que non sei se viven en Lugo ou onde viven. Na lúa.

Pero tampouco quero profundizar máis nisto. Simplemente voume remitir ás palabras que están na prensa hoxe e en todas as radios, o concelleiro responsable. Pero dende logo, en FITUR xa se fai.

Están pedindo cousas que xa se están a facer. É máis, somos moito máis ambiciosos. Imos moito máis aló. Conseguimos que desfilasen polo centro de Madrid, con toda complicación.

Polo tanto, están pedindo unha cousa que, de verdade, xa está feita.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Si, moitas veces, nestes casos as experiencias falan por si soas, porque a FITUR tense ido en distintas ocasións con distintas representantes.

Incluso a concelleira González Abelleira e o concelleiro Mauricio Repetto non só foron como responsables de xuventude cando lles tocou asumir esas responsabilidades, senón que foron caracterizados tamén á presentación do Arde Lucus en FITUR.

E seguirá sendo así e seguirémolo facendo e o ano pasado fíxose, deuse ese paso a maiores e a repercusión foi moitísimo superior, moito máis superior á que puido ser a do propio recinto ferial e, por distintas causas, que evidentemente non toca aquí analizar, porque creo que hoxe non debería ser este debate.

Paréceme ben que queiran facer propostas. Para iso teñen preguntas, rogos, proposicións. Pleno tras pleno, preguntas nas comisións, rogos nas comisións... Creo que hoxe o que hai que centrar neste punto é o foco nas 19 asociacións, no fito que se conseguiu por esa declaración de Festa de Interese Turístico Internacional nun breve periodo de tempo que é algo inaudito.

Iso, se non hai un traballo, unha rigorosidade, unha implicación de toda unha cidade, activamente nas 19 asociacións, evidentemente non sería posible que hoxe o que aprobamos aquí é ese recoñecemento e sen mérito a esas 19 asociacións que hoxe teremos pois a gran honra pola tarde de facerlle entrega desas medallas,

o máximo distintivo que ten esta cidade, en recoñecemento a ese fito, que ademais creo que nos queda moito por desfrutar aínda do Arde Lucus.

Moito retorno do Arde Lucus, porque o feito de ser declarada Festa de Interese Turístico Internacional, non só consistente en ter un diploma que poidamos colgar nunha parede, senón que iso implica unha proxección internacional máis aló da que ten, porque xa ten, e tamén grazas ás propias asociacións e, polo tanto, buscando esa proxección internacional, esa difusión do Arde Lucus, pero, en definitiva, da nosa historia, do noso pasado, da nosa cidade, con aras a ter aínda un futuro mellor.

Así que dende aquí que llelo diremos pola tarde, parabéns a toda unha sociedade lucense, parabéns ás 19 asociacións que estamos tremendamente satisfeitos de poderlles entregar esa medalla de ouro institucional da nosa cidade.

Reincorpórase á sesión don Antonio Ameijide Osorio.

E) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLA CELEBRACIÓN DO DÍA DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES O 25 DE NOVEMBRO (Exp. 2023/G004/001029).

O Excmo. Concello Pleno, con motivo do Día da eliminación da violencia contra as mulleres, formula a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL seguinte:

Como cada 25 de novembro, desde esta institución sumámonos a conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. O Concello de Lugo quere deixar patente o seu firme rexeitamento ante as múltiples formas de violencia exercidas contra a muller e os seus fillos e fillas. Mostramos a nosa absoluta repulsa fronte as agresións físicas e psicolóxicas de todo tipo e tamén ante as diferentes condutas que atentan contra a muller polo simple feito da súa condición.

Consideramos que desde esta administración é necesario continuar co arduo traballo que se está a realizar nos últimos anos para combater esta lacra que afecta á sociedade de forma xeneralizada e que ten múltiples manifestacións ás que é necesario poñer coto para evitar as súas terribes consecuencias. No estado español, segundo a última macroenquisa de violencia contra a muller, 1 de cada 2

mulleres sufriu algún tipo de violencia por razón de xénero.

Desde o 1 de xaneiro de 2003, data na que se empezaron a contabilizar as mulleres asasinadas vítimas de violencia xénero, foron asasinadas no estado español 1.237 mulleres. Este ano 2023 está a ser especialmente grave con 52 mulleres asasinadas no noso país, 2 en Galicia. É esta expresión violenta, xunto coa violencia vicaria, a máis dramática e brutal exercida contra as mulleres, pero existen moitas outras manifestacións que deben ser tamén visibilizadas, denunciadas e combatidas de forma estrutural para acadar unha igualdade real e efectiva.

Este fenómeno, lonxe de ser superficial ou individualizable, forma parte de todo un sistema, o patriarcal, que afunde as súas raíces no máis profundo da nosa historia e que ao longo de séculos mantivo a desigualdade das mulleres como forma de dominación, explotación e subordinación. A violencia de xénero non é só unha violación dos dereitos humanos, senón que constitúe un serio obstáculo para o desenvolvemento dunha democracia plena dado que a igualdade entre mulleres e homes está no corazón mesmo de calquera forma de sociedade libre; é condición sine qua non para comunidades igualitarias.

Neste sentido, a Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero marca un punto de inflexión en España, por canto que define de maneira precisa a natureza e características da violencia de xénero, diferenciándoa do resto de formas de violencia igualmente execrables, prodúzanse tanto no ámbito privado como no ámbito público.

Pola súa parte, a aprobación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en decembro de 2017 por parte de grupos parlamentarios, comunidades autónomas e entidades locais supuxo un novo gran fito para a visibilidade da violencia de xénero, así como para a mobilización de recursos, accións coordinadas e capacidades para facerlle fronte.

Con todo, e a pesar das melloras que trouxeron estes avances, os datos seguen sendo atronadores. Ademais dos 52 asasinatos no ámbito da parella ou exparella, os feminicidios cometidos fóra deste círculo sitúanse na sonroxante cifra de 13 no primeiro semestre de ano segundo as estatísticas da Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero. Isto sucede nun contexto político onde as opcións negacionistas, desde as súas áreas de xestión pública, inician un preocupante proceso de recorte de recursos destinados a combater este problema social,

arrastrando así na súa deriva as forzas políticas coas que gobernan.

Ante esta ameaza, é preciso renovar o compromiso de todos os grupos municipais desta Corporación a rexeitar e condenar calquera intento de dar marcha atrás nesta loita, xa sexa a través de normativas, redución de efectivos e recursos ou a eliminación de conceptos como o de violencia machista. Por este motivo, xunto coa expresión da nosa máis fonda dor pola situación que sofren tantas mulleres vítimas e as súas familias, solicitamos unha aposta firme e sen fendas de todos os partidos políticos representados no noso Concello para continuar a traballar xuntos, diferenzas ideolóxicas aparte, por un Lugo libre de violencia machistas.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Esta Alcaldía en virtude das súas facultades propón, ó Excelentísimo Concello en Pleno, aprobar a Declaración Institucional para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, que foi asinada por todos os/as voceiros/as dos Grupos Municipais do Concello de Lugo.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tal e como se acordou pola Xunta de Voceiros, pois levamos esta declaración institucional neste mes, no mes que conmemoramos o 25N, aínda que temos que ter conciencia todos e todas de que isto é un tema a tratar os 365 días do ano.

O que en palabras da propia concelleira de Igualdade, non se pode fomentar o negacionismo, aquilo que non existe... Aquilo que non se ve, non existe. E aquilo que non existe, non se combate.

E, polo tanto, o negacionismo impide combater unha problemática tremenda que temos na nosa sociedade e vemos como día a día abrimos os titulares as mulleres porque morremos, porque nos matan, porque somos asasinadas.

E só polo simple feito de selo, da man das nosas parellas ou exparellas principalmente, pero hai moitos outros casos que son e levan as cifras de feminicidio a unhas cifras intolerantes.

Así que con esta declaración en aras de seguir traballando por esa igualdade real e efectiva que pasa pola ausencia de violencia expresada na súa máxima expresión no asasinato, pois finalizamos o pleno do día de hoxe.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as quince horas e catorce minutos do expresado día trinta de novembro de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental, dou fe.